



Galicia Sindical

# Galicia Sindical

ESPECIAL

Especial 11.º Congreso - 18 e 19 de maio 2017

Órgano de comunicación do S. N. de CCOO

Estamos nas redes sociais.  
Fai clic e descúbrenos!



twitter.com/ccoo Galicia  
facebook.com/ccoo Galicia  
youtube.com/sncco  
www.galicia.ccoo.es/locais

## 11.º Congreso Nacional de CCOO de Galicia

18 e 19 de maio de 2017  
(Santiago de Compostela)

### DOCUMENTOS PARA O DEBATE:

- Relatorio: páxinas 2 a 19
- Proxecto de estatutos: páxinas 21 a 46

**PRESENTACIÓN**

O 11.º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia celébrase nun contexto de crise económica, empobrecemento da cidadanía e perda de dereitos e liberdades democráticas. A economía medra, pero persisten graves desequilibrios no mercado laboral: o emprego que se crea é pouco e precario, cae a poboación activa e envellece a poboación ocupada, o nivel de paro é insostible e mantense o paro de longa duración. A brecha de xénero permanece inalterada.

A precariedade xeneralízase (emprego temporal, a tempo parcial, salarios indecentes...) e trae consigo o fenómeno da pobreza laboral: ter un contrato de traballo e un salario xa non garante ter unhas condicións de vida dignas porque os salarios non abundan para cubrir as necesidades básicas dunha persoa. A persistencia das situacións de desemprego e a caída da cobertura fan que as situacións de pobreza se fagan crónicas.

Se no anterior Congreso a situación económica era de recesión, catro anos despois podemos dicir que saímos da recesión pero non da crise. E perdemos dereitos e moita calidade de vida que aínda non demos recuperado.

A maioría social foi a gran prexudicada pola crise e polas políticas aplicadas; duras políticas de axuste tanto do Goberno central como do autonómico, coas que se reduciu o gasto público e, con el, o emprego dos traballadores e traballadoras do sector público (con repercusións na actividade económica), recortáronse prestacións e servizos en ensino, sanidade, dependencia servizos sociais...

Non se aplicaron políticas para reactivar a actividade económica nin de apoio aos nosos sectores produtivos básicos: nestes anos vimos agudizarse a crise do sector lácteo, do pesqueiro; tamén nas actividades industriais como o sector naval ou as ligadas ao uso intensivo de enerxía. A desaparición, na metade de lexislatura, da Consellería de Traballo evidencia que a falta de emprego, principal problema do pobo galego, non é unha prioridade para o Goberno da comunidade.

O Goberno galego fixo da redución do déficit o leitmotiv da súa política, pero esqueceuse de facer política de país e de poñer os galegos e as galegas no centro das súas actuacións. Perdemos catros anos de aumentar o noso autogoberno, de utilizar a nosa autonomía financeira para cambiar o devir do país, de lle reivindicar ao Goberno do Estado o remate das infraestruturas comprometidas, denunciar a inxusta distribución do déficit público entre as diferentes Administracións e esixir un novo sistema de financiamento autonómico para recuperar os

ingresos perdidos nos últimos anos.

O balance non pode ser máis nefasto. Galicia non se pode permitir perder outros catro anos. Por iso debemos mudar esta realidade coa nosa acción sindical, coas nosas propostas e mobilizacións. Esas nosas propostas desenvólvense neste Programa de Acción e van dirixidas aos gobernos dos diferentes ámbitos, á patronal e tamén ao noso sindicato; unhas propostas que pasan pola reactivación do crecemento económico, a creación de emprego e o cambio de modelo produtivo. Continuando coas mobilizacións contra as reformas laborais, contra o desmantelamento dos servizos públicos, contra o recorte de liberdades. A estas mobilizacións temos que intentar sumar, non só os traballadores e traballadoras, senón o conxunto da cidadanía. E, sobre todo, desenvolver a acción sindical que nos é propia nas empresas e nos centro de traballo, onde mellor podemos e debemos combater a reforma laboral a través da negociación colectiva.

Neste contexto é imprescindible poñer en valor o sindicalismo confederal, pero tendo en conta a nosa identidade nacional. As propostas que presentamos son axeitadas ao noso ser nacional e reivindicamos o completo desenvolvemento do Estatuto de Autonomía para que responda á realidade económica e social.

Este será o punto de partida do Programa de Acción que agora presentamos e que se debaterá no 11.º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, os días 18 e 19 de maio de 2017 en Santiago de Compostela. Dado que o Congreso se desenvolve conforme a un modelo en que se debaten nun único procedemento os textos confederais, federais e os propios do Sindicato Nacional, de aí que os contidos do Programa de Acción se refiran principalmente ás materias que son competencia do noso ámbito.

En prol tamén da simplificación dos textos, non se incorpora, como parte deste, o documento sobre a situación económica, do emprego e as consecuencias da crise e as políticas aplicadas para combatela, que se utilizou como base para o diagnóstico do acontecido nos últimos catro anos e para o deseño das propostas de actuación, aínda que se publicará de maneira conxunta.

O Programa de Acción é a guía, o plan de traballo de que nos dotamos no Sindicato Nacional para definir a nosa acción sindical nos catro anos que seguen ao 11.º Congreso; estrutúrase en bloques ou eixes de actuación que incorporan unha pequena análise de situación, obxectivos e liñas de actuación.

O texto para o debate pretende ser conciso, partindo en cada tema da análise concreta e obxectiva da realidade actual e

de como nos afecta, para tentar acertar coas nosas propostas e así defender mellor os intereses dos traballadores e traballadoras aos que representamos e o benestar de toda a sociedade galega. Non é unha suma de plans de traballo futuros, senón as prioridades que debemos marcarnos no próximo período.

O Programa de Acción estrutúrase en catro eixes:

No primeiro definimos o papel que o sindicato debe representar na sociedade para impulsar o desenvolvemento pleno do Estatuto de Autonomía, a consecución dun Estado federal e a configuración dun bloque social de progreso na procura dunha sociedade de iguais, máis xusta e máis solidaria.

O segundo bloque recolle propostas con relación a como debe ser o modelo de crecemento de Galicia, onde a recuperación económica ten que vir acompañada da xeración de emprego de calidade, seguro e en igualdade, orientado a un novo patrón de crecemento sustentable. A negociación colectiva debe ter un papel prioritario nese modelo de crecemento para mellorar as condicións dos traballadores e traballadoras, pero tamén para recuperar os dereitos que nos foron arrebatados.

Propoñemos no bloque terceiro actuacións para combater o elevado custo social que tivo a crise para os galegos e as galegas, e renovamos a nosa aposta irrenunciábel pola defensa do estado de benestar e dos servizos públicos.

No último bloque, abordamos como debemos organizar as nosas estruturas para dar unha mellor resposta aos traballadores e traballadoras e ao conxunto da sociedade, e como utilizar de maneira máis racional os nosos recursos humanos e económicos, pois os recortes e a crise non deben paralizar a nosa actividade.

O 11.º Congreso é a oportunidade de actualizarmos propostas e reforzarmos o noso compromiso cos traballadores e traballadoras e coa cidadanía galega para buscar a saída da crise cun sindicato máis forte. Un sindicato aliado coa sociedade para contrarrestar eses ataques que non cesan e que pretenden destruír as conquistas sociais acadadas nas últimas décadas.

**BLOQUE 1: O SINDICATO NA SOCIEDADE**

- 200 Cando se celebrou o anterior congreso  
do Sindicato Nacional, estabamos inmer-  
sos nunha crise que aínda perdura. Esta  
crise, que adoitamos definir como econó-  
mica, trouxo consigo unha longa serie de  
crises adxacentes que afectaron a toda a  
sociedade, con diferentes equilibrios de  
forza que requiren de nós respostas  
tamén diferentes.
- 205 As reformas laborais de 2010 e 2012 fo-  
ron posibles polas imposicións das institu-  
cións políticas e económicas internacio-  
nais, nomeadamente a UE, pola complici-  
dade dos gobernos de España (por exem-  
plo, a reforma do artigo 135 CE) e tamén  
pola incapacidade das forzas políticas e  
sociais –que se reclaman representan-  
tes da maioría social– para dar respostas  
alternativas.
- 210 O desequilibrio a favor das posturas que  
defenden e practican a austeridade, a «des-  
valorización competitiva», o recorte do  
gasto e o reforzamento das posicións em-  
presariais, xunto coa limitación dos con-  
trois de xudicatura e a Inspección de Tra-  
ballo, deixaron as organizacións sindicais  
nunha situación de gran debilidade.
- 215 A negociación colectiva seriamente da-  
nada pola preponderancia dos convenios  
de empresa sobre os sectoriais; as facili-  
dades dadas para as desvinculacións dos  
convenios; a ameaza á ultraactividade; os  
ERE sen control administrativo; as rebai-  
xas ou a práctica conxelación dos salarios;  
a facilidade para despedir; a precarización  
da contratación e a mingua constante de  
protección a quen queda sen traballo; o  
incremento en todos os eidos da desigual-  
dade de xénero: todos son factores que se  
concretan nunha grave contradición entre  
o que debería ser a lóxica necesidade de  
reaccionar reforzando os instrumentos de  
oposición e loita que somos os sindicatos,  
e a –tamén lóxica– reacción de medo a  
perder o pouco que se teña, a desconfiar  
do conflito e buscar saídas individuais ou  
puramente corporativas.
- 220 Esta segunda opción é, en boa lóxica, a  
que impulsaron os poderes económicos.  
Non dubidaron nunca en poñer os medios  
tanto persuasivos (medios de comunica-  
ción) como coactivos (lei mordaza, re-  
forma do Código penal...) para conseguir  
crear desconfianza cara ás organizacións  
sindicais e, en consecuencia, a súa debili-  
tación como parapetos ante políticas agre-  
sivas cos dereitos laborais.
- 225 Se ao anterior lle engadimos os erros  
proprios e tres minguas notables: de afilia-  
ción, de representación e de financia-  
mento de parte da nosa actividades polas  
administracións públicas, este 11.º Con-  
greso do Sindicato Nacional preséntase  
como un reto que nos esixe moito senti-  
do común á hora de tomarmos decisións.
- 230
- 235
- 240
- 245
- 250
- 255
- 260
- 265
- 270
- 275
- 280
- 285
- 290
- 295
- 300
- 305
- 310
- 315
- 320
- 325
- OBXECTIVOS**
- Reforzar a nosa identidade nacional
- Fortalecer a nosa autonomía sindical
- Impulsar o completo desenvolvemento do Estatuto de autonomía
- Promover alianzas coa sociedade civil galega para manter a mobilización social
- Intervir na sociedade e xerar dereitos a través da participación institucional e o diálogo social
- Desenvolver a cooperación sindical nos ámbitos interrexionais
- PROPOSTAS**
- Reforzamento dos nosos principios de identidade:
- Somos e seguiremos sendo un sindicato de clase, que non debe permitir prácticas corporativas como conxunto ou como parte.
  - Somos o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, que forma parte da Confederación Sindical de CCOO, pero con plena capacidade de decidir autonomamente a política sindical que queremos desenvolver en Galicia.
  - Somos un sindicato sociopolítico e, polo tanto, a nosa práctica sindical pretende desenvolverse onde estean en cuestión non só as condicións de traballo, senón tamén de vida das traballadoras e os traballadores.
  - Os tres principios mencionados, xunto con outros que aparecen nas nosas normas estatutarias, conforman a idea precisa do que é CCOO. Deberemos lembrarllos –e o debate congregual axuda– ás persoas afiliadas e aos cadros, e ensinarllos a quen se achegue a nós por primeira vez.
- Achegar os novos valores, para conseguir unha sociedade de iguais, máis xusta e máis solidaria. A solidariedade de clase con todas as traballadoras e os traballadores do mundo ten para nós unha esixencia: mellorar e transformar a parte do mundo onde nos toca vivir.
- A identidade propia que a Constitución lle reconece a Galicia, xunto a Cataluña e Euskadi, debe ter a súa correspondencia na organización da sociedade galega para preservar e encher de contido esa identidade.
- España vive un momento en que a organización territorial (derivada dos equilibrios de forzas na transición da ditadura á democracia e o seu reflexo no texto constitucional) está sendo cuestionada. Galicia non pode ficar á marxe nese debate e o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia tampouco.
- Desde o noso nacemento estamos comprometidos na loita contra a opresión nacional de Galicia. Esa loita, non o esqueza-
- 330
- 335
- 340
- 345
- 350
- 355
- 360
- 365
- 370
- 375
- 380
- 385
- 390
- mos, nunca foi patrimonio exclusivo nin das forzas políticas nin dos sindicatos nacionalistas.
- A repartición dos orzamentos do Estado nun sistema de financiamento autonómico equilibrado que considere a nosa realidade xeográfica, poboacional, cultural e económica, esíxenos, como Sindicato Nacional, contribuírmos a que medre a conciencia de país, para intervirnos en tempo e en pé de igualdade e co resto de nacións e comunidades do Estado na construción dese futuro común que nós queremos federal.
- Nas nosas comarcas e en Galicia, nación con identidade de seu, é onde temos que organizarnos: nas empresas coas persoas en activo e fóra delas; nos nosos locais ou onde for posible, con pensionistas, coa mocidade e con persoas desproteixidas, ben porque non teñen traballo, ben porque o teñen en pequenas empresas sen representación nin presenza sindical, ou porque están instalados na precariedade á que nos trouxeron as políticas económicas neoliberais. É dende Galicia dende onde podemos contribuír á construción da nosa identidade nacional; e sendo parte da Confederación sindical de CCOO, cooperar á construción dese outro mundo posible ao que aspiramos.
- Desde a autonomía de cada organización, reforzar a unidade de acción coa UGT (que temos case institucionalizada) pero tamén coa CIG. As eleccións sindicais, con leves variacións, mostran tres pés firmes que poden manter equilibrado o «banco social» da negociación colectiva. Son tantos os puntos de coincidencia nas análises e propostas, que sería unha irresponsabilidade non unir forzas.
- Institucionalizar o diálogo social como factor de cohesión social e progreso económico e recollelo no Estatuto de Autonomía para que non dependa da vontade política de quen ocupe o poder en cada momento nin do contexto económico. Propoñemos a creación dun Consello do Diálogo Social en Galicia como marco institucional permanente de encontro entre o Goberno galego e os axentes sociais, que sirva para erixir o social en principio reitor das políticas públicas en Galicia.
- Defender a nosa autonomía sindical, a nosa independencia dos partidos políticos, o que non se pode confundir con indiferenza política nin ideolóxica. Somos un sindicato sociopolítico situado no espazo ideolóxico da esquerda, que defende os intereses dos traballadores e traballadoras nos ámbitos laborais e sociais.
- Conformar un bloque social de progreso que contribúa ao cada vez máis imprescindible cambio político en Galicia. O Sindicato Nacional de CCOO de Gali-

- 395 cia ten que ser impulsor do entendemento  
— entre os partidos e obrígalos a que teñan  
— o emprego, ou a súa falta, na cerna dos  
— seus programas. Han ter moi presente  
— que non poden contribuír a debilitar as  
400 organizacións da sociedade civil, nomea-  
— damente os sindicatos; porque os obxecti-  
— vos de cambio lograranse, por forza, do  
— seu reforzamento e da contribución de  
— ambas as partes á conformación deste  
405 bloque de cambio político e transforma-  
— ción social.  
— → Intensificar a nosa intervención nas ins-  
— titucións en todos os niveis que nos sexa  
— posible, ben porque estea recollida legal  
410 ou regulamentariamente, ben porque a  
— reclamemos. As nosas propostas deben  
— chegar a todos os espazos de intervención  
— pública, tanto en organismos estatais como  
— autonómicos e locais, onde se diriman  
415 cuestións de carácter máis estritamente  
— sindical (CGRL, ISSGA, FOGASA...) ou de  
— política social e económica (CES, Consellos  
— sociais das cidades, Consello Galego das  
— Mulleres, Observatorio Galego da Violencia  
420 de Xénero, Consello Galego das Persoas  
— Maiores INSS, SEPE...). En definitiva, es-  
— tarmos presentes aló onde poidamos de-  
— fender mellores condicións de vida das  
— traballadoras e os traballadores.  
425 Mais esa participación sería inservible se  
— non se coñece dentro do sindicato e se non  
— transcende ao conxunto da xente traballado-  
— ra. A falla de información tradúcese no descoñecemento colectivo do que CCOO defen-  
— de e representa. Agacha unha parte impor-  
430 tante do noso carácter sociopolítico, que  
— é un dos nosos sinais de identidade.  
— Debemos intensificar e sistematizar o  
— noso traballo nesta área incidindo en:  
435 ■ Manter actualizado o mapa e direc-  
— torio de participación institucional, así  
— como o apartado de institucional da  
— web do Sindicato Nacional.  
— ■ Elaborar un protocolo de colabo-  
440 ración coas distintas estruturas para a  
— recepción de convocatorias e difusión  
— da información dos organismos de par-  
— ticipación institucional da Administra-  
— ción autonómica.  
445 ■ Crear grupos de traballo sectoriais e  
— federais para sistematizar o traballo insti-  
— tucional, como se vén facendo nalgún  
— caso, por exemplo, os consello sociais  
— dos Centros Integrados de Formación  
450 Profesional.  
— ■ Definir un modelo de transmisión  
— da información ao exterior.  
— ■ Intensificar as nosas relacións cos  
— partidos políticos e o seguimento da  
455 actividade parlamentaria.  
— ■ Establecer mecanismos de con-  
— sulta en ámbitos de relevancia social e  
— económica non cubertos polos organis-  
— mos de participación institucional.  
460 → Contribuír a reforzar a identidade nacio-  
— nal de Galicia: acadar maiores graos de  
— competencias para o Goberno do país,  
— abordar asuntos de fondo calado, como é  
— a construción dun marco galego de rela-  
465 cións laborais que recupere a prelación  
— perdida da negociación colectiva sectorial  
— ou de ámbito galego ou superior sobre a  
— actual dos convenios de empresa, e que  
— poña couto á preponderancia das posi-  
470 cións empresariais e a quebra dos prin-  
— cipios de negociación e boa fe contractual  
— impostas polas reformas laborais dos  
— últimos gobernos.  
— → Esixir o completo desenvolvemento do  
475 Estatuto de Autonomía coas transferen-  
— cias pendentes; adecuar o seus contidos  
— ás novas realidades sociais para contribuír  
— a que a realidade plurinacional configure  
— un Estado federal. Esiximos que a reforma  
480 se aborde desde o máximo consenso  
— político e social.  
— → Incluír no Estatuto unha carta de  
— dereitos sociais para toda a cidadanía, que  
— recolla e amplíe os contidos da Consti-  
485 tución española e a Carta de Dereitos Fun-  
— damentais da Unión Europea. A carta de-  
— bería incluír, entre outros, o dereito a uns  
— servizos públicos redistributivos e xerado-  
— res de equidade, universais e de calidade;  
490 o acceso á vivenda digna, á igualdade de  
— xénero e de oportunidades; a defensa do  
— medio ambiente e a protección do espazo  
— natural.  
— → Potenciar as relacións coas organi-  
495 zacións sindicais das rexións fronteirizas  
— e o traballo no Consello Sindical Interre-  
— xional Galicia Norte de Portugal para bus-  
— car a cooperación, a acción sindical com-  
— ún e o deseño de alternativas industriais,  
— de infraestruturas e de servizos que re-  
500 forcen ambas as partes; e que ser periferia  
— da periferia de Europa deixe de ser unha  
— condena irremediable ao atraso e a  
— desigualdade. A cooperación sindical «trans-  
505 fronteiriza» debe superar a dinámica das  
— usuais reunións simbólicas e empezar a  
— falar e actuar, se for posible cunha soa  
— voz, de industria, transportes, infraes-  
— truturas, cultura, sanidade... As empresas  
510 nunca deixan de facelo.  
— → Desenvolver proxectos no marco da  
— macrorrexión RESOE (constituída por Ga-  
— licia-Castela León, Beiras-Norte de Portugal,  
515 Asturias e a Rexión Centro de Portugal),  
— única en Europa na que non participan os  
— Estados e na que está regulada a partici-  
— pación sindical.  
— → Establecer alianzas coa sociedade civil  
520 para facerlle chegar as nosas propostas  
— ao resto da sociedade e facer visible a  
— necesidade e a utilidade do sindicalismo de  
— clase, non só para a clase traballadora,  
525 senón para toda a cidadanía, colaborando  
— na construción dunha sociedade máis  
— xusta e con maior cohesión.  
— → Consolidar a unidade de acción para,  
— entre todas as forzas sindicais, deter as  
530 agresións contra as liberdades públicas e  
— os dereitos laborais inflixidas polas políti-  
535 cas neoliberais. A defensa dos dereitos de  
— asociación (o medo é o peor inimigo), de  
— reunión, de expresión e de folga, precisa da  
— unidade de acción de todos os sindicatos e  
— a intervención decidida dese bloque social  
540 de progreso que reclamamos.  
— → Superar a cultura empresarial domi-  
— nante en Galicia, asentada nos horarios  
— prolongados; optar por unha cultura de lo-  
— gros ou resultados, de modo que a concilia-  
545 ción non poña en risco a competitividade  
— das empresas nin a produtividade dos em-  
— pregados e das empregadas. Falamos dunha  
— produtividade integral das empresas, na  
— que resulta esencial incorporar modifica-  
— cións estruturais no uso do tempo e dos  
550 espazos de traballo, para que sexan máis  
— acordes coa realidade dos horarios fami-  
— liares e laborais. Ao mesmo tempo, temos  
— que promover políticas de corresponsa-  
— bilidade nas tarefas domésticas e educa-  
555 tivas, para superar esta cultura patriarcal  
— onde prima a división tradicional de roles  
— por xéneros pois, na práctica, significa  
— que, a pesar da incorporación da muller  
— ao mundo do traballo, se continúa sobreent-  
560 endendo que prima o seu papel familiar por  
— riba do produtivo no mercado de traballo  
— (de aí os contratos a media xornada, as  
— peores condicións de traballo, salarios máis  
— baixos por traballos de igual valor, etc.),  
565 mentres que para o home segue a primar o  
— papel de sustentador económico da familia.  
— → CCOO non pode descansar á espera  
— do que fagan os demais. As mulleres e  
— os homes de CCOO temos que poñernos  
570 á fronte nesta batalla desigual en defen-  
— sa do ben común, en defensa de quen  
— precisa de nós.  
575  
580  
585  
590  
595



**BLOQUE 2: AS POLÍTICAS DE CRECEMENTO E EMPREGO. AS CONDICIÓN LABORAIS****MODELO DE CRECEMENTO E EMPREGO**

— Nestes últimos catro anos, Galicia sae da recesión económica pero non da crise. A economía arrastra moitas debilidades, pois medra condicionada en exceso por factores externos e presenta graves desequilibrios en todos os sectores produtivos.

600 — O PIB incrementábase pero a participación da poboación asalariada na distribución da renda diminúe a favor dos beneficios empresariais e non se recuperan os estándares de vida anteriores, a pesar de que se crea emprego.

605 — O emprego creado é pouco e precario, as condicións de traballo peores que anos atrás e a desigualdade, crecente por mor da crise e das políticas aplicadas para combatela, en especial as dúas reformas laborais. Hai menos empresas e, polo tanto, menos emprego; cae a poboación en idade de traballar; o volume de paro de longa duración é insostible e persiste a brecha de xénero. O peor é o encollemento do noso mercado laboral; por un lado, polo envellecemento da poboación e, por outro, porque a xente o abandona ante a nula expectativa de atopar traballo e poder desenvolver un proxecto de vida en Galicia.

610 — A economía galega necesita superar as súas debilidades, saír da crise cun novo modelo produtivo que aposte pola diversificación en sectores de maior valor engadido, que sexa sostible e procure o equilibrio territorial. Unha economía que se afane na creación de emprego de calidade e seguro e que se centre nas persoas.

**OBXECTIVOS**

635 — → A nosa prioridade sindical é a loita contra o desemprego, a creación de emprego estable, de calidade e seguro.

— → Impulsar a saída da crise cun novo modelo produtivo no que gañen peso sectores emerxentes e, ao tempo, se reconfiguren e reorienten os tradicionais cara a novas actividades e estándares de calidade.

640 — → Propugnar a formación profesional como vía imprescindible para a mellora da empregabilidade e da cualificación das persoas e a consecución do novo modelo produtivo.

— → Pactar un contrato social integral que procure unha sociedade igualitaria na que se compartan responsabilidades familiares, traballo e poder, contando cos imprescindibles recursos e infraestruturas de benestar social.

650 — → Colocar a industria como un dos piares do noso tecido produtivo e do noso modelo de crecemento.

**PROPOSTAS**

660 — → O Goberno galego debe reorientar as

— súas políticas cara a unha maior solidariedade e xustiza, distribuindo os esforzos e incorporando medidas de estímulo ao crecemento económico e á creación de emprego de calidade. Para iso precísanse máis ingresos e, para conseguilos, débese avanzar nunha política fiscal máis xusta e redistributiva, utilizando a nosa autonomía fiscal. Cumpriría subir os tipos impositivos para os tramos de renda máis altos, crear novos tributos e reducir as deducións actuais, actuando nas seguintes liñas:

665 — ■ Incrementar os tipos impositivos nos tramos máis altos na tarifa autonómica do IRPF.

670 — ■ Manter o imposto de patrimonio con carácter permanente, e elevar a actual escala de gravame dos seus tipos impositivos.

675 — ■ Aumentar o tipo de gravame do imposto sobre o dano ambiental causado por determinados aproveitamentos da auga encorada.

680 — ■ Crear novos impostos sobre grandes superficies comerciais e sobre vivendas baleiras.

685 — ■ Impoñer un novo imposto ás entidades financeiras por volume de depósitos.

690 — ■ Reforzar o Plan de inspección e loita contra a fraude fiscal.

— → A Xunta de Galicia debe renunciar á austeridade e utilizar o incremento de ingresos como fórmula de mellorar a sustentabilidade das contas públicas sen aplicar recortes e restricións no gasto público. Para isto, debe derrogar antes a Lei de disciplina orzamentaria que limita o teito de gasto e obriga a destinar os ingresos a reducir a débeda.

700 — → Para reactivar a economía e facilitar o financiamento das pemes e micropemes, cómpre redefinir os instrumentos públicos de apoio ás empresas e o tecido produtivo. Son necesarias políticas de estímulo da actividade e investimentos que favorezan a creación de empresas e de emprego de calidade.

705 — → A saída da crise obriga a situar o emprego no centro das políticas: é prioritario crear emprego para as persoas que non traballaron nunca, para as que o perderon e tamén atender as que carecen de prestacións económicas.

710 — → As políticas activas de emprego (orientación, formación e fomento do emprego) deben ter un papel determinante na mellora da empregabilidade das persoas paradas e na cualificación dos traballadores e traballadoras en xeral. Tanto esas políticas como o Servizo Público de Emprego de Galicia que as desenvolve deben dispoñer de máis recursos para ofrecer a atención individualizada a través dos itinerarios personalizados de inserción laboral. O Servizo Público de Emprego de Galicia contará cunha

— participación activa dos axentes sociais e potenciará o papel predominante do servizo público fronte ás axencias privadas de colocación, para as que esiximos o máximo control sobre as súas actuacións.

730 — → Son necesarias accións específicas para as persoas con maior dificultade de inserción ou reinserción laboral, que acometan as súas problemáticas concretas e contribúan a superar a súa situación de desvantaxe: as que están en risco de exclusión social, as afectadas colectivamente por procesos de reestruturación ou deslocalización empresarial, as que teñen discapacidade.

735 — → Elaborar e desenvolver plans integrais de emprego que fomenten a empregabilidade dos mozos e mozas —con especial atención aos que teñen menor cualificación profesional e resultaron máis castigados pola crise— e das mulleres, que aínda manteñen unha situación de desvantaxe no mercado laboral.

740 — → Converter o Observatorio do Emprego nun verdadeiro instrumento de estudo, seguimento e prospección da evolución do mercado laboral, para que os seus traballos orienten as políticas de emprego e formación, co obxectivo de adecualas permanentemente ás necesidades produtivas e sociais.

745 — → En relación coa fraude na contratación e a economía irregular, debemos actuar en todas as fronteas: intensificarmos o control sobre a contratación, facendo seguimento das copias básicas dos contratos, e dedicar especial atención aos contratos formativos, a tempo parcial, bolsas e contrata e subcontratas; demandar á Administración a elaboración dun mapa da economía irregular en Galicia para detectar bolsas de fraude e atender a súa erradicación; reivindicar o papel da Inspección de Traballo como instrumento de vixilancia, de loita contra a fraude e de garantía dos traballadores e traballadoras, sen esquecer revisar a nosa actuación nas denuncias, para mellorar a súa eficacia e o seu seguimento na Comisión Tripartita.

755 — → Esixir a modificación do contrato de traballo a tempo parcial, para que sexa unha opción voluntaria para homes e mulleres, calquera que sexa a súa cualificación e nivel de renda, e que deixe de ser unha forma de subemprego predominante en determinados sectores de actividade, entre colectivos de mulleres e mozas en busca de emprego. Debe ser unha fórmula de redución do tempo de traballo que permita compatibilizar o traballo, o lecer, a formación e a atención das responsabilidades familiares compartidas.

760 — → Pór en marcha políticas de acción positiva orientadas a corrixir a actual segre-

- gación profesional e ocupacional, así como a precariedade e desprotección dos novos contratos.
- → Garantir a participación sindical na planificación, seguimento e avaliación dos plans emprego que desenvolvan as entidades locais, e demandarmos a elaboración dun plan de choque para o emprego local do conxunto das Administracións dirixido ás persoas desempregadas que carecen de prestacións.
- 795 — → Promover a creación de emprego directo e indirecto por parte da Administración autonómica, potenciando os servizos públicos de xestión directa. Eliminar a taxa de reposición e aprobar unha oferta de emprego público que responda ás necesidades reais dos servizos públicos para garantir o seu correcto funcionamento.
- 800 — → Esiximos o mantemento dos plans de emprego público negociados e rexeitamos a utilización dos expedientes de regulación de emprego como medida para sanear economicamente as Administracións públicas.
- 805 — → Demandámoslles ás Administracións a inclusión nos pregos de condicións que as empresas contratadas ou subcontratadas cumpran a normativa laboral, incluídos os convenios colectivos e a subrogación das obrigas laborais e de seguridade social do anterior titular, incluíndo os compromisos de pensións.
- 810 — → Os Centros Integrados de Formación Profesional de titularidade pública deben desempeñar un papel primordial no novo modelo de formación profesional, converténdose nunha rede que canalice a formación para o emprego financiada con fondos públicos. Urxe, polo tanto, adaptar á nosa realidade o decreto estatal que os regula.
- 815 — → Apostamos pola formación dual, pero esiximos que se desenvolva coas máximas garantías para o alumnado-traballador, establecendo requisitos estritos para os centros educativos e para as empresas que os contraten (seguimento das condicións contractuais e laborais pola representación dos traballadores e traballadoras).
- 820 — → Reivindicamos a elaboración dun novo Plan de Formación Profesional coa participación das organizacións sociais máis representativas, que estableza os eixes estratéxicos de actuación —e as medidas concretas que os desenvolvan— para avanzar nun sistema integrado de formación profesional de calidade e con capacidade para se adaptar ás necesidades cambiantes da nosa estrutura produtiva e ás demandas de cualificación dos galegos e galegas. A formación dirixida á obtención de certificados de profesionalidade debe responder tanto ás necesidades do mercado de traballo e como á demanda dos traballadores e traballadoras.
- 825 — → Apostamos por un modelo produtivo asentado nunha maior sustentabilidade do tecido produtivo, da planificación do territorio, da política de transportes, da política enerxética e da xestión dos recursos naturais.
- 860 — → As enerxías renovables, a rehabilitación enerxética de edificios e vivendas e a mobilidade sustentable son, por un lado, novos filóns de emprego e, por outro, piares que hai que afianzar no camiño cara ao desenvolvemento sustentable.
- 865 — → Promover a xestión medioambiental na empresa, impulsando a adopción das mellores técnicas dispoñibles e de sistemas de xestión ambiental e potenciando a participación dos traballadores e os seus representantes nesa tarefa.
- 870 — → Modificar o enfoque dos problemas ambientais asociados á actividade industrial noutro integral, considerando as repercusións destas actividades nos subsistemas naturais (atmosfera, auga, chan...) que compoñen o medio ambiente; substituír a fórmula tradicional de actuar sobre os problemas ambientais cando xa se manifestaron, por un enfoque baseado na prevención da contaminación.
- 875 — → Potenciar o sistema de I+D+i no investimento total nestas actividades sobre o PIB, así como no fomento dunha maior participación do sector empresarial no gasto total interno para superar a diferenza coa media estatal e europea.
- 885 — → Demandamos a definición dun modelo racional e rendible de produción leiteira, de explotación racional do monte e de ocupación nos labores de vixilancia e extinción para salvar o sector primario e deter o proceso de desertización das zonas rurais.
- 890 — → O sector pesqueiro é o principal medio de vida na maior parte do litoral galego. Dada a alta dependencia da pesca da nosa comunidade, demandámoslle ao Goberno galego que faga unha aposta de país para manter o sector pesqueiro e marisqueiro e que dea resposta aos seguintes problemas:
- 895 — ■ A falta de profesionalización, os baixos salarios e a escasa perspectiva de futuro, converten o mar na última opción laboral da nosa mocidade. Cómpre mellorar as condicións laborais do sector e a cualificación dos e das profesionais.
- 900 — ■ A ausencia dunha política marisqueira enfocada a potenciar o autoemprego e contra a presenza de multinacionais nos campos marisqueiros.
- 905 — ■ A situación dos descartes.
- 910 — ■ Os criterios de repartición das cotas de pesca, que ata o día de hoxe se demostraron prexudiciais para a frota galega.
- 915 — ■ O incompleto saneamento integral das rías galegas, que non pode adiarse máis.
- 920 — ■ A inexistencia dunha etiquetaxe que defenda os produtos galegos fronte aos foráneos, case sempre de peor calidade e a maioría das veces sen os mínimos controis.
- 925 — ■ A falta de vontade demostrada pola pesca artesanal, creadora de riqueza e de postos de traballo en cidades e vilas historicamente dependentes das actividades pesqueiras.
- 930 — → Reivindicamos o papel do sector industrial como motor do cambio de modelo produtivo. A industria debe ser potente para que impulse o sector dos servizos e xere emprego.
- 935 — → Demandamos unha nova política industrial que se sustente na planificación e na concertación social e non só incorpore medidas horizontais de índole xeral, senón que tamén fixe prioridades sectoriais.
- 940 — → Promover a diversificación do sector da construción e a súa orientación cara a actividades de rehabilitación e vivenda pública.
- 945 — → Impulsar actuacións no sector dos servizos que favorezan a sostibilidade das empresas, a creación de emprego e a cualificación, calidade e estabilidade do emprego existente. Promover servizos de alto valor engadido. Apostar polo turismo sustentable cunha oferta diversificada que combata a estacionalidade e defender un modelo comercial equilibrado que potencia o comercio tradicional.
- 950 — → Promover mecanismos de control e seguimento das axudas públicas que se conceden a empresas con dificultades.
- 955 — → Reivindicar os servizos sociais de calidade tamén como ámbitos de creación de emprego na atención a menores e maiores e á dependencia.
- 960 — → Avanzar na oferta, planificación e xestión do solo industrial, desde unha visión integral da ordenación do territorio que garanta unha dotación suficiente, equilibrada e ordenada de áreas industriais.
- 965 — → Desenvolver as infraestruturas físicas como soporte imprescindible das actividades económicas e a cohesión territorial; isto posibilitará maior apertura e integración da economía galega no contexto nacional e internacional.
- 970 — → Cumprir os prazos establecidos para o remate das infraestruturas ferroviarias; manter a rede convencional e potenciar do uso da rede ferroviaria no transporte de mercadorías. Fomentar o transporte público, a intermodalidade e a loxística.
- 975 — → Especializar os portos, establecer unha liña de cooperación estratéxica entre eles, conectalos cos polígonos industriais, aeroportos, ferrocarril e vías de alta capacidade, e aumentar a superficie útil ao seu servizo coa creación de portos secos ou zonas de actividade loxística debidamente conectadas.
- 980 — → Especializar os aeroportos en función da súa área de influencia (*hinterland*), cunha

— política de promoción única; conectalos co ferrocarril e as vías de alta capacidade e crear unha terminal de carga en Galicia.

995

#### **RECUPERAR DEREITOS: A NEGOCIACIÓN COLECTIVA**

— Os cambios introducidos no marco normativo da negociación colectiva translocen unha clara desconfianza nela como método de goberno das relacións laborais; e tradúcese nunha debilitación da eficacia do convenio colectivo, especialmente do sectorial, e, en definitiva, nunha perda de protagonismo dos axentes sociais na regulación das condicións de traballo.

— A prioridade para o convenio de empresa, a vontade de garantir a eventual inaplicación do convenio sectorial mediante acordos de empresa ou a intención do

1000 lexislador de que o remate da vixencia do convenio determine a súa total perda de eficacia, evidencian que, baixo o discurso da adaptabilidade do convenio aos cambios dos ciclos económicos, subxace o obxectivo real de debilitar a negociación colectiva como instrumento de regulación das condicións de traballo. Esta situación resulta evidente cando se constata a

1010 debilitación na negociación sectorial a favor da desenvolvida na empresa, e cando se comproba que iso se fai sen introducir mecanismos que traten de reforzar a presenza de órganos de representación sindical independentes nas

1015 empresas, especialmente nas de reducidas dimensións.

— Esa modificación normativa coexiste cunha caída xeral da cobertura, que causa ao tempo a debilitación da negociación colectiva como mecanismo de fixación de salarios. De 352.936 persoas traballadoras cubertas por 234 convenios asinados e revisados no ano 2009, pasamos a 71.497 persoas traballadoras cubertas por 101 convenios asinados e revisados en setembro do 2016.

1020 A negociación colectiva é o instrumento esencial para recuperar as condicións salariais e laborais. Nestes duros anos de retrocesos e depreciación da capacidade adquisitiva das rendas salariais, pasouse dun incremento salarial medio do 3,31 % no 2009 a un 0,88 % en setembro do 2016.

1030 Por iso, a negociación colectiva sectorial debe recuperar a súa capacidade de fixar mínimos e normas homoxéneas con atención aos intereses económicos xerais dos traballadores/as e empresarios/as do sector, limitando ou condicionando os supostos en que o que se negocie no ámbito da empresa poida escapar da disciplina sectorial.

1035 Non podemos esquecer que o máis salientable da reforma é a debilitación dos mecanismos de participación das persoas traballadoras na empresa e o incremento notable do poder de dirección da empresa.

1040

1045

1050

1055

— Isto xera enormes dificultades para a renovación dos convenios colectivos, sobre todo os sectoriais que dan cobertura a preto de 350.000 traballadores e traballadoras en Galicia, mentres que hai indicios suficientes de prácticas fraudulentas ou abusivas na creación de convenios de empresa e en acordos de empresa para inaplicación do convenio sectorial de referencia.

1060

1065

1070

1075

1080

1085

1090

1095

1100

1105

1110

1115

1120

1125

— Todas estas modificacións obríganos a repensar as nosas estratexias de negociación colectiva para conseguir unha maior intervención sindical que nos permita estender a cobertura ao conxunto de traballadoras e traballadores asalariados e atender as novas realidades laborais derivadas da globalización das relacións laborais e do emprego e a denominada cuarta revolución industrial. Para acadar estes obxectivos, cómpre reforzar a organización do sindicato na empresa, impulsando a afiliación sindical, a participación de todas as persoas afiliadas na acción sindical e a adecuación da formación sindical a esta nova realidade.

— O sindicalismo debe ser consciente dos riscos que poden derivar da nova «empresa intelixente», pero tamén da oportunidade que pode representar a conquista de novos espazos de creatividade e innovación para a acción sindical e a negociación colectiva. Tamén temos o compromiso de enfocar a negociación colectiva en Galicia como canle para potenciar a existencia de cláusulas convencionais contra a discriminación de todo tipo, así como orientar o contido dos convenios colectivos aos avances en materia de corresponsabilidade. A conciliación da vida laboral, persoal e familiar, como semente do traballo en igualdade para as mulleres e raíz dunha relación laboral igualitaria entre homes e mulleres.

#### **OBXECTIVOS**

— → Recuperar, fortalecer e articular a negociación colectiva como instrumento regulador das condicións de traballo e da igualdade.

— → Ampliar ao máximo a cobertura da negociación colectiva e dotar os convenios colectivos de estabilidade e seguridade, en especial os grandes convenios sectoriais, que son os que regulan as condicións laborais de millóns de traballadores e traballadoras.

— → Desenvolver as propostas do III Acordo polo Emprego e a Negociación Colectiva.

— → Acadar o primeiro acordo galego de negociación colectiva que reforce a estrutura e contidos da negociación colectiva en Galicia.

— → Dar prioridade á creación e mantemento de emprego pero con contratos estables e de calidade; sen esquecer a igualdade, a seguridade e saúde e a formación.

— → Potenciar unha maior intervención sin-

— dical para estender a cobertura dos convenios.

1130 → Defender o Estatuto básico do empregado público como instrumento para desenvolver a negociación colectiva no sector público.

#### **PROPOSTAS**

1135 → Defender os elementos estruturais do convenio colectivo, aqueles que garantan a súa existencia e plenitude aplicativa.

— → Previr a perda de cobertura da negociación colectiva, evitando á vez a súa atomización e fragmentación.

1140 → Ordenar e articular as unidades de negociación creadas nun mesmo ámbito funcional, mellorando a coordinación entre os diferentes ámbitos e evitando a concorrencia conflictiva.

1145 → Asegurar a subsistencia das unidades de negociación mediante o asinamento do acordo de novación do convenio; establecendo maiores prazos de ultraactividade, a ser posible ata a novación do convenio; optando pola solución arbitral, como última medida ante o desacordo e proximidade do prazo de perda de eficacia do convenio.

1150 → Consolidar a actual tendencia a un maior predominio de convenios sectoriais en ámbitos superiores á provincia ou, polo menos, ámbitos territoriais con sentido económico en lugar de administrativo.

1155 → Reforzar os convenios sectoriais e acordos marco, ampliando o ámbito funcional para integrar actividades emergentes, subsectores que poden non ter cobertura negociadora ou que a teñen moi debilitada e desfasada.

1160 → Preservar os convenios e acordos sectoriais existentes, incluídos os de ámbito provincial, se non se consideran substituíbles ou mentres non sexan substituídos por outros de maior cobertura funcional ou territorial.

1165 → Preservar a función do convenio de empresa como complementario ao sectorial, evitando que se converta nun instrumento de desvalorización das condicións pactadas no convenio de sector, e que sirva para atender ás distintas realidades que conviven nun centro de traballo.

1170 → Asegurar a articulación do convenio colectivo de empresa, grupo de empresa e agrupación de empresa, cos convenios sectoriais de referencia para o seu ámbito funcional, especialmente co convenio de ámbito estatal ou de Galicia, se o houber.

1175 → Promover a superación dos de centro de traballo e dos convenios «franja» mediante un convenio único ou acordo marco para toda a empresa, que homoxeneice as condicións laborais básicas.

1180 → Establecer compromisos de mantemento de emprego, de redución da temporalidade, de renovación de cadros de persoal e novas contratacións para cubrir ne-



- cesidades produtivas temporais ou permanentes; limitación efectiva das horas extraordinarias e eliminación das prolongacións de xornadas non reguladas colectivamente.
- 1195 — → Intensificar o control sindical sobre a contratación, facendo seguimento das copias básicas dos contratos para erradicar a fraude e o abuso laboral.
- 1200 — → Garantirle ao conxunto dos traballadores e traballadoras das empresas o acceso á formación permanente e aos permisos individuais de formación, para mellorar a súa cualificación e empregabilidade presente e futura; ampliar os dereitos de formación (adaptación do horario laboral; realización da formación de empresa dentro da xornada laboral, recoñecemento da formación adquirida...).
- 1205 — → A negociación salarial debe atender ao obxectivo de recuperar o poder de compra e incentivar o consumo privado, como vía cara á reactivación da economía e do emprego.
- 1210 — → Garantir a entrega de información económica e previsións de actividade para o seguimento dos parámetros que se toman como referencia no incremento salarial ou retribucións variables; pero tamén para coñecer a súa situación e anticiparnos a posibles situacións de crise.
- 1215 — → Mellorar os instrumentos de participación dos traballadores e traballadoras tanto na información que debe facilitar a empresa, como nas diferentes comisión ou grupos de traballo que se creen.
- 1220 — → Fortalecer o funcionamento regular das comisións paritarias do convenio e do plan de igualdade, para que poidan resolver con prontitude e efectividade as consultas e conflitos que lle cheguen desde os centros de traballo.
- 1225 — → Reforzar a actuación sindical na empresa con máis presenza directa e prestando asesoramento nos procesos de consulta; impulsar a afiliación entre os traballadores/as e a constitución de seccións sindicais; prestar especial atención aos procedementos de intervención sindical nos cambios organizativos da empresa e na administración e xestión do convenio colectivo.
- 1230 — → Impulsar o Consello Galego de Relacións Laborais como potenciador da negociación colectiva, valorando o seu papel como instrumento de diálogo de carácter bipartito.
- 1235 — → Potenciar a utilización do Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).
- 1240 — → Garantir o dereito á formación das persoas traballadoras a través da negociación colectiva.
- 1245 — → Potenciar os diversos instrumentos de previsión social complementaria, especialmente de carácter sectorial, para dar cobertura ás pemes; potenciar a participación sindical na súa xestión e nas comisións de seguimento e control.
- 1260 — → Vixiar o cumprimento da cota de reserva para as persoas con discapacidade, a adaptación dos postos de traballo e a mellora da accesibilidade.
- 1265 — → Propiciar a igualdade real no marco das empresas, onde quede reflectida a responsabilidade de homes e mulleres no gozo de permisos e licenzas de conciliación; e, a través da negociación colectiva, ampliar estes permisos e as medidas de flexibilidade. Ampliar os permisos parentais, dotándoos de carácter irrenunciabile.
- 1270 — → Impulsar a negociación de plans de igualdade en todas as empresas de máis de 250 traballadores/as e naquelas de menor tamaño que estean obrigadas polo establecido no convenio sectorial de referencia.
- 1275 — → Articular os plans de igualdade na negociación colectiva aplicable na empresa, para que cumpran coa súa función. Establecer e ampliar as medidas de igualdade nos convenios e acordos colectivos sectoriais e de empresa.
- 1280 — → Prestar especial atención á desigualdade retributiva, a grande esquecida das medidas e plans de igualdade, e que en xeral non foi abordada pola negociación colectiva.
- 1285 — → Introducir na negociación colectiva garantías de protección laboral para as vítimas de violencia de xénero: apoio psicolóxico, médico e xurídico especializado, así como facilitar permisos retribuídos que eviten unha mingua económica nos seus recursos.
- 1290 — → Garantir que as situacións derivadas da violencia de xénero, como ausencias ou baixas médicas, non supoñan diminución económica para as traballadoras.
- 1295 — → Negociar protocolos de actuación e medidas de protección específicas dos dereitos laborais para as traballadoras vítimas de violencia de xénero que non denunciaren o seu agresor.
- 1300 — → Pór en marcha mecanismos para eliminar, previr e sancionar o acoso e protexer as traballadoras das situacións de acoso sexual e de acoso por razón de sexo na esfera das relacións laborais.
- 1305 — → Conseguir na redacción dos acordos e convenios colectivos unha linguaxe neutral que evite a discriminación de oportunidades e de trato entre mulleres e homes.
- 1310 —
- 1315 —
- 1320 —
- 1325 —
- A SAÚDE LABORAL**
- A defensa da saúde laboral é un terreo clave na disputa pola mellora das condicións de traballo e un factor estratéxico na acción sindical do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia. A extensión xeneralizada dun modelo precario de relacións laborais está tendo graves consecuencias na saúde de traballadoras e traballadores, sobre todo naqueles colectivos máis afectados pola precariedade: mulleres, mozas, migrantes. Non só vivimos anos de remonta nas estatísticas oficiais de sinistralidade, de ampliación do subregistro de enfermidades de orixe profesional ou de explosión de casos de trastornos psicosociais asociados ao traballo; a maiores, as prácticas de moitas empresas e algunhas reformas legais, incluída a do Estatuto dos Traballadores, están convertendo a saúde, ou a enfermidade, nun mecanismo de exclusión laboral.
- 1330 — Para reverter este panorama hai que profundar na democracia na empresa, porque non existe mellor garantía para a saúde dos traballadores e traballadoras e para o exercicio efectivo dos seus dereitos que a presenza de CCOO nos órganos de representación. Pero tamén se fai necesaria unha reactivación das políticas públicas en materia de saúde laboral e unha reformulación da arquitectura administrativa da prevención e do seu financiamento; non para adecuala ao novo marco de precariedade, senón para transformala garantindo os máis altos niveis de protección.
- 1335 — É fundamental poñer a saúde no núcleo do sistema de prevención e de protección social. Hai que impedir que tanto os recoñecementos médicos de vixilancia da saúde como as enfermidades crónicas que requiren asistencia sanitaria sexan un instrumento de selección e despedimento en mans do empregador. A ineptitude sobrevida e as ausencias médicas, mesmo as xustificadas, como causas de despedimento obxectivo son elementos de exclusión social que se afianzan coa crise e a última reforma laboral.
- 1340 — O sistema de protección social debe garantirlle a quen perda a saúde un posto de traballo compatible co seu estado, asistencia sanitaria e protección económica suficiente. Só a obxectividade do sistema público pode garantir un control da saúde baseado en criterios e indicadores co único obxectivo da prevención, fuxindo do economicismo que preside o discurso das entidades privadas que colaboran coa Administración.
- 1345 —
- 1350 —
- 1355 —
- 1360 —
- 1365 —
- 1370 —
- 1375 —
- 1380 —
- 1385 —
- 1390 —
- OBXECTIVOS**
- → Forzar un cambio de rumbo na prevención de riscos laborais, adecuándoa a realidade laboral actual.
- → Designar delegados/as de prevención, e darlles formación e apoio para promover a súa participación na «xestión preventiva» nos lugares de traballo.
- → Derrogar todas as normas que impediron que todos os colectivos teñan o mesmo grao de protección da súa saúde.
- → Reverter a reforma do marco xurídico das mutuas.
- PROPOSTAS**
- → Desenvolver a Lei de prevención de riscos laborais. Blindar que o dereito á vixilancia da saúde non se poida converter nun instrumento de control por parte do empregador.



- → Seguir o desenvolvemento e execución da Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2016-2020.
- 1395 — → Esixirlle á Xunta de Galicia que se recuperen os investimentos en prevención tras a redución constante dos orzamentos dedicados á prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).
- 1400 — → Facilitar un maior recoñecemento de enfermidades relacionadas co traballo.
- 1405 — → Formular un sistema de vixilancia da saúde desempeñado desde o ámbito público e financiado con cota de continxencia profesional.
- 1410 — → Reivindicar a figura do delegado ou delegada territorial de prevención para garantir a participación de todos os traballadores e traballadoras nas actividades preventivas, con independencia do tamaño da empresa.
- 1415 — → Promover a participación sindical no protocolo de coordinación para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores e traballadoras, así como a execución efectiva das sentenzas condenatorias, suscrito entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia.
- 1420 — → Seguir denunciando a situación das persoas afectadas polo amianto, para que se lles recoñeza como enfermidade profesional e evitarlles procesos xudiciais; propoñer a posta en marcha dun fondo de compensación, mellorar e controlar o plan de vixilancia sanitaria e facer aflorar a problemática no resto de sectores industriais.
- 1425 — → Reclamar a creación en Galicia dun centro de referencia especializado no diagnóstico de patoloxías relacionadas co amianto e realizar estudos epidemiolóxicos relacionados coa exposición laboral ao amianto que inclúan os traballadores/as, os seus familiares e a poboación en xeral.
- 1430 — → Demandar un inventario de centros de ensino, sanidade e Administracións Públicas que poidan estar expostos á presenza de radón e amianto.
- 1440 — → En materia de drogodependencias, seguir traballando a formación e concienciación dos delegados e delegadas nas empresas e procurar a participación efectiva do sindicato na área laboral do Plan Drogas de Galicia.
- 1445 — → Reversión das competencias das mutuas:
  - Definir o ámbito das mutuas só nas continxencias profesionais, evitando as entidades colaboradoras calquera outra función.
  - Retorno das funcións de xestión das prestacións ao INSS, coa asistencia sanitaria dos sistemas públicos de saúde.
  - Vincular a prevención de riscos laborais das mutuas con cota por continxencias profesionais. O fin é facilitar responsabilidades a pemes e micropemes.
- 1450 —
- 1455 —
- 1460 —

## BLOQUE 3. O MODELO SOCIAL E OS SERVIZOS PÚBLICOS

— A peor certeza que deixa a crise é que aumentaron a pobreza e a desigualdade. Nesa enorme bolsa da pobreza total ou do limiar da pobreza entraron traballadores e traballadoras que perderon o emprego e, en moitas ocasións, incluso a vivenda. Pero, ademais, xeneralízase un status que non é novo pero que alcanza agora dimensións preocupantes, sobre todo entre a xente nova: os traballadores e traballadoras pobres, as persoas cuxo traballo é tan indecente que non lles abonda para vivir con dignidade.

1475 Desde CCOO apostamos por un modelo de benestar social integral, que atenda as necesidades das persoas nos momentos de penuria ou de emerxencia social.

— Galicia é unha comunidade moi envellecida e moi dependente das pensións. Un 44,80% dos fogares galegos teñen como fonte principal de ingresos unha prestación que, nun 88,32% é unha pensión contributiva. En conclusión, o 39,62% dos fogares galegos teñen como fonte principal de ingresos unha pensión contributiva.

1485 As pensións en Galicia son as segundas máis baixas do estado (762 € fronte a 902 €), polo que, en moitas ocasións, conducen a outro xeito de pobreza. Se ademais se ten en conta que contribúen á supervivencia de moitas familias, entenderase que CCOO nos opoñamos a calquera intento de ruptura da caixa única.

1490 En consecuencia, cómpre impulsar e facer cumprir as distintas rendas mínimas de inserción que, amais da achega económica, han levar ligado sempre un traballo de integración sociolaboral, agás nos casos en que non for posible.

1500 Canto á Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e ás familias, nos primeiros anos de implantación do sistema que aquela propugnou, as solicitudes aumentaban constantemente; empezaron a diminuír a partir de 2013, e caeron de forma alarmante no 2015, malia que neste ano entran no sistema as persoas con dependencia moderada. Nós entendemos que ese descenso se debe ao incumprimento das expectativas das persoas solicitantes, e a que moitas abandonan a residencia e volven ao domicilio familiar onde, por mor da crise, cómpre dispor das súas pensións.

1510 O Goberno central atacou duramente a lei nestes anos e rebaixou a súa achega ao mínimo. Ao tempo, en Galicia tampouco parece haber demasiado interese nela, aínda que a achega da comunidade é ben maior ca a da Administración central.

1520 A continua mobilización no noso país e no resto do estado obrigou o Goberno central a retirar o proxecto de reforma da lei do aborto e forzou a posterior dimisión do ministro de Xustiza, Alberto Ruiz-Gallardón.

— En CCOO defendemos o principio ético do

— respecto á autonomía e capacidade moral das mulleres para emitiren os seus propios xuizados, para dilucidaren os seus dilemas e tomaren as súas decisións, entre elas, a da maternidade.

1530 Debemos concienciar a toda a sociedade sobre a insoportable extensión da violencia, de todas as violencias machistas: a que sofren as mulleres a mans das súas parellas ou ex-parellas, o acoso sexual e por razón de sexo no traballo, a intimidación na rúa, o acoso na Internet, o abusivo control con que son subxugadas as mozas e, en especial, as terribles consecuencias que estes ataques carrexan na saúde, a integridade, a dignidade e a vida laboral das mulleres.

1535 En CCOO consideramos que as rendas mínimas municipais teñen que servir para ofrecer unha solución ás persoas que quedan fóra da RISGA ou da renda mínima estatal cando estea implantada. Con todo, este tipo de actuacións municipais han ter un carácter puramente conxuntural e desaparecer no momento en que as necesidades persoas beneficiarias estean cubertas por outras actuacións.

1540 Galicia tamén atravesamos, coma o resto do estado, un momento de emerxencia social. Moitas familias non poden afrontar os custos de mantemento dun fogar, sexa unha hipoteca ou un alugamento, e vense forzadas a abandonalo. Daquela, CCOO esixirá unha solución rápida a esta urxencia social, con medidas que axuden as familias a ficar nos seus fogares ou faciliten outras vivendas.

1550 Os servizos sociais sufriron un grave retroceso por mor dos recortes; por iso, dende CCOO debemos seguir esixindo que se recuperen os niveis anteriores á crise.

## OBXECTIVOS

1555 → Combater a pobreza, a desigualdade e a desprotección social.

1560 → Defender o sistema público de pensións.

1570 → Reforzar as distintas rendas mínimas de inserción social e traballar para que se aprobe a renda de inserción mínima estatal (segundo a ILP promovida por CCOO e UGT), así como esixir un orzamento axeitado para acometer unha reforma profunda da RISGA que evite arbitrariedade, desprotección e un uso ineficaz dos recursos.

1575 → Garantir a atención á dependencia como dereito subxectivo.

1580 → Garantir o acceso á vivenda como forma de loita contra a exclusión social e laboral.

1585 → Reforzar os servizos sociais, instando a que nos orzamentos anuais se dote dunha partida orzamentaria suficiente para dar servizo a todas as persoas usuarias que o precisen.

1590 → Acadar un pacto autonómico para conseguir a erradicación da violencia de xénero.

## PROPOSTAS

**Combater a pobreza, a desigualdade e a desprotección social**

1595 → Esixir a recuperación do salario mínimo interprofesional, o mantemento do sistema público de pensións e unha rede universal de protección social.

1600 → Impulsar o papel da negociación colectiva e conseguir unha lexislación laboral como garantía de empregos con dereitos que aseguren un salario xusto e suficiente.

1605 → Mellorar as políticas activas de emprego.

→ Traballar desde o sindicato para conseguir que as mulleres e a mocidades entren no mercado laboral en condicións dignas.

→ Instar a substitución do sistema de deducións fiscais, bonificacións e exencións nas taxas tributarias establecido para as familias numerosas por un baseado no seu nivel de renda, e establecer outro con estas características para as familias monoparentais.

1615 → Reforzar a acción na loita para erradicar a violencia que se exerce contra as mulleres, sensibilizando a nosa afiliación, participando nas mobilizacións que se convoquen e desenvolvendo un traballo máis activo no asesoramento inicial das afiliadas vítimas.

→ Intensificar a sensibilización contra a discriminación e a violencia de xénero mediante formación específica á cidadanía en xeral e ás persoas que actúan nos diferentes ámbitos en particular.

1620 → Revisar as limitacións no exercicio de determinados dereitos derivados do seu condicionamento aos intereses da empresa ou á falta de concreción legal.

1625 → Mellorar a protección social das mulleres que sofren violencia de xénero con redución de xornada en relación co acceso á protección por desemprego.

1635 → Establecer canles de colaboración coas Administracións públicas e os interlocutores sociais que permitan mellorar a difusión de medidas, dereitos e servizos dirixidos ás vítimas de violencia de xénero (en desenvolvemento da Lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e na Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero), mediante campañas de difusión nos medios de comunicación, e reforzar a formación e información das persoas que negocian os convenios colectivos.

1640 → Denunciar e combater as discriminacións de que son vítimas as persoas dos colectivos LGTBI, recollendo as súas demandas nas plataformas de negociación colectiva.

1645 → Esixir a derogación da reforma da Lei orgánica de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, polo ataque que supón á liberdade e dignidade

- das mulleres. Esta reforma afecta especialmente ás mulleres menores de 18 anos.
- 1660 → Garantir que a atención sanitaria na interrupción voluntaria do embarazo se preste na sanidade pública galega.
- → Promover a integración laboral, social e cultural das persoas inmigrantes e defender o seu acceso aos servizos públicos en condicións de igualdade, á marxe da súa situación administrativa. Traballar a vinculación sindical da poboación inmigrante e a súa afiliación e participación no sindicato.
- 1670 → Demandarlle á Xunta de Galicia a realización, xunto cos concellos, dun plan de acollida e integración das persoas refuxiadas que facilite a súa incorporación laboral, social e cultural mediante unha intervención integral adaptada ás súas necesidades, así como a elaboración de campañas de información, promoción e sensibilización que contrarresten as condutas xenófobas e destaquen as contribucións positivas das persoas refuxiadas.
- 1680
- **Rendas mínimas de inserción**
- → Controlar e vixiar o cumprimento da RISGA, esixindo transparencia e prontitude na súa tramitación por parte da Xunta de Galicia.
- 1685 → Esixir que a Xunta de Galicia subministre os datos semestralmente, tendo en conta que só así se poden detectar a tempo os problemas e aplicar medidas para a súa resolución.
- 1690 → Traballar desde o sindicato para conseguir que soliciten a RISGA todas as persoas que teñen dereito a ela e descoñecen a súa existencia.
- 1695 → Esixir unha modificación da RISGA que rebaixe o alto número de denegacións, prestando maior consideración aos informes dos traballadoras e traballadoras sociais de base e conseguir que se garanta a cobertura suficiente; que os concellos eliminen as súas rendas mínimas para destinar eses fondos a outros recursos sociais.
- 1700 → Promover e desenvolver, no ámbito estatal, a renda mínima que chegue a todas as persoas que non teñan dereito a outro tipo de renda ou non alcancen uns ingresos económicos mínimos, esixindo a pronta aprobación no Parlamento estatal da ILP impulsada por CCOO e UGT.
- 1710 → Esixir nas distintas Administracións que todas as rendas mínimas senten como premisa un traballo dirixido a conseguir a integración laboral dos usuarios e usuarias.
- 1715 **Atención á dependencia**
- → Esixir a rebaixa das listas de espera, que en Galicia están moi riba da media estatal.
- → Esixir que a Administración central volva facerse cargo da cotización da seguridade social das persoas coidadoras non profesionais.
- 1720 → Esixir que o Goberno central recupere o nivel mínimo concertado de financiamento do 50 %.
- 1725 → Impulsar a coordinación sociosanitaria como medio de prevención da dependencia e garante dunha atención integral.
- → Traballar na mellora da transparencia na xestión do sistema que a Xunta ten tan abandonado.
- 1730 → Traballar na coordinación de todas as comunidades autónomas e a Administración central para garantir a implantación harmonizada do sistema de dependencia en todo o estado e conseguir unha carteira común de prestacións en cada un dos servizos que inclúe o catálogo.
- → Esixir o financiamento suficiente que asegure a atención de todas as persoas en situación de dependencia, preferentemente mediante prestacións de servizos profesionais.
- 1740 → Mellorar a rede de servizos sociais públicos que atendan as necesidades e coidados das persoas nas diferentes etapas e situacións do seu ciclo vital.
- → Demandar programas públicos de prevención da dependencia e promoción do envellecemento activo.
- 1745 → Incrementar o cadro de persoal que traballa nos servizos públicos de atención á dependencia e mellorar a súa cualificación.
- 1750
- **Acceso á vivenda**
- 1755 → Esixirle á Xunta de Galicia políticas que activen un uso non especulativo da vivenda e que eviten a especulación e os abusos no acceso a unha vivenda digna.
- → Impulsar o mercado de alugamento social, especialmente dirixido ás persoas con rendas máis baixas, coa creación dun parque de vivendas sociais que procedan das entidades financeiras intervidas polo estado.
- 1760 → Promover unha regulamentación da dación en pagamento que protexa os máis débeiles.
- → Esixirle á Xunta de Galicia un parque de vivendas onde realoxar as persoas vítimas de desafiuzamentos.
- 1770 → Esixirles ás Administracións recursos orzamentarios para a rehabilitación de vivendas e implantar as «inspeccións técnicas de vivenda».
- 1775
- **Servizos sociais**
- → Reforzar os servizos sociais como un servizo público prioritario.
- → Apostar por unha reforma fiscal máis xusta e progresiva que recade fondos para reinstaurar uns servizos sociais que cumpran cos fins para os que foron creados.
- 1780 → Traballar na formación adecuada da cidadanía respecto á importancia da fiscalidade, formación que tería que partir dos niveis máis básicos do sistema educativo.
- → Esixir que o Goberno central reforce o Plan Concertado de Servizos Sociais Básicos co fin de establecer unha rede pública de servizos sociais que, ademais, diminúa as diferenzas entre a Galicia rural e a urbana.
- 1790
- → Esixir a dotación de recursos orzamentarios suficientes que possibiliten a existencia dos servizos sociais.
- 1795 → Esixir políticas axeitadas para recuperar o estado do benestar.
- → Esixir a elaboración de medidas para a atención ás persoas sen teito que garantan a dignidade de todas as persoas que viven en Galicia.
- 1800 → Incrementar o cadro de persoal que traballa nos servizos sociais públicos e mellorar a súa cualificación.
- 1805
- **A SANIDADE**
- Os recortes e privatizacións multiplicáronse drasticamente nos gobernos de Feijóo; prescindíuse de 1800 profesionais e proliferaron os contratos precarios e irregulares (un terzo son eventuais), ao tempo que se incrementaban os cartos dirixidos a empresas sanitarias privadas. Actualmente, máis do 50 % dos orzamentos da Consellería de Sanidade dedícanse a privatizacións e ao aumento imparable do gasto farmacéutico.
- 1810
- O financiamento sanitario non é finalista e baséase en impostos que gravan o consumo. Por iso, canta máis crise, máis necesidades e menos financiamento. Ademais, a descompensación interterritorial é grave: a diferenza entre a comunidade que máis gasta e a que menos é de 500 euros por paciente/ano.
- 1815
- Galicia está por baixo da media estatal no gasto sanitario per cápita (1143 fronte a 1255 en 2015), cando polas características da poboación e pola dispersión xeográfica –Galicia ten máis do 50 % dos núcleos de poboación de España– debería ser moito maior para cubrir as necesidades asistenciais.
- 1820
- Temos carencias importantes –sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense– en cirurxía cardíaca, oncoloxía ou cirurxía infantil, entre outras.
- 1825
- As privatizacións e concertacións resultan máis caras e limitan os cartos destinados á cobertura sanitaria pública. Algunhas privatizacións de servizos «non sanitarios» son cedidas mesmo a empresas investigadas, en contra da Lei de contratos do estado.
- 1830
- Entregóuselles ás empresas privadas a administración sanitaria, convertendo os servizos de saúde estratéxicos en axencias para sometelos ao dereito privado, laboralizar o persoal e facilitar o seu control privado con asesorías de expertos: axencia de docencia, investigación, Investigación e Avaliación de Tecnoloxías, Axencia da xestión do sangue, órganos e tecidos. O proxecto Innova Saúde-Hospital 2050 e o experimento posto en marcha no Hospital de Ourense, adxudicado a Indra e o capital risco, son outros exemplos, como a creación da empresa «público-privada» NasasBiotech ou a cátedra Astra-Zeneca. A escola de enfermería de Povisa



— é privada, o que inflúe no tipo de formación dos profesionais sanitarios, xa demasiado controlada por Farmaindustria...

1860 — O rexistro do cancro da Coruña, o único en Galicia, que inclúe pacientes doutras áreas sanitarias e que xestionaban o Sergas e o Centro Oncolóxico de Galicia, foi cedido pola Xunta a mans privadas.

1865 — Cederon as decisións sobre a alta tecnoloxía de Galicia, equipos de TAC, RM, mamógrafos e radioterapia á empresa Philips, e é a que toma decisións.

1870 — O Laboratorio Central de Galicia foi adxudicado a Unilabs e Lema e Bandín, mentres que o novo Hospital de Vigo non ten laboratorio central.

1875 — O novo Hospital de Vigo construíuno e xestiónao unha UTE, da que Acciona é maioritaria. Naceu recortado en camas (debía ter 1465 e ten 845) e forzou a eliminación de camas no infrautilizado Hospital do Meixoeiro e no Nicolás Peña. Diminuíron servizos, espazos (un 40%) e persoal, renunciando a ser o hospital de referencia para toda a comarca de Vigo e impedindo que o Hospital do Meixoeiro fose, como estaba previsto, un dos mellores centros con actividade oncolóxica de España e o de referencia do sur de Galicia (Monforte e provincias de Pontevedra e Ourense).

1880 — Esta descapitalización da sanidade, a privatización, pinga a pinga, dos servizos está perfectamente planificada e o Sergas, por medio de xerentes e directores, colabora estreitamente; algúns mesmo fan parte de grupos de presión privatizadores como SEDISA.

#### OBXECTIVOS

→ Garantir unha sanidade universal, pública, gratuíta e de calidade.

1900 — → Restituír o dereito universal á protección da saúde e á asistencia sanitaria en condicións de equidade.

→ Derrogación do copagamento.

#### PROPOSTAS

1905 — → Garantir un financiamento suficiente do sistema sanitario público para superar o déficit e as desigualdades. Propoñemos cambiar o actual modelo de financiamento por outro baseado en impostos directos de carácter redistributivo que eliminen as diferenzas territoriais.

1910 — → Reintegrar ao sistema sanitario os sistemas de información, planificación estratéxica, compra e avaliación do equipamento tecnolóxico, autorización e financiamento de novos fármacos, investigación nos centros sanitarios e formación do persoal sanitario. É imprescindible combater a medicalización e o uso irracional e perigoso para a saúde dos recursos tecnolóxicos e reorientar a súa actuación á promoción e prevención da saúde.

1915 — → Desenvolver o modelo comunitario recollido na Lei xeral de sanidade e potenciar

— a atención primaria, incrementando os seus recursos. Recuperar o espírito do acordo do goberno bipartito cos sindicatos e organizacións profesionais, que o goberno do PP deixou morrer.

1930 — → Derrogar o Real decreto 16/2012 para retomar o modelo universal, frear as privatizacións e recuperar os centros privatizados; restituír os cadros de persoal segundo as necesidades asistenciais, desenvolver os órganos de participación profesional e social e articular unha grande alianza social e profesional fronte a poderosos grupos de presión industriais que pretenden desmantelar o sistema sanitario público.

1935 — → CCOO, no seu conxunto, debe desempeñar un papel de primeira orde dentro dun proceso de necesaria alianza de traballadores e traballadoras da saúde e a cidadanía. Todo o sindicato está en condicións de liderar a loita contra a privatización e todo tipo de recortes, a prol da defensa inequívoca dunha sanidade pública, gratuíta, universal e de calidade.

#### O ENSINO

— A educación non é un gasto, senón un investimento que reverte na sociedade e o elemento clave que asegura a igualdade de oportunidades. Pero a dereita gobernante en Galicia segue cunha política mercantilista e, desde hai anos, atenta contra a calidade do sistema a forza de recortes orzamentarios.

1940 — A educación pública é parte esencial dos nosos dereitos sociais e garantía de futuro para a nosa mocidade, que está sendo brutalmente atacada polos intereses do mercado; eses que cuestionan o papel da educación como alicerce fundamental do desenvolvemento económico e social xusto e cohesionado. Podemos identificar os déficits estruturais que arrastra o sistema educativo galego, causados por tantos anos de políticas do PP: diminución do profesorado; falta de atención ao abandono escolar, ao alumnado repetidor, ás necesidades educativas especiais, á FP, á escolarización pública en educación infantil de 0-3 anos... Por todo iso, pensamos que debemos recordar as liñas básicas de actuación no ámbito educativo que debe seguir CCOO en Galicia.

#### OBXECTIVOS

1950 — → Demandar que se desenvolva a dimensión social da educación, incrementando a participación da comunidade educativa e social na adecuación da educación ás necesidades da sociedade e non ás dos mercados. É imprescindible fomentar a capacidade das persoas de desenvolverse e evitar unha quebra social.

1955 — → Propor medidas que permitan recuperar e incrementar os niveis de equidade do sistema educativo eliminando as medidas segregadoras.

1990 — → Esixirlle ao Goberno que garanta o dereito a unha educación pública de calidade.

#### PROPOSTAS

1995 — → Forzaremos o Goberno galego a que exerza as súas competencias en contra da aplicación da LOMCE e as súas consecuencias negativas máis inmediatas.

2000 — → Na educación infantil, CCOO aposta por unha rede pública de oferta universal e gratuíta, como mínimo para aqueles sectores cuxo nivel de renda así o requira. Para iso demandaremos que as Administracións públicas recoñezan e corrixan as deficiencias de escolarización deste alumnado. Traballaremos para que se recoñeza o carácter educativo desta etapa.

2005 — → Na educación primaria e secundaria, esixiremos a corrección dos problemas de planificación, xa endémicos, para garantir a creación de centros e a apertura de unidades escolares na periferia das cidades.

2010 — → Para a formación profesional, impulsar os consellos sociais dos centros integrados de formación profesional como motores democráticos da actividade; potenciar e coordinar o Consello Galego de Formación Profesional para desenvolver totalmente as súas competencias; esixir a dotación económica suficiente para os centros e a formación continuada do profesorado, o que garantiría unha rede de centros pública, dinámica e completa. Rexeitamos o modelo de FP dual que está a implantar a Administración, xa que non responde á realidade económica do noso país, co que se pretende desregular a formación profesional no sistema educativo e precarizar as relacións laborais das persoas en período de aprendizaxe. É imprescindible darlle á formación profesional a importancia que merece.

2015 — → Na Universidade. Esixir un financiamento suficiente para que as universidades públicas galegas desempeñen con eficacia a súa función social e cumpran coas previsións do Espazo Europeo de Educación Superior. Esixir un financiamento suficiente e unha organización axeitada para propiciar que as tarefas de investigación, basicamente realizadas neste ámbito, cumpran coa misión de axudar a superar a situación de crise. Consolidar marcos de negociación. Reivindicar un incremento do sistema de bolsas cunha repartición socialmente xusta. Esixir a presenza permanente de CCOO nos consellos sociais. Coordinar a participación nos consellos sociais e esixir unha xestión eficiente e responsable dos servizos públicos.

2020 — → Esixir a elaboración duns plans de calidade para previr o fracaso escolar e o abandono prematuro do sistema; centrámonos na atención á diversidade e no alumnado inmigrante, opoñéndonos á segregación do alumnado desde 3º da ESO que se pretende coa reforma educativa.

2025 — → Esixir que os cadros de persoal se adecúen ás necesidades do alumnado e a desaparición das baixas taxas de reposi-

- 2060 ción, co establecemento dun plan de em-  
— prego que recupere os cadros de persoal  
— que había antes dos recortes.  
— → Integrar todos os novos perfís profe-  
— sionais necesarios.
- 2065 → Nos servizos socioeducativos, teimare-  
— mos na consolidación e ampliación dos co-  
— medores escolares de xestión pública, acti-  
— vidades extraescolares, lecer e tempo libre.  
— Demandarémolles ás autoridades educati-  
— vas que tomen as rendas deste sector, para  
2070 que os fondos públicos que se invistan se  
— empreguen en lles asegurar a extensión e  
— gratuidade do servizo a aqueles que o ne-  
— cesiten. Prestar especial atención a meno-  
— res dependentes e que precisen atención  
2075 polas súas dificultades de integración social.  
— → Esixir investimentos públicos suficien-  
— tes —e facer o seu seguimento— para  
— atender o alumnado con necesidades espe-  
2080 cíficas de apoio educativo, e que non  
— ten posibilidade de integración no ensino  
— regulado, en centros asistenciais, ocupa-  
— cionais e centros especiais de emprego ou  
— centros que atendan menores baixo tutela  
2085 xudicial.  
— → Esixir que nos centros de ensino se  
— recupere a materia de educación para a  
— cidadanía, que garante a formación do  
— alumnado en materias como corres-  
2090 ponsabilidade, prevención da violencia de  
— xénero e educación sexual e afectiva nun  
— marco de coeducación.  
— → Impulsar propostas e mecanismos no  
— marco da convivencia escolar que nos  
2095 permitan loitar contra o acoso e concienciar  
— a todos os sectores sobre a importancia de  
— erradicar estas condutas.
- OUTROS SERVIZOS PÚBLICOS  
E DE INTERESE XERAL**
- 2100 Os servizos públicos tradicionais —sani-  
— dade, educación...— son garante da cohe-  
— sión social. A súa debilitación, por redución  
— ou mala prestación, aumenta as diferenzas  
2105 sociais, sobre todo nas comunidades urba-  
— nas, onde os lazos de solidariedade son  
— máis febles ca nas rurais.  
— Entendemos que os servizos de interese  
— xeral son os que teñen unha obriga espe-  
2110 cífica de servizo público. Constitúen o  
— elemento esencial do modelo social euro-  
— peo, e sen eles a mellora da calidade de vida  
— da cidadanía e a loita contra a exclusión  
— social non serían unha realidade. Estes  
2115 servizos abranguen principalmente as  
— grandes industrias de redes, como o trans-  
— porte, os servizos postais, a enerxía e as  
— comunicacións.  
— A grave crise económica que atravesa a  
2120 sociedade galega ten especial repercusión  
— no eido do emprego, na súa calidade e  
— cantidade. A esta situación non son alleas  
— as Administracións públicas na nosa Co-  
— munity; e así, á crise súmanse os proble-  
2125 mas estruturais que estas veñen acumu-  
— lando desde hai anos, sen que ningún dos  
— distintos gobernos desen acometido posi-  
— bles solucións con seriedade, responsa-  
— bilidade e negociación cos axentes sociais.  
2130 Isto obríganos a formular unha vez máis,  
— desde CCOO, a necesidade de identificar e  
— enumerar eses problemas, para poder  
— afrontalos e elaborar propostas de solución.  
— Ao tempo, esixiremos a apertura de canles  
2135 estables de diálogo e negociación cos  
— gobernos das distintas Administracións e,  
— sobre todo, co da Xunta de Galicia.  
— A Xunta de Galicia ten na súa nómina  
— máis de 75.000 funcionarios e funcionarias  
2140 e máis de 11.000 laborais, entre os que  
— tamén hai unha significativa porcentaxe de  
— temporalidade e un forte abuso da pri-  
— vatización da xestión de moitos servizos  
— públicos.  
2145 Temos que chamar a atención, así mes-  
— mo, sobre o numeroso colectivo de tra-  
— balladores e traballadoras da Administra-  
— ción local (máis de 30.000 en toda Galicia)  
— e que, sen dúbida, irá aumentando no  
2150 futuro dada a reclamación cada vez máis  
— consistente de transferencias de servizos e  
— de financiamento; como mínimo, un 28%  
— do total referido está en situación de  
— precariedade e fraude de lei, e responde e  
2155 un modelo clientelar de acceso que, por  
— forza, temos que superar.  
— Doutra banda, teñen unha gran trans-  
— cendencia social esoutras áreas de em-  
— prego público e que poderíamos aglutinar  
— dicindo que sustentan boa parte do estado  
2160 do benestar (servizos sociais, educación,  
— sanidade). Sostidos totalmente con fondos  
— públicos, estanse vendo sometidos de  
— forma crecente a fórmulas de xestión mix-  
2165 tas, cando non directamente a concesións  
— á empresa privada.
- OBXECTIVOS**
- 2170 → Reducir a temporalidade na Xunta e nos  
— Concellos.  
— → Ordenar e democratizar a función públi-  
— ca na Administración local.  
— → Reforzar os servizos públicos, reverten-  
2175 do as privatizacións.  
— → Recuperar todos os dereitos subtraídos  
— nestes últimos anos.  
— → Esixímoslle ao Goberno que garanta o  
— dereito a uns servizos públicos de calidade.  
2180
- PROPOSTAS**
- 2185 → Establecer un número suficiente de em-  
— pregados e empregadas públicos, ben for-  
— mados e cunhas condicións de traballo  
— dignas, para asegurar a calidade e eficien-  
— cia dos servizos que se prestan a toda a  
— cidadanía.  
— → Manter os servizos públicos nun modelo  
— de prestación directa, opoñéndonos á súa  
2190 privatización ou externalización, e deman-  
— dar que os externalizados volvan á xestión  
— pública.  
— → Establecer mecanismos de regulación e  
— control democrático dos servizos públicos  
2195 xestionados pola iniciativa privada, para  
— garantir unha prestación de calidade.  
— → Esixir a dotación dun financiamento su-  
— ficiente a todas as Administracións para o  
— bo exercicio dos dereitos da cidadanía,  
— achegando fondos de cohesión abondos  
2200 para as Administracións locais.  
— → Esixir a consolidación dunha xustiza  
— gratuítas, áxil, próxima á cidadanía e proce-  
— dementos simplificados, potenciando a súa  
— coordinación e organización, e achegar as  
2205 sedes aos cidadáns.  
— → Esixir o investimento en transportes e  
— comunicación; fomentar o acceso a un  
— transporte público que conecte axeitada-  
— mente as poboacións e barrios das nosas  
2210 cidades.
- 2215
- 2220
- 2225
- 2230
- 2235
- 2240
- 2245
- 2250
- 2255
- 2260

**BLOQUE 4. ADECUAR O SINDICATO AO TEMPO ACTUAL**

— A forza do sindicato, a súa lexitimación social, vén determinada por tres elementos ligados entre si: a afiliación, a representatividade acadada nas eleccións sindicais e os efectos da súa acción na sociedade, o seu poder contractual.

**A AFILIACIÓN**

— As persoas afiliadas son o elemento esencial que conforma o sindicato, sen afiliación non habería sindicato. Ademais de garantir a subsistencia da organización, son o principal elemento da capacidade de intervención sindical nos centros de traballo e na sociedade.

— As persoas afiliadas deben ser preferentes no tratamento do sindicato: a elas van dirixidas fundamentalmente as nosas actuacións e con elas as levamos a cabo.

— A caída permanente da afiliación dende o ano 2009 (remate da etapa expansiva) ata hoxe en 12.000 persoas esixe que a recuperación do crecemento afiliativo estea presente en todas as iniciativas que tome o sindicato. Precisamos o compromiso de traballo efectivo por parte dos cadros sindicais e, se somos capaces, de estendelo ao conxunto do activo do Sindicato: non só aos sindicatos comarcais e seccións sindicais que manteñen actividade permanente, senón á maior porcentaxe posible de delegados/as, que son os que acotío están en contacto directo cos seus compañeiros/as de traballo.

— Non se trata de trasladarlles aos delegados e delegadas a responsabilidade da tarefa afiliativa, sen que os cadros do Sindicato a asuman tamén como unha prioridade na súa actuación diaria.

— Durante este tempo mantívose mellor o nivel de altas de afiliación que o de baixas, polo que cómpre atender a fidelización para evitar as baixas.

**OBXECTIVO**

— → Recuperar os niveis de afiliación anteriores á crise.

**PROPOSTAS**

— → Elaborar en todas as estruturas, como tarefa preferente, plans de traballo sistemático para atraer afiliación. Estes plans incluirán:

— ■ Visitas sistemáticas ás pemes, con prioridade onde temos delegados e delegadas sen afiliar.

— ■ Actualización sistemática das listaxes de empresas para visitar.

— ■ Obxectivos de seguimento automático, medibles e avaliábeis, nas pemes e nas seccións sindicais.

— ■ En todas as reunións ordinarias dos órganos de dirección incorporárase na orde do día o seguimento do plan de afiliación así como posibles medidas correctoras.

— ■ En todas as asembleas de delegados e delegadas incorporaremos na orde do

— día a importancia da afiliación, e convidarase a aquelas persoas que non estean afiliadas a que se afilien.

— ■ Todas as follas informativas que se repartan nas empresas e centros de traballo rematarán solicitando a afiliación ao Sindicato.

— → Elaborar plans de traballo para a fidelización e control de baixas das persoas afiliadas:

— ■ Establecer ferramentas para a comunicación sistemática coa afiliación, tanto no centro de traballo como nos locais do sindicato.

— ■ Fixar protocolos de atención ás persoas afiliadas, tanto no centro de traballo como nos locais do sindicato.

— ■ A UAT do Sindicato Nacional ten que redactar unha carta modelo de benvida á nova persoa afiliada, así como realizar o control periódico do nivel de satisfacción da afiliación co Sindicato.

— ■ A UAT deberá establecer un sistema de seguimento continuo das baixas ligado ás estruturas federais, para poder actuar decontado cando se produza unha baixa e tamén nos casos de persoas non localizadas. Mellorar o emprego do Gestel.

— ■ Asegurar que todos os nosos delegados, delegadas e persoas afiliadas coñecen o plan de cotas.

**OS SERVIZOS DO SINDICATO**

— Os servizos que ofrece o sindicato diríxense á afiliación, polo tanto, son un elemento básico para fidelizala e cómpre relacionalos coa actividade sindical.

— O principal servizo que ofrece o sindicato é o asesoramento xurídico, que ademais está intimamente relacionado coa acción sindical nos centros de traballo.

— As asesorías xurídicas son unha ferramenta fundamental do sindicato de cara á afiliación e aos traballadores e traballadoras en xeral; complementan e reforzan as actividades principais da organización, é dicir, o asesoramento sindical e a negociación colectiva, para ofrecerlles protección ante as continxencias que se producen no ámbito das relacións laborais. Os servizos xurídicos deben seguir sendo un motivo para a afiliación, e o noso equipo de profesionais unha referencia social na defensa das liberdades e os dereitos dos traballadores e traballadoras.

— Os servizos xurídicos do Sindicato Nacional de CCOO identifícanse cos principios confederais de asesoramento e asumen plenamente o modelo organizativo establecido, así como as liñas estratéxicas acordadas entre todos.

— Neste sentido, nos últimos anos procurouse que a implantación deste modelo común se fixese optimizando recursos, res-

— pectando as particularidades xeográficas e demográficas da nosa comunidade e tentando mellorar a coordinación.

— Os numerosos cambios lexislativos, así como a constante transformación do mercado de traballo dos últimos anos obrígnos a adaptar o funcionamento dos nosos servizos xurídicos a esta realidade complexa.

— No marco do debate confederal sobre os cambios necesarios para os próximos catro anos, e unha vez aprobadas as liñas xerais, desde o Sindicato Nacional debemos afrontar os novos retos.

**OBXECTIVO**

— → Mellorar a prestación de servizos, procurando ampliar a casuística.

**PROPOSTAS**

— → Mellorar a calidade da actividade xurídica e abri-la a especialidades escasamente atendidas, sempre dentro do ámbito laboral, co que se evitaría a excesiva externalización; para isto é imprescindible un plan de formación anual específico para o persoal xurídico.

— → Mellorar a xestión administrativa e económica dos servizos xurídicos do Sindicato Nacional, adaptando as nosas tarifas e os acordos de interese sindical aos cambios constantes no marco sociolaboral, sen perder de vista o imprescindible equilibrio orzamentario.

— → Aumentar a coordinación e vinculación dos nosos servizos xurídicos co conxunto do sindicato, para o que precisamos fortalecer a figura do filtro sindical e compatibilizar o desempeño profesional do persoal coa atención ás estruturas sindicais.

— → Estes cambios e melloras requirirán a reelaboración e posterior debate de documentos que marquen pautas de actuación e protocolos que aseguren un coñecemento e un uso unificado dos nosos servizos xurídicos.

— → Manter o servizo do Gabinete de Saúde Laboral.

— → Mellorar as guías de servizos das unións e do Sindicato Nacional, actualizándoas de xeito sistemático.

— → Difundir nos centros de traballo outros servizos que ofrecemos no eido do turismo social, o ocio e mesmo os seguros de Atlantis.

— → Colaborar coa Federación de Pensionistas e Xubilados e coa mocidade, especialmente na oferta destes servizos.

**A PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS****AFILIADAS**

— Facilitar a participación da afiliación na toma de decisións do Sindicato Nacional, tanto no centro de traballo como nos outros ámbitos do sindicato, é unha das vías máis



- 2455 importantes de fidelización e o mellor sistema para que a persoa afiliada se identifique coas estratexias e obxectivos fixados.
- O primeiro estímulo para que a afiliación participe é que reciba información singularizada, diferenciada da información xeral que recibe o resto de poboación. Isto fai que se sinta parte do colectivo do sindicato, que é tida en consideración, que se lle consulta cando hai procesos de negociación, que se busca o seu parecer para tomar decisións.
- 2460 — O segundo estímulo é ter un espazo para participar da vida orgánica, sexa de xeito presencial (xuntanzas nos locais do sindicato no centro de traballo ou na unión territorial, asembleas de afiliados e afiliadas no nivel sectorial ou xeral) ou noutros espazos virtuais que ofrecen as novas tecnoloxías da información e a comunicación (videoconferencias, consultas e referendos, etc.).
- 2470 — Se as persoas afiliadas, e mesmo o resto de traballadoras e traballadores, participan na toma de decisións do sindicato, seguramente secundarán en maior medida as mobilizacións en apoio daquelas propostas aprobadas e das que tomaron parte.
- 2480 — A participación dos traballadores e traballadoras é unha opción sindical irrenunciable para consolidar os dereitos de información e consulta nas empresas e mesmo nas institucións, e cómpre amplialos coa participación nas decisións estratéxicas.
- 2485 — Para garantir a transparencia desta participación e a súa lexitimidade sindical, cómpre aplicar e facer o seguimento do Código ético que aprobamos en 2015.
- 2490 —
- **OBXECTIVO**
- → Establecer ámbitos e canles que faciliten a participación das persoas afiliadas na toma de decisións do sindicato.
- 2495 —
- **PROPOSTAS**
- → En primeiro lugar no centro de traballo das pemes onde, periodicamente, seguindo as pautas dos plans de traballo, as persoas afiliadas serán atendidas pola estrutura de rama correspondente.
- 2500 — → Nas medianas e grandes empresas a través da sección sindical que, pola súa vez, estará atendida pola estrutura federal correspondente.
- 2505 — → As direccións federais de sector farán un seguimento periódico do plan de implantación de seccións sindicais para garantir a participación da afiliación.
- 2510 — → Garantir a difusión puntual da información relacionada coa actividade sindical, tanto no ámbito federal como no ámbito sociopolítico, especialmente con ocasión da negociación colectiva ou mobilizacións sociais.
- 2515 — → Establecer un protocolo de participación para a elección das nosas candidaturas nas eleccións sindicais, garantindo a proporcionalidade de mulleres e persoas mozas.
- 2520 — → Dar formación sobre técnicas de comunicación e novas tecnoloxías para implantalas nas diferentes estruturas, especialmente nas seccións sindicais, e garantir a circulación e comprensión das mensaxes sindicais.
- 2525 — → Establecer protocolos e redes que garantan a circulación áxil da información sindical entre as persoas afiliadas e, noutro nivel, entre o conxunto das traballadoras e traballadores.
- 2530 —
- **A REPRESENTATIVIDADE**
- O número de delegados e delegadas elixidos nas eleccións sindicais (rexistradas no cómputo dinámico nas oficinas públicas de rexistro) acredita os niveis de audiencia do Sindicato Nacional nas institucións. Con todo, a lexitimidade de representación do Sindicato confírenola, ademais, a nosa acción na sociedade e no mundo do traballo. O Sindicato negocia acordos (convenios sectoriais, acordos interconfederais, etc.) que amparan os dereitos dos traballadores e traballadoras, que, a maioría, non poden elixir representación por encadrárense en empresas con menos de seis traballadores.
- 2535 — Ou sexa, a proporción de delegados e delegadas lexitímanos nos órganos de representación unitarios para intervirnos, non só nos centros de traballo, senón tamén nas institucións públicas e privadas. Así trasladamos a eses ámbitos as propostas que, coa participación da afiliación, elaboramos e defendemos nos espazos que conquistamos, especialmente con ocasión da negociación colectiva (convenios colectivos de empresa, de sector, etc.).
- 2540 — Os delegados e delegadas nas pemes e os membros dos órganos de representación unitarios, xunto cos delegados sindicais e órganos de representación da sección sindical son as nosas terminais nos diferentes centros de traballo.
- 2545 — Ao remate do proceso de concentración electoral no ano 2012 obtivemos uns resultados electorais que supuxeron un empate técnico de CCOO e UGT. Perdemos cotas de representación (non só pola destrución de emprego) que urxe recuperar. CCOO somos na actualidade a terceira forza sindical no cómputo dinámico de Galicia.
- 2550 —
- **OBXECTIVO**
- 2555 — → Recuperar os niveis de representación perdidos.
- 2560 —
- **PROPOSTAS**
- 2565 — → Ser a primeira forza sindical en Galicia.
- 2570 — → Implantar en todas as estruturas do Sindicato Nacional plans de recuperación de representatividade, con obxectivos concretos e medibles en prazos de tempo establecidos; con responsables identificables de cada ámbito; que permitan un seguimento cotián; que diferencien as pemes; e atendidas fundamentalmente polas estruturas federais e territoriais (colaboración entre es-
- truturas) e as empresas con sección sindical establecida.
- 2590 — → Seguimento dos plans de representatividade en todas as xuntanzas ordinarias das estruturas do Sindicato Nacional, de xeito que se comprobe o cumprimento dos obxectivos e, se for o caso, pór en marcha medidas correctoras.
- 2595 — → Incorporar a perspectiva de xénero, o que significa integrar en cada intervención o obxectivo da igualdade de xénero e a consecución de formas de participación e representación igualitarias para mulleres e homes.
- 2600 —
- **ATENCIÓN A COLECTIVOS ESPECÍFICOS**
- 2605 — Aparece como un mal síntoma que as persoas menores de 30 anos representen menos do 5% da afiliación do sindicato, tendo en conta que se incorporan cada vez máis tarde e en condicións máis precarias á vida laboral activa.
- 2610 — As mulleres vense forzadas con frecuencia a incorporarse ao mercado laboral nas actividades e sectores máis precarios. Se as persoas máis novas, mulleres e homes, son a potencial remuda natural, tanto no eido organizativo como no da afiliación do sindicalismo, cómpre achegármonos a elas máis cedo ca tarde.
- 2615 — Unha das poucas «saídas» laborais que atopan as persoas mozas é a emigración, unha parte moi considerable a países da UE e outra parte a países dos máis diversos lugares do mundo. A maioría, por non dicir a totalidade, con moi elevada cualificación, mais con ningún contacto previo co sindicato, nin no ámbito educativo nin no profesional.
- 2620 — O mesmo sucede coa escasa afiliación de traballadoras e traballadores autónomos, que padecen situacións de precariedade laboral análogas ás do resto de traballadores/as por conta allea.
- 2625 —
- **OBXECTIVO**
- 2630 — → Incorporar máis persoas destes colectivos ao Sindicato Nacional.
- 2635 —
- **PROPOSTAS**
- 2640 — → Elaborar un plan de actuación dirixido aos traballadores e traballadoras autónomos: identificar os sectores ou actividades en que teñen maior presenza; prestar atención sindical a dependentes TRADE nas federacións. Buscar fórmulas de asesoramento desde as comarcas para autónomas e autónomos propiamente ditos.
- 2645 — → Manter un espazo na web con información actualizada relacionada cos autónomos e dirixirnos de maneira periódica a esta afiliación.
- 2650 — → Promover acordos de colaboración con organizacións de autónomos.
- 2655 — → Incorporar as súas reivindicacións aos marcos xerais de interlocución coa Administración en materias como fisca-

— lidade, emprego ou formación.  
 — → Estudar fórmulas organizativas que facilitem a incorporación da mocidade ao sindicato, intensificando o traballo nos centros educativos (FP e universidade).  
 2660 — → Establecer protocolos de cooperación con organizacións de mozos e mozas cos que compartamos obxectivos.  
 — → No ámbito confederal, establecer unha coordinación internacional (CES) para poder asesorar no país de destino as persoas mozas que emigren.  
 2665 —

#### A ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO SINDICATO NACIONAL

2670 — O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia é unha confederación que agrupa, en igualdade de dereitos e obrigas, estruturas territoriais e federativas. O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, dende a súa autonomía e compromiso, é unha das maiores organizacións sociais de Galicia e está decontino obrigada á mellora da súa constitución orgánica, entendida esta como estrutura pero tamén como cultura e como conxunto de colectivos e persoas.  
 2675 —

— A estrutura do Sindicato Nacional asenta en dous piares. Un é a estrutura territorial (horizontal ou intersindical): o traballador ou traballadora organízase en función do lugar onde traballa e desenvolve a súa vida familiar e social, son as unións territoriais.  
 — O outro pilar é a estrutura de rama (vertical): en función do sector da produción en que desenvolve a súa actividade laboral, son os sindicatos e as federacións de rama.  
 2680 —

— Por conseguinte, o Sindicato Nacional debe camiñar de xeito acompasado sobre estes dous piares, na mesma dirección e coa mesma intensidade. Este movemento coordínano os órganos de dirección e representación, fundamentalmente o Consello Nacional e o Comité de Dirección Nacional.  
 2685 —

— A estrutura básica que atende as cuestións relacionadas coa actividade puramente laboral nas grandes empresas son as seccións sindicais. Nestas empresas temos recursos suficientes para implantar unha organización mínima con certa capacidade para funcionar de maneira autónoma baixo a dirección da estrutura federal correspondente. Nas pemes, a organización que debe funcionar é o sindicato de rama ou o equipo de atención que corresponda, segundo os acordos que puideren existir en función da colaboración entre estruturas para compartir recursos.  
 2700 —

— As unións territoriais son a estrutura que atende as cuestións relativas á defensa das condicións de vida e de traballo, independentemente do sector de produción, isto é, o que chamamos a acción sociopolítica do sindicato. Ademais, a estrutura territorial encárgase de xestionar unha serie de servizos como son as asesorías, locais para xuntanzas e outros.  
 2705 —

— Nestes últimos anos do mandato dende

— o 10.º Congreso confederal e do Sindicato Nacional, produciuse unha notable reestructuración das organizacións de rama: as federacións de Industria, Fiteqa e Feagra fusionáronse na nova Federación de Industria; a Federación de Servizos Privados (Actividades Diversas) e a Federación de Construción fundíronse na Federación de Construción e Servizos; e a Federación de Hostalería e Comercio fundiuse coa de Banca e Aforro na Federación de Servizos. O resultado son menos federacións de rama pero máis fortes.  
 2725 —

— No seu día, no Sindicato Nacional apostamos por unha estrutura territorial comarcal, dadas as características de Galicia: concentración empresarial (e demográfica) na costa, e despoboamento (empresarial e humano) no interior, dispersión xeográfica, etc.  
 2730 —

— Mais a experiencia acumulada dende que conformamos a distribución comarcal levounos a proceder a algunhas fusións de unións territoriais en congresos anteriores. Tendo en conta esta experiencia e a aposta que se está a facer para racionalizar e optimizar os recursos de que dispoñemos, tanto en medios humanos como materiais, cómpre un novo esforzo de racionalización das estruturas, no que o Sindicato Nacional ten a potestade de decidir as unións comarcais e intercomarcais.  
 2735 —

#### OBXECTIVO

— → Racionalizar a organización territorial do Sindicato Nacional

— → Avanzar na cooperación entre estruturas compartindo os seus recursos.  
 2740 —

#### PROPOSTAS

— → Nun prazo de tempo que non debería superar os seis meses dende o remate do congreso, farase un mapa de recursos do Sindicato Nacional que recolla a realidade empresarial e do emprego, os recursos humanos, as horas sindicais, as liberacións e mais os recursos económicos dispoñibles, a súa distribución e a que obxectivos se dedican.  
 2745 —

— → Celebración dunha conferencia, unha vez rematado o mapa de recursos, na que se acordará a estrutura territorial máis axeitada á realidade e obxectivos que temos que afrontar neste momento.  
 2750 —

#### A COOPERACIÓN ENTRE ESTRUCTURAS

— A realidade é que practicamente ningunha das estruturas federativas ou territoriais poden atender todas as competencias e tarefas que teñen asignadas; polo tanto, hoxe máis ca nunca precisamos de fórmulas concretas de cooperación territorial, federativa e interfederativa, que se han concretar e definir en cada territorio. Neste sentido, a Comisión Executiva do S. N., o Comité de Dirección e o Consello do S. N. deben ter competencias para adoptar medidas de obrigado cumprimento nas estruturas afectadas.  
 2755 —

2790 — É imprescindible a máxima cooperación entre estruturas para evitar duplicidades e baleiros de atención sindical, este é un principio: impulsar a confederalidade e a solidariedade no seo do Sindicato Nacional.  
 —

#### OBXECTIVO

— → Impulsar a cooperación no ámbito inter-federal e mais entre ramas e territorios.  
 2795 —

#### PROPOSTAS

— → Elaborar o mapa de recursos que propicie o coñecemento e racionalidade na súa asignación, vinculado a obxectivos precisos e avaliábeles.  
 2800 —

2805 — → Aplicar o código de utilización de dereitos sindicais.

— → Potenciar a coordinación e establecer un código de boas prácticas na área pública.

— → Impulsar códigos e acordos de funcionamento nos espazos compartidos: grandes superficies e polígonos comerciais e industriais, complexos hospitalarios, aeroportos, etc. nos que as seccións sindicais, de existiren, poden servir de motor de coordinación da acción sindical nestes ámbitos.  
 2810 —

— → Crear equipos de atención a pemes mixtos, e incorporalos nos plans de traballo para a extensión e a atención sindical.  
 2815 —

#### OS RECURSOS:

##### CONTROL E TRANSPARENCIA

— O Sindicato Nacional está a sentir os efectos perniciosos da profunda crise económica que padecemos dende hai anos, pero tamén do sostido ataque da dereita política e social ao movemento sindical. Esta campaña de desprestixio e posta en cuestión da lexitimidade do sindicalismo confederal e de clase ten o obxectivo estratéxico de debilitalo cunha notable redución de recursos materiais e humanos.  
 2820 —

— Isto obriga a xestionar os recursos —económicos, humanos ou técnicos— con transparencia e eficacia, baixo o principio de solidariedade e cooperación entre as estruturas que conformamos o Sindicato Nacional.  
 2825 —

##### Recursos económicos

— Debemos continuar cos esforzos de contención do gasto e recuperar os ingresos por cotas para manter a autosuficiencia das organizacións do Sindicato Nacional.  
 2830 —

— A solvencia financeira, a independencia económica, esixe que non se gaste o que non se ten; non poden sosterse estruturas con ingresos irregulares e incertos. Temos que continuar garantindo a total independencia na toma de decisións do Sindicato Nacional con respecto dos gobernos, partidos políticos, patronais e demais institucións.  
 2835 —

— Os recursos económicos, igual que os humanos e os técnicos, están destinados a acadar os obxectivos estratéxicos establecidos  
 2840 —  
 2845 —  
 2850 —  
 2855 —

— polo Congreso, impulsar a acción sindical e a organización do sindicato na empresa e mellorar a atención das persoas afiliadas.

2860 Temos, por tanto, unha gran responsabilidade coa afiliación e coa sociedade en xeral.

— A aplicación da Lei de transparencia esixe do Sindicato Nacional a publicación das nosas contas; en especial toda a información económica relacionada con contratos, convenios e subvencións asinados ou concedidos coa Administración e o sector público en xeral.

— Neste sentido, no Sindicato Nacional aplicamos unha serie de iniciativas de carácter confederal que, polo seu sentido instrumental, son a mellor garantía de control e de funcionamento eficaz e transparente.

2875 ■ Actualización permanente e aplicación do manual de procedementos

— ■ Posta en marcha dos sistemas informáticos SIC

— ■ As ferramentas contables confederais (Dimoni DCA)

2880 ■ As auditorías internas da Comisión de Control Administrativo e Financeiro (CCAF).

— ■ Auditorías externas

2885 ■ Posta en marcha do portal do empregado/a

— O Fondo de atención federal nas comarcas do Sindicato Nacional foi quen, no seu día, de axeitar os recursos económicos ás necesidades de atención sindical propias do sindicalismo de proximidade. Dependendo das circunstancias singulares de cada momento, temos que utilizar este tipo de medidas para, entre todas as estruturas do Sindicato Nacional, cofinanciar as necesidades de atención sindical dos ámbitos onde, doutro xeito, quedarían baleiras.

2890 —

—

2895 —

### **Recursos humanos**

2900 As persoas son o recurso primordial das diferentes estruturas do sindicato, pois asumen o compromiso de dinamizar a súa actividade e procuran o resto de recursos (económicos e técnicos) para a eficiente atención da afiliación e dos traballadores e traballadoras en xeral.

2905 No grupo de persoas que mantemos a actividade profesional no Sindicato Nacional, temos que distinguir dous colectivos básicos: o que mantén unha relación puramente asociativa e o que mantén unha relación laboral.

### **Recursos técnicos**

2915 Son o conxunto de elementos materiais necesarios para desenvolver a actividade do sindicato, esencialmente os relacionados coas tecnoloxías da comunicación e a información.

2920 Como consecuencia dos axustes dos gastos para equilibrar os orzamentos, vivimos unha etapa en que só se investiu en mantemento e nas actualizacións indispensables para garantir unha actividade básica.

### **OBXECTIVOS**

2925 → Mellorar a transparencia da xestión dos nosos recursos.

— → Racionalizar os recursos humanos e financeiros, garantindo a autonomía do Sindicato Nacional.

2930 → Aplicar solidariamente o código de utilización dos dereitos sindicais.

— → Racionalizar a utilización dos recursos técnicos.

— → Impulsar a formación sindical.

2935

### **PROPOSTAS**

— Mellorar a transparencia da xestión dos nosos recursos

— → Os órganos de dirección han ter un coñecemento recíproco de todos os recursos dispoñibles en cada organización, tanto económicos como humanos e técnicos. Impulsar os orzamentos e balances integrados do Sindicato Nacional.

2940 → Procedemento áxil de elaboración e seguimento orzamentario.

— → Establecemento do mecanismo de liquidación dos gastos e ingresos comúns, a través da UAR, co seguimento e participación da Comisión de Gastos e Ingresos Comúns do Sindicato Nacional.

2945 → Mantemento, racionalizando o gasto, das auditorías externas como instrumento de transparencia.

2955 → Mellora da aplicación da lei de transparencia, establecendo un protocolo de actualización automático na nosa web.

### **Racionalizar os recursos humanos e financeiros, garantindo a autonomía do Sindicato Nacional**

2960 → Avanzar nunha xestión integrada e integral que nos permita, por unha banda, optimizar e racionalizar os escasos recursos humanos e económicos cos que imos contar e, por outro, minimizar o gasto.

— → Mellorar o método de elaboración do orzamento para conseguirmos orzamento integrado, como unha ferramenta eficaz de planificación dos recursos da organización, incorporando os orzamentos das federacións que non consolidan co CIF do Sindicato Nacional. O orzamento equilibrado debe ser garantía de autosuficiencia.

2975 → Elaborar o plan de tesourería, o plan de investimentos e a potenciación de políticas de aforro e temporalización dos esforzos económicos.

2980 → Preservar o equilibrio financeiro nas estruturas. De persistir desequilibrio durante máis de dous anos continuados, será obrigatorio que o órgano superior aprobe un plan de viabilidade. De non se aprobar ou non se cumprir o dito plan de viabilidade, intervívase economicamente esta estrutura, segundo o disposto nos nosos estatutos.

2985 → Establecer o cumprimento de ratios máximas e mínimas con referencia aos ingre-

— sos propios, aplicables aos gastos de persoal, servizos profesionais independentes, formación, subvencións e investimentos, así como ratios de solvencia.

2995 → Regular o aspecto de redistribución de recursos que supoñen os fondos de solidariedade (FEDOG).

— → Axustar a distribución destes fondos ao momento en que sexan liberados pola Administración.

3000

### **Aplicar o código de utilización dos dereitos sindicais**

— → Impulsar acordos en aplicación do código de utilización de dereitos sindicais; ten especial relevancia establecer un código de boas prácticas da persoa permanente sindical (liberada).

— → Impulsar a aplicación do código ético.

3010 → Acordar a estrutura de persoal laboral que cada ámbito debe ter.

— → Formar as persoas responsables de finanzas sobre o seu cometido, o plan xeral contable e sobre a utilización das diferentes ferramentas contables.

— → Formar na utilización da información financeira e o cumprimento de leis e normas.

3015 → Incluír nos estatutos do Sindicato Nacional un procedemento de sanción abreviado para infraccións ou delitos contables.

— → Completar a base de datos de todo o persoal do Sindicato Nacional, incluíndo as persoas que consoliden con distintos CIF.

— → Coñecer e facer o seguimento da conflictividade laboral (procesos xudiciais) que se produza no conxunto do Sindicato Nacional.

— → Elaborar o Estatuto do sindicalista, no que se regulen as diferentes situacións de sindicalista con ou sen cargo representativo e sindicalista colaborador con relación laboral.

— → Axustar as condicións do persoal laboral no sentido dun futuro acordo marco confederal.

3035 → Elaborar un plan de formación para o persoal laboral do Sindicato Nacional, que inclúa accións formativas en relación co seu posto de traballo e o desenvolvemento da súa carreira profesional e no que se poida incorporar un módulo básico sobre a historia de Comisións Obreiras, a súa estrutura, servizos, obxectivos, etc.

### **Racionalización da utilización dos recursos técnicos**

— → Racionalizar a utilización dos equipos (servidores, equipos informáticos e telefonía) continuando co seu seguimento minucioso.

— → Manter ao día o seguimento para o cumprimento daquelas normas legais relacionadas coa información e a comunicación (licencias actualizadas, LOPD, etc.).

3055 → Elaborar un inventario e un plan de posta ao día daqueles equipos técnicos de que dispoñemos.



- **A FORMACIÓN SINDICAL**  
 — **COMO FERRAMENTA PARA MELLORAR**  
 3060 **O NOSO TRABALLO**  
 — A formación sindical é imprescindible para capacitar no exercicio da acción sindical os cadros do sindicato e a representación dos traballadores e traballadoras nas empresas, pero tamén para conseguir a extensión das políticas sindicais.  
 3065 Neste último período, realizamos accións formativas relacionadas coas políticas de xénero, as técnicas de negociación e comunicación, a saúde laboral, a inmigración, as eleccións sindicais, a negociación colectiva, etc. O número resultou claramente insuficiente en relación coas necesidades.  
 3070 O cambio no modelo de formación profesional para o emprego, culminado en 2015 pero iniciado no 2012, supuxo un recorte en medios humanos, materiais e económicos que non fomos capaces de cubrir. Idénticas razóns influíron na imposibilidade de constituír un grupo estable de formadores e formadoras sindicais con persoas das diferentes estruturas.  
 3075 Neste mandato iniciou o seu traballo a Escola Sindical do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, co obxectivo de dispor dun foro de debate sobre temas sindicais, políticos, económicos e sociais, dirixido prioritariamente aos cadros dirixentes do sindicato.  
 3080 Neste mandato iniciou o seu traballo a Escola Sindical do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, co obxectivo de dispor dun foro de debate sobre temas sindicais, políticos, económicos e sociais, dirixido prioritariamente aos cadros dirixentes do sindicato.  
 3085 **OBXECTIVOS**  
 — → Dar estabilidade á formación sindical e reforzar a nosa base ideolóxica.  
 3090 **PROPOSTAS**  
 — → Definir o modelo de formación sindical que queremos e con que recursos, tendo en conta as limitacións dos ingresos externos á cota.  
 3100 → Destinar o 1% da cota da afiliación á formación sindical.  
 — → Aproveitar os recursos persoais propios, a capacidade das persoas da organización que poidan cooperar na formación en materias como negociación colectiva, políticas de comunicación, manexo de nóminas, contratación, seguridade social...  
 3105 → Conseguir que os novos delegados e delegadas e os cadros sindicais teñan coñecementos sobre CCOO, a súa estrutura, obxectivos, política sindical, historia, servizos, etc.  
 3110 → Promover a colaboración entre estruturas para determinar as accións formativas, definir obxectivos e para captar o alumnado.  
 3115 → A planificación das accións formativas debe ter en conta o crédito de horas sindicais dos e das participantes. Así mesmo, é conveniente que as xornadas lectivas non teñan unha duración excesiva.  
 3120 → Incluir en todos os cursos de formación sindical un módulo sobre a importancia da afiliación ao Sindicato, e do compromiso que todos e todas temos ou debemos adquirir na
- 3125 construción dun sindicato máis forte.  
 — → Incluir accións concretas para a formación e sensibilización das persoas que negocian os convenios, como responsables de incluír medidas ou plans de igualdade en todos os procesos de negociación.  
 3130 **OS INSTRUMENTOS DO SINDICATO**  
 — Denominamos xenericamente «instrumentos do sindicato» aquelas estruturas que non están formalmente recoñecidas ou encadradas, segundo o título III dos Estatutos. Ofrécennos a posibilidade de desenvolvermos unha actividade sindical e unha xestión máis eficaces, ampliando e optimizando os nosos recursos. Trátase, en todo caso, dunha posibilidade recoñecida polos propios Estatutos do Sindicato e os acordos congresuais.  
 3135 O aproveitamento e a boa utilización deses instrumentos por parte do Sindicato debe contribuír a fortalecelo e a incrementar a súa capacidade de intervención; en definitiva, a ser máis útil na defensa dos traballadores e traballadoras. Pero a utilización de recursos públicos, o feito de estaren financiados ou cofinanciados por subvencións procedentes das Administracións públicas con carácter finalista, obríganos a ser máis coidadosos e cumprir rigorosamente os requisitos legais, tanto na utilización e xustificación dos recursos económicos, materiais ou humanos como no que respecta á legalidade asociativa.  
 3140 Temos tres bloques de instrumentos:  
 3145 ■ Fundacións creadas polo Sindicato  
 — ■ Instrumentos creados sobre a base de contratos programa  
 — ■ Asesorías e gabinetes  
 3150 **Fundacións creadas polo Sindicato**  
 — Son as fundacións Paz e Solidariedade e 10 de Marzo. Ambas contan con CIF propio e están sometidas á Lei de fundacións. Á parte disto, cada unha delas responde ás seguintes características:  
 3160 **FUNDACIÓN PAZ E SOLIDARIEDADE E FUNDACIÓN 10 DE MARZO**  
 — Paz e Solidariedade foi creada para impulsar a solidariedade con países e poboacións subdesenvolvidos ou marxidados, fundamentalmente a través do apoio e o fomento do desenvolvemento sindical e das liberdades sindicais. Está recoñecida como organismo homologado pola Xunta de Galicia para a cooperación internacional. O Sindicato Nacional como tal tamén figura neste mesmo rexistro.  
 3175 A Fundación 10 de Marzo é un instrumento do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia que ten unha longa traxectoria e conta cun recoñecido prestixio no marco das institucións galegas. Este prestixio vén dado tanto polo rigor como pola calidade dos traballos e actividades desenvolvidas na Área de Historia e na Área Socioeconómica.  
 3180 Un dos seus cometidos é dar a coñecer o seu arquivo e os traballos de catalogación, exposicións e actividades didácticas en colaboración con universidades e institutos, co obxectivo de poñer en común a nosa historia que, en definitiva, é a historia do movemento obreiro galego.  
 3195 Cómpre ter en conta que as fundacións 10 de Marzo e Paz e Solidariedade contan co protectorado que depende da Xunta, polo que segue a ser determinante o financiamento para poder manter con garantías os fondos e o arquivo. Sendo conscientes de que neste momento os recortes son enormes, temos que insistir no recoñecemento da nosa historia de clase e non esquecer que é un legado obrigado para as xeracións vindeiras. O mesmo que a cultura da solidariedade internacional da clase obreira que inspira a fundación Paz e Solidariedade.  
 3200 A día de hoxe está en marcha o proceso de fusión das dúas fundacións co obxectivo de facelas máis eficientes na súa xestión e complementarias nos seus fins sociais.  
 3205 **OBXECTIVOS**  
 — → Seguir avanzando e potenciando os traballos e actividades das nosas fundacións, para conseguir a colaboración das distintas estruturas.  
 — → Rematar o proceso de fusión de ambas as dúas fundacións.  
 — → Pór en valor a nosa identidade internacionalista e intercultural así como a nosa longa traxectoria, para saírmos reforzados en momentos como o actual.  
 — → Intensificar e difundir o coñecemento dos traballos de investigación da F10M nos espazos culturais das universidades, centros culturais, concellos e aqueloutros ámbitos onde se potencie e difunda a historia da clase obreira e do sindicalismo, na que Comisións Obreiras conta cun prestixio recoñecido.  
 3210 **Instrumentos creados sobre a base de contratos programa ou subvencións**  
 3215 **GABINETE DE SAÚDE LABORAL**  
 — Creado a partir da asignación de recursos da Fundación para a Prevención de Riscos, constituíuse cumprindo o previsto na disposición adicional quinta da Lei de prevención de riscos laborais, e adscrita á Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, que ten como finalidade promover a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, especialmente nas pequenas empresas.  
 — Para o cumprimento dos seus fins dótase con patrimonio ao cargo do Fondo de Prevención e Rehabilitación procedente dos excedentes da xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.  
 3220 Os orzamentos que a Fundación asigna aos ámbitos territoriais autonómicos atribúense, para a súa xestión, aos órganos tripartitos e de participación institucional,

- que no caso de Galicia é o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral composto por CCOO, UGT, CIG, CEG e Consellaría de Traballo.
- 3260 —
- 
- 
- 
- **Asesorías e Gabinetes**
- 3265 —
- **ASESORÍA XURÍDICA**
- Os Servizos Xurídicos do Sindicato Nacional de CCOO desenvolvéronse dende o inicio canda o sindicato e, non en poucas ocasións, foron o principal soporte da nosa acción sindical. O noso equipo de profesionais sempre foi unha referencia social na defensa das liberdades e os dereitos dos traballadores e as traballadoras.
- 3270 —
- É vontade do S. N. de CCOO de Galicia potenciar un servizo xurídico de calidade, que atenda con eficacia as necesidades técnico-xurídicas do Sindicato e as de todos os traballadores e traballadoras que nolo demanden, e que cumpra asemade a función de instrumento de acción sindical, defendendo e ampliando os espazos de dereito e de liberdade.
- 3280 —
- Todo isto ha ser necesariamente compatible cun financiamento do servizo suficiente e na liña de austeridade que nos marcamos.
- 3285 —
- 
- **GABINETE ECONÓMICO**
- 3290 —
- Está composto por dous técnicos. Desenvolve a súa actividade na área económica para o conxunto de organizacións que compoñen o Sindicato Nacional: desde as de base, como é a sección sindical, ata os órganos de dirección. Depende organicamente da Secretaría Xeral.
- 3295 —
- As tarefas básicas do Gabinete son de asesoramento da propia Comisión Executiva, das unións e federacións e mesmo das seccións sindicais e delegados e delegadas sindicais, atendendo as diferentes necesidades e demandas de cada nivel do sindicato.
- 3300 —
- 
- **GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**
- 3305 —
- O idioma é un destacado sinal de identidade e do carácter «nacional» do sindicato e, en consecuencia, debe empregarse tanto na comunicación oral como en todo o material escrito que se elabore no ámbito galego.
- 3310 —
- Esta é a razón pola que no seu día nos decidimos a crear o Gabinete de Normalización Lingüística, coa función de axudar á normatización da documentación que elaboramos e de impulsar na organización o emprego da nosa lingua. Aínda que hoxe constatamos importantes avances, estamos lonxe de poder dicir que o uso do idioma no Sindicato Nacional está normalizado; pola contra, semella que dende hai uns anos fica estancado, sen acabar de completarse a normalización no conxunto da organización ou naqueles eidos onde se produce maior resistencia.
- 3315 —
- Elaborar un plan de normalización do idioma no Sindicato Nacional, coa ambición de estendelo a toda a organización, é un importante obxectivo que debemos impoñer-nos. Para isto cómpre sensibilizar o conxunto dos órganos de dirección e recuperar a defensa do idioma para o acervo reivindicativo do Sindicato Nacional. Sen idioma non hai identidade nacional.
- 3330 —
- Obxectivo esencial é garantir os recursos económicos suficientes para o mantemento da actividade destes gabinetes, xa que as achegas das Administracións, cada vez máis cativas, non abundan para o seu mantemento. Na actualidade estanse a cubrir estas carencias con achegas da Comisión Executiva Nacional.
- 3335 —
- 
- 3340 —
- **A POLÍTICA DE COMUNICACIÓN**
- CCOO concibe a comunicación como unha ferramenta ao servizo dos obxectivos do sindicato, definidos tanto nos seus estatutos como neste relatorio. Polo tanto, a comunicación non se pode cingir á conxuntura, senón que ha transcendela. A comunicación culmina os procesos de información interna e externa, é dicir, sempre é bidireccional.
- 3345 —
- 
- 3350 —
- **OBXECTIVOS**
- → Definir e coidar a nosa política de comunicación, fundamental para visibilizar o traballo do sindicato e difundir as nosas propostas.
- → Mellorar o fluxo interno da información na nosa organización.
- → Potenciar a cohesión e coordinación interna, xa que redundará na idea de sermos un interlocutor fiable e mellorará a nosa relación cos medios de comunicación.
- 3360 —
- → Ampliar a nosa presenza nos medios de comunicación e foros de opinión.
- → Garantir que CCOO siga a ser unha voz autorizada, traballando a oferta informativa ademais de atender a demanda.
- 3365 —
- → Pór en valor o labor realizado por CCOO a prol do mantemento e mellora das condicións de vida e de traballo.
- → Reforzar o sindicalismo de clase e a vinculación das persoas afiliadas co seu sindicato.
- → Fomentar a linguaxe inclusiva e non sexista e contribuir á plena normalización da lingua galega.
- 3370 —
- 
- 3375 —
- 
- **PROPOSTAS**
- → CCOO ha destacar pola súa transparencia e accesibilidade. O sindicato pode e debe opinar sobre calquera cuestión que afecte ás condicións de vida e de traballo do pobo galego. Conta, ademais, con gabinetes técnicos que lle permiten emitir opinións rígoras e valiosas.
- 3380 —
- → A imaxe corporativa, formada polas siglas, as cores e o logotipo, é un elemento básico na política de comunicación de CCOO. Identifícanos e represéntanos, por iso debe ser ben visible en canta acción participemos, especialmente se for conxunta con outras organizacións. O Sindicato Na-
- 3385 —
- cional velará polo axeitado uso e aplicación da imaxe corporativa da organización, de conformidade co manual elaborado pola Confederación Sindical.
- 3395 —
- → Consonte os nosos estatutos, as comunicacións oficiais de CCOO realizaranse en galego, tanto as convocatorias como as notas de prensa, comunicados e materiais de información e propaganda.
- 3400 —
- → Reflectir nos espazos comunicativos sindicais o protagonismo compartido de homes e mulleres, e facerse eco de mensaxes e contidos que permitan avanzar na igualdade.
- 3405 —
- → Melloraremos as canles de información interna para optimizar a comunicación tanto interna como externa.
- 3410 —
- → A publicación oficial do Sindicato Nacional de CCOO é Galicia Sindical, que continuará a ser unha ferramenta para informar e, ao tempo, crear opinión.
- → Boa parte da política de comunicación execútase a través da páxina web e das redes sociais. A web recolle a posición oficial da organización, mentres que as redes sociais permiten cubrir a información inmediata e ofrecer unha perspectiva máis próxima, pero sempre dentro da estratexia global de comunicación.
- 3415 —
- → Toda web ou perfil en redes sociais que utilice o nome de CCOO deberá ter unha persoa responsable que, pola súa vez, estea autorizada pola instancia sindical axeitada. O Consello Nacional aprobará un protocolo a este respecto, e será de aplicación o disposto nas nosas normas e regulamentos no referente ao cumprimento ou incumprimento dos acordos.
- 3420 —
- → Elaboración dun protocolo para organizar o fluxo de información interna: tan importante é que a información se espalle no interno da organización como evitar a sucesión de informacións repetidas.
- → Manteremos puntualmente informada a afiliación sobre o noso traballo e as cuestións que sexan do seu interese.
- 3425 —
- → O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia terá unha Secretaría de Comunicación. Así mesmo, todas as estruturas sindicais que del dependan contarán con, polo menos, unha persoa responsable desta materia, que se coordinará co departamento correspondente do Sindicato Nacional.
- → A Secretaría de Comunicación do Sindicato Nacional de CCOO convocará os Plenarios de Comunicación e coordinará as estratexias ao respecto, especialmente no que atange á unificación de criterios.
- 3430 —
- → O Sindicato Nacional fornecerá a formación axeitada ás persoas que asuman as responsabilidades de comunicación.
- → Colaboraremos cos compañeiros e compañeiras que habitualmente participen nos medios de comunicación ou espazos de debate e opinión para facerlles chegar información, documentos, datos e propostas sindicais.
- 3435 —
- 
- 3440 —
- 
- 3445 —
- 
- 3450 —
- 
- 3455 —
-





# Proposta de modificacións e adicións aos estatutos

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

Estes Estatutos teñen o obxectivo de regular a actividade do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e son de aplicación a todas as organizacións que compoñen a estrutura sindical, así como ao conxunto de afiliados e afiliadas.

### DEFINICIÓN DE PRINCIPIOS

Os principios básicos que aquí se definen han ser respectados por todos os afiliados e afiliadas e organizacións que compoñen a estrutura sindical do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia.

### REIVINDICATIVO, NACIONAL E DE CLASE

O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia defende as reivindicacións dos traballadores e traballadoras, e no seu seo poden participar todos os traballadores e traballadoras sen discriminación ningunha. Oriéntase cara á supresión da sociedade capitalista e á construción dunha sociedade socialista en liberdade.

A súa acción, de todo tipo, desenvólvese no seo da nación galega, unha das que configuran o estado plurinacional español. Isto supón loitar para conseguir a completa igualdade de quen vive e traballa en Galicia, rexeitar calquera tipo de discriminación por razóns de orixe xeográfica ou lingüística e reafirmar a plena solidariedade de intereses do pobo galego cos outros pobos do estado español.

En consecuencia, o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia recoñece e desenvolve a súa actividade nos marcos legais existentes e respéctaos como expresión da vontade democrática do pobo galego, que no seu día os aprobou. Aposta decididamente pola defensa do binomio indisoluble que conforman o progreso nacional e o progreso social.

Así mesmo, o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia declárase partidario do desenvolvemento progresivo do marco constitucional e do Estatuto de autonomía. Consecuentemente coa nosa defensa dun modelo federal de estado, o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia apoiará o recoñecemento do dereito a autodeterminación do pobo galego, exercido polos procedementos democráticos que correspondan.

Asumimos os problemas de Galicia e loitamos pola súa resolución porque somos conscientes de que, facéndoo, defendemos os intereses da clase obreira e das capas populares.

Galicia, na medida en que se descentraliza e redistribúe o poder do aparato do Estado, contribúe a democratizalo, acerca as decisións á base, posibilita unha maior intervención dos traballadores e traballadoras e representa a vontade dos galegos e galegas de gobernárense por si mesmos. A defensa e afondamento do autogoberno é para o noso Sindicato unha tarefa prioritaria.

O noso Sindicato, herdeiro da tradición solidaria do movemento obreiro, defende os dereitos dos pobos –entre eles o dereito á autodeterminación–, entendendo estes, non como o enfrontamento duns pobos contra outros, senón como o recoñecemento mutuo dos dereitos de cada un fronte ás imposicións discriminatorias dos centros de poder.

A progresiva converxencia entre a loita de clases e a loita nacional, tal e como se expresa neste apartado, ten pleno sentido no programa de afondamento da democracia e avance cara ao socialismo que o noso sindicato ofrece aos traballadores e traballadoras.

En conclusión, o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, como organización plural, democrática e aberta a todas as traballadoras e traballadores, non debe dar preferencia a unha ou outra concepción de progreso existentes sobre o futuro de Galicia. Pero como sindicato de traballadores e traballadoras está obrigado e comprométese a apoiar todas as iniciativas que fagan que o noso pobo sexa

máis libre das presións do exterior;  
máis xusto e solidario ante os desequilibrios internos;  
máis racional e firme na defensa da súa identidade cultural e da súa lingua, e  
máis aberto e igualitario, rexeitando toda forma de xenofobia na súa relación cos outros pobos.

### UNITARIO

No seu seo poden coexistir distintas concepcións políticas, ideolóxicas e relixiosas. Mantén como obxectivo irrenunciable a procura da unidade sindical libremente decidida polos traballadores e traballadoras. Neste sentido, promoverá e incentivará toda iniciativa encamiñada a favorecer a unidade de acción das centrais sindicais representativas e de clase, e promoverá e xeneralizará a construción de formas unitarias de representación dos traballadores e traballadoras, a partir das asembleas e das organizacións que as propias traballadoras e traballadores elixan democraticamente.

### DEMOCRÁTICO E INDEPENDENTE

A independencia do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia exprésase e garántese, fundamentalmente, por medio do máis amplo exercicio da democracia e da participación dos traballadores e traballadoras na vida interna do sindicato.

As asembleas de afiliados e afiliadas, o funcionamento democrático de todos os órganos do Sindicato Nacional e o respecto ás decisións acordadas por maioría son a base desta independencia, o que nos caracteriza como sindicato asembleario. O Sindicato Nacional de CCOO asume as súas responsabilidades e articula a súa liña de acción con independencia dos poderes económicos, do Estado, dos partidos políticos e de calquera outro interese alleo aos seus fins.

### PARTICIPATIVO E DE MASAS

Considerando que a conquista das reivindicacións sociais e políticas das persoas esixen participación directa, o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia propónse organizar a maioría delas co fin de incorporalas á loita de clases pola súa propia emancipación.

O Sindicato Nacional de CCOO promoverá en todas as súas estruturas a participación da diversidade social existente na clase traballadora.

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

### DE HOMES E MULLERES

O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia ten entre os seus principios o de defender, impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como combater a discriminación por razón de sexo.

O sindicato comprométese a loitar contra o acoso sexual e por razón de sexo e contra a violencia de xénero, e a traballar para conseguir a igualdade real entre homes e mulleres na nosa sociedade.

Para isto, CCOO propón incorporar a transversalidade de xénero a todos os ámbitos da política sindical, promover e desenvolver accións positivas nas relacións laborais e nas condicións de traballo, así como remover os obstáculos para avanzar nunha representación paritaria de homes e mulleres en todos os niveis e en todos os órganos de dirección do Sindicato Nacional de CCOO.

Os órganos de dirección das federacións, das unións comarcais e intercomarcais e do Sindicato Nacional dotaranse dunha Secretaría da Muller.

En todas as estruturas do sindicato, impulsarase a creación de áreas da muller, que se terán que dotar de comisións de traballo.

As diferentes estruturas sindicais garantirán no seu ámbito unha real igualdade de oportunidades das mulleres no desenvolvemento de todas as actividades sindicais: participación xeral, órganos de dirección de todos os niveis e nas listas dos órganos de representación.

Fomentaranse políticas para a igualdade co obxectivo de avanzar cara á paridade nos órganos de dirección. Mentres non se poida lograr este obxectivo, garantirase que a representación de homes e mulleres nos órganos de dirección sexa, como mínimo, proporcional ao número de afiliación de cada ámbito da estrutura sindical de que se trate, e promoverase a mellora da proporcionalidade canto sexa posible.

### SOCIOPOLÍTICO

Ademais de reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos os traballadores e traballadoras, asume a defensa de todo aquilo que lles afecta como clase, na perspectiva de suprimir toda opresión nacional e calquera tipo de explotación.

Así mesmo, o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia exercerá unha especial defensa das reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente e do pacifismo, co fin de eliminar calquera tipo de discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O Sindicato Nacional de CCOO defenderá na súa práctica sindical os principios de solidariedade entre os traballadores e traballadoras, e no seu funcionamento interno rexeráse polo sentimento solidario entre as súas diversas organizacións.

### SINDICATO PLURIÉTNICO

O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia combaterá o racismo e a xenofobia e promoverá os valores do respecto, a tolerancia e a convivencia entre os membros das distintas etnias e pobos.

O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, consciente da necesidade de reforzar o vínculo social que nos une como traballadores e traballadoras e como persoas afiliadas, con independencia do lugar de procedencia, comprométese a loitar polos dereitos dos traballadores e traballadoras inmigrantes e a súa plena igualdade no acceso aos dereitos laborais, sociais e políticos. Así mesmo, comprométese a asegurar a súa participación na actividade sindical e nas tarefas de representación e dirección sindical en igualdade de condicións.

Conscientes de que somos diversos como persoas e iguais como traballadores e traballadoras e cidadáns e cidadás, CCOO comprométese a promover nas empresas e na sociedade a cultura da convivencia e a diversidade persoal e a igualdade de dereitos, e a loitar decididamente contra calquera manifestación, declaración ou acción de contidos ou motivacións de tipo xenófobo, racista ou discriminatorio por razón de procedencia, nacionalidade, credo ou cultura.

### INTERNACIONALISTA

Ante a esencia internacionalista da clase traballadora, afirmase:

- Establecer e reforzar as relacións solidarias con todos os sindicatos de clase democráticos e representativos.
- Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos traballadores e traballadoras de orixe estranxeira que traballan en Galicia.

Do mesmo xeito, o Sindicato Nacional de CCOO comprométese a manter de forma activa a súa solidariedade cos pobos que loitan polas liberdades democráticas e coas persoas refuxiadas e traballadores e traballadoras perseguidos por exercer os seus dereitos democráticos.

Recollendo as ensinanzas da experiencia histórica do movemento obreiro galego, proponse derrubar todas as barreiras existentes entre persoas afiliadas e non afiliadas, institucionalizar a asemblea como soporte principal para a acción sindical e unir a todos os asalariados e asalariadas na defensa dos seus intereses de clase. Así mesmo, tratará de fortalecer cada vez máis os nexos que unen a clase obreira galega coa clase obreira de todo o estado e de Europa.



## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

### I. DEFINIÇÃO DO SINDICATO NACIONAL

#### Artigo 1.

O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia adopta a forma xurídica de sindicato ao amparo e consonte o estipulado na Lei orgánica 11/85 do 2 de agosto, de liberdade sindical, e dispón de plena autonomía para exercer libremente a súa actividade sindical en Galicia, aténdose, naturalmente, aos Estatutos da Confederación.

O Sindicato Nacional (S. N.) de CCOO de Galicia é unha organización sindical nacional e de clase con personalidade xurídica propia e ten por tarefa súa esencial a decidida defensa dos intereses de clase dos traballadores e traballadoras e mais os dereitos nacionais de Galicia, sempre na perspectiva do socialismo democrático e de abolir todo tipo de opresión e explotación.

O S. N. de CCOO de Galicia é, por propia vontade, parte integrante da Confederación Sindical (C. S.) de CCOO e, consecuentemente, parte tamén da Confederación Europea de Sindicatos (CES), e insire a súa acción na loita do conxunto dos traballadores e traballadoras dos pobos de España e de Europa contra a explotación e polo socialismo, sen recuar nunca na loita do pobo galego contra todo tipo de opresión nacional. Neste sentido, orienta a súa actividade cara a:

- a) O exercicio efectivo do dereito de todos os traballadores e traballadoras a un emprego estable e con dereitos.
- b) A plena protección social das persoas traballadoras.
- c) A mellora das condicións de emprego e de traballo da poboación activa.
- d) A solidariedade internacional coas persoas traballadoras de todos os países.
- e) A integración social e laboral de todos os traballadores e traballadoras en xeral e, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión.
- f) A mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural das persoas traballadoras.
- g) A consecución da igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a loita pola eliminación da discriminación da muller na sociedade, e contra todo tipo de violencia de xénero, con especial atención ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo en calquera ámbito.
- h) A protección do medio ambiente e a consecución dun modelo de desenvolvemento sostible.
- i) O apoio ás demandas sociais sobre seguridade e soberanía alimentaria, que esixe garantir en Galicia, en España e a escala internacional o dereito fundamental a alimentos de calidade.

Para isto, o S. N. de CCOO de Galicia desenvolve a súa actividade a través de:

- a) A negociación colectiva
- b) A concertación social
- c) A participación institucional e social
- d) A asistencia, asesoramento e defensa individual e colectiva das persoas traballadoras
- e) A promoción e a xestión de actividades e servizos dirixidos á integración e á promoción social, cultural, profesional e laboral das persoas traballadoras e especialmente das persoas afiliadas.
- f) Cantas accións e actividades considere axeitadas para que se cumpran os seus obxectivos.

#### Artigo 2. Domicilio social

O S. N. de CCOO de Galicia terá o seu domicilio social en Santiago de Compostela, na rúa de Miguel Ferro Caaveiro, 8, San Lázaro, sen prexuízo de que os órganos competentes acorden o cambio a outro lugar, así como o establecemento das delegacións e representacións que se consideren convenientes tanto no eido nacional coma no comarcal ou local.

#### Artigo 3. Emblema

O emblema do S. N. de CCOO de Galicia, que debe recollerse nas publicacións, documentos públicos, propaganda, etc., foi aprobado nun Consello do Sindicato Nacional. É un rectángulo vermello, coas letras CCOO en branco e un segundo rectángulo azul encima do primeiro.

### I. DEFINIÇÃO DO SINDICATO NACIONAL

#### Artigo 1.

O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia adopta a forma xurídica de sindicato ao amparo e consonte o estipulado na Lei orgánica 11/85 do 2 de agosto, de liberdade sindical, e dispón de plena autonomía para exercer libremente a súa actividade sindical en Galicia, aténdose, naturalmente, aos Estatutos da Confederación.

O Sindicato Nacional (S. N.) de CCOO de Galicia é unha organización sindical nacional e de clase con personalidade xurídica propia e ten por tarefa súa esencial a decidida defensa dos intereses de clase dos traballadores e traballadoras e mais os dereitos nacionais de Galicia, sempre na perspectiva do socialismo democrático e de abolir todo tipo de opresión e explotación.

O S. N. de CCOO de Galicia é, por propia vontade, parte integrante da Confederación Sindical (C. S.) de CCOO e, consecuentemente, parte tamén da Confederación Europea de Sindicatos (CES), e insire a súa acción na loita do conxunto dos traballadores e traballadoras dos pobos de España e de Europa contra a explotación e polo socialismo, sen recuar nunca na loita do pobo galego contra todo tipo de opresión nacional. Neste sentido, orienta a súa actividade cara a:

- a) O exercicio efectivo do dereito de todos os traballadores e traballadoras a un emprego estable e con dereitos.
- b) A plena protección social das persoas traballadoras.
- c) A mellora das condicións de emprego e de traballo da poboación activa.
- d) A solidariedade internacional coas persoas traballadoras de todos os países.
- e) A integración social e laboral de todos os traballadores e traballadoras en xeral e, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión.
- f) A mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural das persoas traballadoras.
- g) A consecución da igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a loita pola eliminación da discriminación da muller na sociedade, e contra todo tipo de violencia de xénero, con especial atención ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo en calquera ámbito.
- h) A protección do medio ambiente e a consecución dun modelo de desenvolvemento sostible.
- i) O apoio ás demandas sociais sobre seguridade e soberanía alimentaria, que esixe garantir en Galicia, en España e a escala internacional o dereito fundamental a alimentos de calidade.

Para isto, o S. N. de CCOO de Galicia desenvolve a súa actividade a través de:

- a) A negociación colectiva
- b) A concertación social
- c) A participación institucional e social
- d) A asistencia, asesoramento e defensa individual e colectiva das persoas traballadoras
- e) A promoción e a xestión de actividades e servizos dirixidos á integración e á promoción social, cultural, profesional e laboral das persoas traballadoras e especialmente das persoas afiliadas.
- f) Cantas accións e actividades considere axeitadas para que se cumpran os seus obxectivos.

#### Artigo 2. Domicilio social

O S. N. de CCOO de Galicia terá o seu domicilio social en Santiago de Compostela, na rúa de Miguel Ferro Caaveiro, 8, San Lázaro, sen prexuízo de que os órganos competentes acorden o cambio a outro lugar, así como o establecemento das delegacións e representacións que se consideren convenientes tanto no eido nacional coma no comarcal ou local.

#### Artigo 3. Emblema

O emblema do S. N. de CCOO de Galicia, que debe recollerse nas publicacións, documentos públicos, propaganda, etc., foi aprobado nun Consello do Sindicato Nacional. É un rectángulo vermello, coas letras CCOO en branco e un segundo rectángulo azul encima do primeiro.

## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

Non obstante, poderá ser modificado polo Consello Nacional por proposta do Comité de Dirección Nacional.

**Artigo 4. Ámbito territorial**

O ámbito territorial da actividade do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia será o da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 5. Ámbito profesional**

O ámbito profesional de actuación do S. N. de CCOO de Galicia abranguerá:

- Os traballadores e traballadoras activos, en paro ou á procura do seu primeiro emprego, a mocidade e os pensionistas e xubilados e xubiladas.
- Os traballadores e traballadoras autónomos, sempre que non teñan empregados ao seu cargo para desenvolveren servizos relacionados coa súa actividade como autónomos.
- Quen preste o seu servizo baixo o control e a dirección doutra persoa, calquera que sexa a forma xurídica que adopte esta relación laboral.

**II. AFILIACIÓN AO SINDICATO NACIONAL. DEREITOS E DEBERES****Artigo 6. O idioma**

O galego é o idioma oficial do S. N. de CCOO de Galicia.

**Artigo 7. Afiliación**

A afiliación ao S. N. de CCOO de Galicia é un acto voluntario sen máis límites que a aceptación e a práctica dos obxectivos sinalados na definición de principios, os que establecen os ámbitos profesionais do artigo 5 e, en xeral, os obrigados polo respecto aos presentes Estatutos e demais normas e resolucións do Consello Confederado que os desenvolvan.

A afiliación realizarase á Confederación Sindical de CCOO a través das súas organizacións segundo o encadramento organizativo que acorden os órganos competentes e mais a situación laboral da persoa.

**Artigo 8.**

O carné é o documento que acredita a afiliación. Os carnés do S. N. de CCOO de Galicia serán editados pola Confederación Sindical de CCOO.

O S. N. de CCOO de Galicia garantirá a entrega do carné a todos os afiliados e afiliadas. No acto da afiliación expedirase un documento provisorio que lle acredite á persoa a súa afiliación a CCOO e que perderá a súa validez no momento en que reciba o carné.

**Artigo 9. Dereitos dos afiliados e afiliadas**

Toda persoa afiliada ao S. N. de CCOO de Galicia ten dereito a:

- Participar en todas as actividades sindicais e decisións que se tomen dentro do seu ámbito de afiliación e calquera outros para os que fose elixida.
- Ser electora e elixible nas votacións para os órganos de dirección e representación da sección sindical na empresa ou centro de traballo.
- Presentarse como delegado ou delegada para asistir a asembleas congruais, congresos e/ou conferencias que se convoquen no seu ámbito de encadramento.
- Presentarse como candidato ou candidata tanto aos órganos do Sindicato Nacional como de calquera outro da estrutura sindical de CCOO dentro do seu ámbito de encadramento.

Para exercer os dereitos establecidos no apartado c requiriranse seis meses de afiliación, salvo que expresamente se indique outra antigüidade. As únicas restricións indícanse nestes Estatutos e nas normas que para cada caso se acorden.

Non obstante, poderá ser modificado polo Consello Nacional por proposta do Comité de Dirección Nacional.

**Artigo 4. Ámbito territorial**

O ámbito territorial da actividade do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia será o da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 5. Ámbito profesional**

O ámbito profesional de actuación do S. N. de CCOO de Galicia abranguerá:

- Os traballadores e traballadoras activos, en paro ou á procura do seu primeiro emprego, a mocidade e os pensionistas e xubilados e xubiladas.
- Os traballadores e traballadoras autónomos, sempre que non teñan empregados ao seu cargo para desenvolveren servizos relacionados coa súa actividade como autónomos.
- Quen preste o seu servizo baixo o control e a dirección doutra persoa, calquera que sexa a forma xurídica que adopte esta relación laboral.

**Artigo 6. O idioma**

O galego é o idioma oficial do S. N. de CCOO de Galicia.

**II. AFILIACIÓN AO SINDICATO NACIONAL. DEREITOS E DEBERES****Artigo 7. Afiliación**

A afiliación ao S. N. de CCOO de Galicia é un acto voluntario sen máis límites que a aceptación e a práctica dos obxectivos sinalados na definición de principios, os que establecen os ámbitos profesionais do artigo 5 e, en xeral, os obrigados polo respecto aos presentes Estatutos e demais normas e resolucións do Consello Confederado que os desenvolvan.

A afiliación realizarase á Confederación Sindical de CCOO a través das súas organizacións segundo o encadramento organizativo que acorden os órganos competentes e mais a situación laboral da persoa.

Só no caso en que a afiliación se solicite tras ser obxecto dunha sanción de expulsión será preceptivo obter a rehabilitación mediante resolución favorable do órgano de dirección que, no seu día, tramitase a proposta de sanción.

**Artigo 8.**

O carné é o documento que acredita a afiliación. Os carnés do S. N. de CCOO de Galicia serán editados pola Confederación Sindical de CCOO.

O S. N. de CCOO de Galicia garantirá a entrega do carné a todos os afiliados e afiliadas. No acto da afiliación expedirase un documento provisorio que lle acredite á persoa a súa afiliación a CCOO e que perderá a súa validez no momento en que reciba o carné.

**Artigo 9. Dereitos dos afiliados e afiliadas**

Toda persoa afiliada ao S. N. de CCOO de Galicia ten dereito a:

- Participar en todas as actividades sindicais e decisións que se tomen dentro do seu ámbito de afiliación e calquera outros para os que fose elixida.
- Ser electora e elixible nas votacións para os órganos de dirección e representación da sección sindical na empresa ou centro de traballo.
- Presentarse como delegado ou delegada para asistir a asembleas congruais, congresos e/ou conferencias que se convoquen no seu ámbito de encadramento.
- Presentarse como candidato ou candidata tanto aos órganos do Sindicato Nacional como de calquera outro da estrutura sindical de CCOO dentro do seu ámbito de encadramento.

Para exercer os dereitos establecidos no apartado c requiriranse seis meses de afiliación, salvo que expresamente se indique outra antigüidade. As únicas restricións indícanse nestes Estatutos e nas normas que para cada caso se acorden.

## Estatutos 10.º Congreso

- e) Recibir o carné, como máximo, no prazo dos tres meses seguintes á súa afiliación, e ter á súa disposición os estatutos e regulamentos confederais vixentes.
- f) A liberdade de expresión e a manifestar opinións diferenciadas ou críticas sobre as decisións tomadas en calquera ámbito da organización, sen prexuízo do deber de respectar e cumprir os acordos orgánicos adoptados. En ningún caso o dereito á liberdade de expresión poderá amparar condutas irrespectuosas ou descualificadoras para cos seus órganos ou persoas que os compoñen. Tampouco aquelas outras que causen grave prexuízo á imaxe pública do sindicato ou atenten contra a dignidade persoal dos seus representantes, afiliados ou afiliadas.
- g) O respecto ás súas opinións políticas, conviccións relixiosas e á súa vida privada.
- h) Solicitar a intervención dos órganos competentes que entenden das reclamacións dos afiliados e afiliadas contra actuacións de integrantes do sindicato e, en especial, contra as medidas disciplinarias que lles afecten directamente.
- i) Recibir o oportuno asesoramento sindical gratuíto así como o técnico, xurídico e asistencial no seu ámbito de encadramento na forma en que establezan os órganos competentes. Este dereito non inclúe o asesoramento para reclamar ou tramitar accións xudiciais contra o S. N. de CCOO de Galicia, as organizacións nela integradas ou contra os seus órganos respectivos, nin fronte ás fundacións ou entidades similares por el creadas. Non obstante o anterior, as persoas afiliadas que teñan relación laboral co sindicato, as súas fundacións ou entidades similares creadas por el, terán dereito de asesoramento con cargo ás asesorías xurídicas das organizacións do sindicato naquelas cuestións derivadas da súa relación asalariada. A regulación do dito dereito levarase a cabo mediante a aprobación do correspondente regulamento do Consello Confederal da C. S. de CCOO.
- j) A confidencialidade dos datos persoais comunicados ao sindicato. O acto de afiliación constitúe o consentimento expreso para o seu tratamento, coa finalidade sindical e de xestión, así como con fins estatísticos e históricos por parte do S. N. de CCOO de Galicia e a C. S. de CCOO e das súas organizacións confederadas. En ningún caso poderá realizarse a cesión deses datos, salvo que medie autorización expresa da persoa afiliada a persoas físicas ou xurídicas diferentes do conxunto das organizacións confederadas.

Os dereitos anteriormente descritos, agás os recollidos nas letras *f*, *g* e *j*, exerceranse sempre que a persoa afiliada estea ao día do pagamento das súas cotizacións.

**Artigo 10. Elección dos órganos do sindicato**

As persoas que compoñen os órganos de dirección e representación e das asembleas congresuais serán electivas. Poderán ser revogadas polos órganos que as escolleron ou polas restantes causas sinaladas nos estatutos, incluídas as causas disciplinarias ou as derivadas dalgunha incompatibilidade.

Como norma xeral, as persoas candidatas a formaren parte de órganos de dirección e representación da estrutura do S. N. distintos da sección sindical acreditarán unha antigüidade mínima de seis meses na data da convocatoria da elección, agás naqueles órganos para os que se estableza outra norma nestes Estatutos.

En todos os casos deberá constar de xeito indubidable a aceptación da persoa para a súa inclusión na candidatura.

No desenvolvemento do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia como sindicato de homes e mulleres, e para lograr a participación de ambos os sexos en todos os órganos electos e nas delegacións que corresponde elixir nos congresos e/ou asembleas de segundo nivel e sucesivos, as candidaturas das organizacións en que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 30 %

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

- e) Recibir o carné, como máximo, no prazo dos tres meses seguintes á súa afiliación, e ter á súa disposición os estatutos e regulamentos confederais vixentes.
- f) A liberdade de expresión e a manifestar opinións diferenciadas ou críticas sobre as decisións tomadas en calquera ámbito da organización, sen prexuízo do deber de respectar e cumprir os acordos orgánicos adoptados. En ningún caso o dereito á liberdade de expresión poderá amparar condutas irrespectuosas ou descualificadoras para cos seus órganos ou persoas que os compoñen. Tampouco aquelas outras que causen grave prexuízo á imaxe pública do sindicato ou atenten contra a dignidade persoal dos seus representantes, afiliados ou afiliadas.
- g) O respecto ás súas opinións políticas, conviccións relixiosas e á súa vida privada.
- h) Solicitar a intervención dos órganos competentes que entenden das reclamacións dos afiliados e afiliadas contra actuacións de integrantes do sindicato e, en especial, contra as medidas disciplinarias que lles afecten directamente.
- i) Recibir o oportuno asesoramento sindical gratuíto así como o técnico, xurídico e asistencial no seu ámbito de encadramento na forma en que establezan os órganos competentes. Este dereito non inclúe o asesoramento para reclamar ou tramitar accións xudiciais contra o S. N. de CCOO de Galicia, as organizacións nela integradas ou contra os seus órganos respectivos, nin fronte ás fundacións ou entidades similares por el creadas. Non obstante o anterior, as persoas afiliadas con contrato de traballo coas organizacións sindicais confederadas en CCOO, as súas fundacións ou entidades similares creadas por el terán o dereito de ver resarcidos os gastos de defensa xurídica que puidesen ter que realizar con profesionais externos, en casos de demandas xudiciais interpostas contra as organizacións confederadas de CCOO con ocasión da súa relación laboral. O dereito concrétese no aboamento dunha cantidade igual á establecida na tarifa confederal de honorarios profesionais de CCOO segundo o tipo de demanda, cos axustes correspondentes en función da antigüidade na afiliación e segundo os criterios aprobados no Manual de Procedemento.
- j) A confidencialidade dos datos persoais comunicados ao sindicato. O acto de afiliación constitúe o consentimento expreso para o seu tratamento, coa finalidade sindical e de xestión, así como con fins estatísticos e históricos por parte do S. N. de CCOO de Galicia e a C. S. de CCOO e das súas organizacións confederadas. En ningún caso poderá realizarse a cesión deses datos, salvo que medie autorización expresa da persoa afiliada a persoas físicas ou xurídicas diferentes do conxunto das organizacións confederadas.

Os dereitos anteriormente descritos, agás os recollidos nas letras *f*, *g* e *j*, exerceranse sempre que a persoa afiliada estea ao día do pagamento das súas cotizacións.

**Artigo 10. Elección dos órganos do sindicato**

As persoas que compoñen os órganos de dirección e representación e das asembleas congresuais serán electivas. Poderán ser revogadas polos órganos que as escolleron ou polas restantes causas sinaladas nos estatutos, incluídas as causas disciplinarias ou as derivadas dalgunha incompatibilidade.

Como norma xeral, as persoas candidatas a formaren parte de órganos de dirección e representación da estrutura do S. N. distintos da sección sindical acreditarán unha antigüidade mínima de seis meses na data da convocatoria da elección, agás naqueles órganos para os que se estableza outra norma nestes Estatutos.

En todos os casos deberá constar de xeito indubidable a aceptación da persoa para a súa inclusión na candidatura.

No desenvolvemento do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia como sindicato de homes e mulleres, e para lograr a participación de ambos os sexos en todos os órganos electos e nas delegacións que corresponde elixir nos congresos e/ou asembleas de segundo nivel e sucesivos, as candidaturas das organizacións en que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 30 %



## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

do total da afiliación gardarán a proporción do 60/40 % para cada un dos sexos. Naquelas organizacións en que a afiliación de mulleres sexa inferior ao 30 %, as candidaturas incorporarán como mínimo un número de mulleres proporcional ao número de afiliadas nesas organizacións, incrementado nun 10 % do total da afiliación feminina.

As proporcións mencionadas deberán respectarse nas listas nos dous niveis: titulares e suplentes.

Nos congresos e/ou asembleas congresuais do primeiro nivel, o número de homes e mulleres que integrarán as candidaturas, tanto para os órganos electos como para as delegacións que se elixan para os outros niveis congresuais, será proporcional á afiliación de cada sexo na circunscrición congresual correspondente.

Cando da dita operación resulte unha fracción superior ao 40 %, esta computarase como unidade. Polo menos a metade do número de candidatas que corresponda incorporar na candidatura deberán estar localizadas no primeiro terzo dela e polo menos nos tres primeiros postos.

Con respecto á localización das candidatas e candidatos na configuración das candidaturas, rexerá o que dispoñan as normas que se aproben para a celebración de cada proceso congresual, asegurando, tanto no conxunto da candidatura como nos seus primeiros postos, o equilibrio porcentual de cada sexo sinalado anteriormente para cada nivel congresual.

Nos casos en que se presente máis dunha lista, seguiranse as seguintes regras:

- Cada candidatura deberá presentar como mínimo tantos candidatos e candidatas coma postos haxa que escoller.
- Só se admitirán as candidaturas presentadas co apoio, polo menos, do 10 % dos delegados e delegadas presentes.
- Mediante o sistema de representación proporcional atribuirase a cada candidatura o número de postos que lle corresponda, consonte o cociente que resulte de dividir o número de votos válidos non brancos polo de postos que se deben cubrir. Os postos sobrantes atribuiránse-lles ás listas segundo os restos de cada unha delas. En caso de empate en enteiros ou restos para a asignación do último posto para cubrir, resultará elixida a persoa de maior antigüidade; de ser a mesma, farase ao chou.
- Dentro da mesma lista resultarán elixidas pola orde en que figuran na candidatura.
- Nos casos de eleccións para as comisións de Garantías e de Control Administrativo e Finanzas, a forma de atribución dos postos será polo sistema maioritario.
- Nos casos de eleccións para os órganos de representación institucional, a forma de distribución de postos será polo sistema maioritario.
- Nos casos de eleccións para delegados ou delegadas aos congresos ou asembleas congresuais, rexerá o que se dispoña nas normas aprobadas para o proceso congresual correspondente.

**Artigo 11. Deberes dos afiliados e afiliadas**

- Os afiliados e afiliadas deberán cumprir os Estatutos do S. N. de CCOO de Galicia e os regulamentos, normas e resolucións do Consello Nacional que os desenvolvan; procurarán a consecución dos fins e obxectivos que a C. S. e o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia propugnan e a posta en práctica dos acordos.
- Deberán cumprir as decisións democraticamente adoptadas polo S. N. en cada un dos seus órganos e niveis da estrutura sindical, e defenderán as orientacións e decisións tanto do órgano en que se desenvolve a súa actividade como dos superiores.
- Os acordos adoptados por calquera órgano do S. N. de CCOO de Galicia obrigan, en canto á súa aceptación, defensa e cumprimento, a todas as

do total da afiliación gardarán a proporción do 60/40 % para cada un dos sexos. Naquelas organizacións en que a afiliación de mulleres sexa inferior ao 30 %, as candidaturas incorporarán como mínimo un número de mulleres proporcional ao número de afiliadas nesas organizacións, incrementado nun 10 % do total da afiliación feminina.

As proporcións mencionadas deberán respectarse nas listas nos dous niveis: titulares e suplentes.

Nos congresos e/ou asembleas congresuais do primeiro nivel, o número de homes e mulleres que integrarán as candidaturas, tanto para os órganos electos como para as delegacións que se elixan para os outros niveis congresuais, será proporcional á afiliación de cada sexo na circunscrición congresual correspondente.

A localización nas listas das candidatas e candidatos realizarase da seguinte maneira:

a) Nas organizacións onde a afiliación dalgún dos dous sexos sexa inferior ao 30 % para os congresos e/ou asembleas, as candidaturas elaboraranse garantindo a alternancia entre homes e mulleres que nelas se correspondan coas porcentaxes de afiliación de cada sexo.

b) Nas organizacións onde a afiliación dalgúns dos sexos sexa igual ou superior ao 30 % para os congresos e/ou asembleas, as candidaturas elaboraranse en cremalleira, alternando sucesivamente un e outro sexo. No caso de que a proporción planeada na candidatura sexa inferior ao 50 % para algún dos dous sexos, confeccionarase a candidatura en cremalleira, dende a primeira posición ata onde o número de candidatos e candidatas o permita.

As eleccións deberán estar presididas en todo momento por criterios de unidade, fundamentalmente a través de candidaturas únicas e pechadas. De non se acadar unha lista única, a elección rexeráse polas seguintes regras:

- Cada candidatura deberá presentar como mínimo tantos candidatos e candidatas coma postos haxa que escoller.
- Só se admitirán as candidaturas presentadas co apoio, polo menos, do 10 % dos delegados e delegadas presentes.
- Mediante o sistema de representación proporcional atribuirase a cada candidatura o número de postos que lle corresponda, consonte o cociente que resulte de dividir o número de votos válidos non brancos polo de postos que se deben cubrir. Os postos sobrantes atribuiránse-lles ás listas segundo os restos de cada unha delas. En caso de empate en enteiros ou restos para a asignación do último posto para cubrir, resultará elixida a persoa de maior antigüidade; de ser a mesma, farase ao chou.
- Dentro da mesma lista resultarán elixidas pola orde en que figuran na candidatura.
- Nos casos de eleccións de delegados e delegadas aos congresos ou asembleas congresuais, estarase ao que se dispoña nas normas aprobadas para o proceso congresual correspondente.
- Nas eleccións derivadas do disposto no segundo parágrafo do apartado 1 do artigo 29 destes Estatutos, as candidaturas estarán integradas por mulleres e homes, segundo proceda e no número que fixe o Consello Confederal. A repartición será proporcional aos votos obtidos por cada candidatura.

**Artigo 11. Deberes dos afiliados e afiliadas**

- Os afiliados e afiliadas deberán cumprir os Estatutos do S. N. de CCOO de Galicia e os regulamentos, normas e resolucións do Consello Nacional que os desenvolvan; procurarán a consecución dos fins e obxectivos que a C. S. e o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia propugnan e a posta en práctica dos acordos.
- Deberán cumprir as decisións democraticamente adoptadas polo S. N. en cada un dos seus órganos e niveis da estrutura sindical, e defenderán as orientacións e decisións tanto do órgano en que se desenvolve a súa actividade como dos superiores.
- Os acordos adoptados por calquera órgano do S. N. de CCOO de Galicia son vinculantes e obrigan, en canto á súa aceptación, defensa e cum-

## Estatutos 10.º Congreso

persoas que integran ese órgano. Respetarase o dereito a expresar libremente, na acta onde se plasme o acordo, a opinión contraria ou distinta da acordada.

- d) Deberán satisfacer a cota que establezan os órganos competentes.
- e) Deberán aceptar a actuación das comisións de garantías e comprometerse a esgotar tales vías internas de recurso antes de exercer as accións xudiciais que puidesen corresponder.
- f) As persoas afiliadas que acorden presentarse a algún cargo público non poderán usar na propaganda electoral a responsabilidade que exerzan en calquera órgano de CCOO.
- g) Os afiliados e afiliadas deben participar nas votacións para a elección de representantes de persoal dos seus ámbitos de traballo.
- h) Deberán facer bo uso dos dereitos sindicais que lles corresponden, con forme ao código de utilización destes.

### Artigo 12. Medidas disciplinarias

Elaborarase un regulamento, concordante co adoptado pola Confederación Sindical de CCOO, que será distribuído entre os órganos de dirección das organizacións territoriais e de rama e entre os afiliados e afiliadas que o soliciten.

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

primemento, a todos os afiliados e afiliadas representados no órgano e aos seus integrantes, aos que se lles respectará o dereito a se expresaren libremente na acta en que se plasmase o acordo, a opinión contraria ou distinta da acordada polo órgano.

- d) Deberán satisfacer a cota que establezan os órganos competentes da C. S. de CCOO.
- e) Aceptan a actuación das comisións de garantías e comprometerse a esgotar tales vías internas de recurso antes de exercer as accións xudiciais que puidesen corresponder.
- f) As persoas afiliadas que acorden presentarse a algún cargo público non poderán usar na propaganda electoral a responsabilidade que exerzan en calquera órgano de CCOO.
- g) Os afiliados e afiliadas deben participar nas votacións para a elección de representantes de persoal dos seus ámbitos de traballo.
- h) Deberán facer bo uso dos dereitos sindicais que lles corresponden, con forme ao código de utilización destes e ao Código de conduta.

### Artigo 12. Correntes sindicais. Correntes de opinión

1. Poderán existir no Sindicato Nacional de CCOO de Galicia correntes sindicais que terán plena capacidade de expresión pública, co único límite sinalado no artigo 9.f destes Estatutos. As correntes sindicais terán as seguintes condicións:

- a) Non estar organizadas no interior de CCOO como unha organización dentro doutra, nin constituír estruturas paralelas ás do S. N. de CCOO.
- b) Non atentar contra a unidade, principios, estatutos e programas do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia.
- c) Deberán cumprir os acordos tomados polos órganos correspondentes.
- d) A existencia dunha corrente sindical no seo de CCOO aprobarase nun congreso ordinario ou extraordinario do S. N. de CCOO de Galicia, logo da proposta favorable da maioría simple do Consello Nacional ou un cuarto das federacións nacionais ou un cuarto das unións territoriais.
- e) As correntes sindicais respectarán o debate aberto, non establecerán disciplina de voto, nin se expresarán por medio de portavoces nos órganos do sindicato do S. N. de CCOO de Galicia.
- f) As correntes sindicais así constituídas serán dotadas dos medios necesarios para o cumprimento das súas funcións. Especialmente, facilitaráselles o acceso aos medios de comunicación e ás publicacións do S. N., garantíndolles capacidade de expresión pública.

2. As correntes de opinión sobre opinións concretas ou sobre temas de carácter xeral serán consideradas sempre que contén con, polo menos, un 10% da afiliación do ámbito correspondente, dos delegados e delegadas asistentes ao congreso ou do máximo órgano de dirección do ámbito correspondente.

### Artigo 13. Medidas disciplinarias

O incumprimento polos afiliados e afiliadas das obrigas e deberes estatutarios poderá dar lugar á adopción de medidas disciplinarias polo órgano competente. O Consello Confederal aprobará un regulamento en que se definan as faltas, distinguindo a súa cualificación, así como as sancións segundo a gravidade das faltas e os órganos competentes para sancionar e acordar a apertura de expediente sancionador. Este regulamento será tamén de aplicación, en todos os seus termos, no ámbito do S. N.

O devandito regulamento conterá unha descrición das faltas, cualificándoas como moi graves, graves e leves, así como as sancións que se aplicarán en correspondencia coa súa gravidade.

Por faltas moi graves:

- a) Expulsión.
- b) Suspensión de dous a catro anos dos dereitos do afiliado ou afiliada, ben na súa totalidade, ben en aspectos concretos.

Por faltas graves:

- a) Suspensión de seis meses a dous anos dos dereitos do afiliado ou afiliada, ben na súa totalidade, ben en aspectos concretos.

## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

**Artigo 14. Baixa no Sindicato Nacional**

Deixarase de pertencer ao S. N. de CCOO de Galicia por:

- a) Libre decisión do afiliado ou afiliada.
- b) Por resolución sancionadora dos órganos competentes do S. N. de CCOO de Galicia, logo da tramitación do expediente oportuno.
- c) Falta de pagamento inxustificada de seis mensualidades consecutivas, tras o aviso previo á persoa interesada.
- d) Pasamento da persoa afiliada.
- e) Presentación ás eleccións sindicais nunha candidatura distinta á avalada por CCOO, agás pola autorización expresa por parte do órgano de dirección competente no ámbito correspondente. Neste caso, a baixa será automática e non poderá producirse a reincorporación mentres persista o feito que motivou a baixa. Para iso será necesaria unha resolución favorable do órgano sindical competente ou da Comisión de Garantías.
- f) Circunstancias sobrevidas que supoñan a exclusión do afiliado ou afiliada do ámbito profesional do sindicato.
- g) Cando exista unha sentenza firme e condenatoria sobre acoso laboral, violencia de xénero ou acoso sexual.

**III. ESTRUCTURA DO SINDICATO NACIONAL****Artigo 16. Ámbitos de estruturación ou integración**

O S. N. de CCOO de Galicia estrutúrase en dous niveis:

- a) En sentido vertical, integra as persoas traballadoras desde o seu lugar de traballo atendendo á rama en que están encadradas. Basicamente, este nivel articúlase así:
  - Sección sindical de empresa ou centro de traballo
  - Sindicato comarcal ou, de ser o caso, intercomarcal
  - Federación nacional de rama

Por faltas leves:

- a) Suspensión dun a seis meses dos dereitos do afiliado ou afiliada, ben na súa totalidade, ben en aspectos concretos.
- b) Amoestación interna.

O regulamento conterá tamén os procedementos para instruír expedientes sancionadores, os prazos que se respectarán na instrución, as garantías para recorrer as sancións impostas ou a desestimación destas, os prazos de prescrición das faltas, os requisitos para acordar suspensións cautelares de dereitos, os procedementos sancionadores nos casos de membros do Consello Confederal e dos órganos de garantías e control, así como os requisitos para obter a rehabilitación de dereitos por parte de calquera persoa sancionada e calquera condición que deba respectarse ante a adopción de medidas disciplinarias.

**Artigo 14. Baixa no Sindicato Nacional**

Deixarase de pertencer ao S. N. de CCOO de Galicia por:

- a) Libre decisión do afiliado ou afiliada.
- b) Por resolución sancionadora dos órganos competentes do S. N. de CCOO de Galicia, logo da tramitación do expediente oportuno.
- c) Falta de pagamento inxustificada de seis mensualidades consecutivas, tras o aviso previo á persoa interesada.
- d) Pasamento da persoa afiliada.
- e) Presentación ás eleccións sindicais nunha candidatura distinta á avalada por CCOO, agás pola autorización expresa por parte do órgano de dirección competente no ámbito correspondente. Neste caso, a baixa será automática e non poderá producirse a reincorporación mentres persista o feito que motivou a baixa. Para iso será necesaria unha resolución favorable do órgano sindical ou da Comisión de Garantías competente.
- f) Circunstancias sobrevidas que supoñan a exclusión do afiliado ou afiliada do ámbito profesional do sindicato.
- g) Por subscribir a acta de constitución dun sindicato ou participar na súa promoción.
- h) Cando exista unha sentenza firme e condenatoria sobre acoso laboral, violencia de xénero ou acoso sexual.

**Artigo 15. Suspensión da afiliación**

A afiliación quedará suspendida:

- a) Por resolución sancionadora dos órganos competentes do S. N. de CCOO de Galicia logo da tramitación do expediente oportuno conforme ao disposto no Regulamento de medidas disciplinarias das persoas afiliadas a CCOO (RMDPA).
- b) Cautelarmente, por decisión dos órganos executivos do S. N. de CCOO ou da organización en que se encontre encadrada a persoa afiliada, conforme ao disposto no RMDPA.
- c) Por ser obxecto de investigación nun proceso penal por violencia de xénero, acoso sexual, racismo, xenofobia ou por calquera outro feito que atente contra a dignidade ou integridade das persoas. A duración da suspensión da persoa afectada manterase ata que se dite sentenza ou sobresemento da causa. Correspóndelle ao órgano de dirección en que estea encadrada a persoa investigada comunicar a dita suspensión cautelar á persoa afiliada.

A suspensión da afiliación dun cargo sindical pola comisión dunha falta grave ou moi grave implica a perda definitiva dos cargos que desempeña.

**III. ESTRUCTURA DO SINDICATO NACIONAL****Artigo 16. Ámbitos de estruturación ou integración**

O S. N. de CCOO de Galicia estrutúrase en dous niveis:

- a) En sentido vertical, integra as persoas traballadoras desde o seu lugar de traballo atendendo á rama en que están encadradas. Basicamente, este nivel articúlase así:
  - Sección sindical de empresa ou centro de traballo
  - Sindicato comarcal ou, de ser o caso, intercomarcal
  - Federación nacional de rama



## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

b) En sentido horizontal, integra as persoas traballadoras atendendo ao seu criterio de agrupación, no territorio de que se trate. Basicamente, este nivel artículase en:

— Unións comarcais e/ou intercomarcais

**ARTIGO 17. Configuración do Sindicato Nacional**

1. O Sindicato Nacional está integrado polas seguintes federacións nacionais e unións comarcais ou intercomarcais:

## a) FEDERACIÓNS NACIONAIS DE RAMA

A federación nacional de rama agrupa as persoas afiliadas dunha mesma rama de produción ou servizos de Galicia, organizadas nos sindicatos comarcais ou intercomarcais e nas seccións sindicais de empresa; son parte integrante da federación estatal da súa rama respectiva. A Federación de Pensionistas e Xubilados, pola súa parte, é un colectivo de afiliados e afiliadas que teñen a característica común de abranger todas as ramas, sectores e colectivos do Sindicato Nacional, que deixaron de ter legalmente unha vida laboral activa. No S. N. de CCOO de Galicia actualmente están integradas as seguintes federacións:

- Federación Agroalimentaria (FEAGRA)
- Federación de Construción e Servizos (FCS)
- Federación do Ensino (FE)
- Federación de Industria (FI)
- Federación de Pensionistas e Xubilados (PPeXX)
- Federación de Sanidade e Sectores Sociosanitarios (FSS)
- Federación de Servizos á Cidadanía (FSC)
- Federación de Servizos (FS)

## b) UNIÓN COMARCAIS E INTERCOMARCAIS

Territorialmente, integran o S. N. de CCOO de Galicia as unións comarcais e intercomarcais de:

- Unión Comarcal da Coruña
- Unión Comarcal de Ferrol
- Unión Intercomarcal de Santiago-Barbanza
- Unión Comarcal de Lugo
- Unión Comarcal da Mariña
- Unión Intercomarcal de Ourense
- Unión Comarcal de Arousa
- Unión Comarcal de Pontevedra
- Unión Comarcal de Vigo

O Consello Nacional, por proposta da Comisión Executiva de Galicia ou das unións afectadas, poderá acordar, por maioría absoluta da súa composición, procesos de fusión, disociación e redistribución territorial das unións comarcais ou intercomarcais.

2. As organizacións de rama concréntanse en federacións nacionais. Poderán organizarse en sindicatos provinciais, comarcais ou intercomarcais e en seccións sindicais. No suposto de que non exista suficiente afiliación para constituílos, elixíranse coordinadores ou coordinadoras en asemblea congregual.

3. A organización territorial concréntase en unións comarcais e unións intercomarcais. Así mesmo, integrarán a estrutura de rama correspondente no seu ámbito. Para o suposto de que non exista suficiente afiliación para constituílas, elixíranse coordinadores ou coordinadoras en asemblea congregual.

4. Os sindicatos comarcais ou intercomarcais constitúen a organización a partir da cal se forman as organizacións que integran o Sindicato Nacional de CCOO: federacións nacionais, unións comarcais e intercomarcais. Nestes sindicatos intégranse as seccións sindicais de empresa ou centro de traballo e, en xeral, o conxunto de afiliados e afiliadas do seu ámbito. As súas competencias e dependencia orgánica serán as definidas nos artigos 14 e 15 destes Estatutos.

5. A sección sindical está formada polo conxunto de afiliados e afiliadas no centro de traballo, empresa ou grupo de empresas, e constitúe a representación

b) En sentido horizontal, integra as persoas traballadoras atendendo ao seu criterio de agrupación, no territorio de que se trate. Basicamente, este nivel artículase en:

— Unións comarcais e/ou intercomarcais

**ARTIGO 17. Configuración do Sindicato Nacional**

1. O Sindicato Nacional está integrado polas seguintes federacións nacionais e unións comarcais ou intercomarcais:

## a) FEDERACIÓNS NACIONAIS DE RAMA

A federación nacional de rama agrupa as persoas afiliadas dunha mesma rama de produción ou servizos de Galicia, organizadas nos sindicatos comarcais ou intercomarcais e nas seccións sindicais de empresa; son parte integrante da federación estatal da súa rama respectiva. A Federación de Pensionistas e Xubilados, pola súa parte, é un colectivo de afiliados e afiliadas que teñen a característica común de abranger todas as ramas, sectores e colectivos do Sindicato Nacional, que deixaron de ter legalmente unha vida laboral activa. No S. N. de CCOO de Galicia actualmente están integradas as seguintes federacións:

- Federación de Construción e Servizos (FCS)
- Federación do Ensino (FE)
- Federación de Industria (FI)
- Federación de Pensionistas e Xubilados (PPeXX)
- Federación de Sanidade e Sectores Sociosanitarios (FSS)
- Federación de Servizos á Cidadanía (FSC)
- Federación de Servizos (FS)

## b) UNIÓN COMARCAIS E INTERCOMARCAIS

Territorialmente, integran o S. N. de CCOO de Galicia as unións comarcais e intercomarcais de:

- Unión Comarcal da Coruña
- Unión Comarcal de Ferrol
- Unión Intercomarcal de Santiago-Barbanza
- Unión Comarcal de Lugo
- Unión Comarcal da Mariña
- Unión Intercomarcal de Ourense
- Unión Comarcal de Arousa
- Unión Comarcal de Pontevedra
- Unión Comarcal de Vigo

O Consello Nacional, por proposta da Comisión Executiva de Galicia ou das unións afectadas, poderá acordar, por maioría absoluta da súa composición, procesos de fusión, disociación e redistribución territorial das unións comarcais ou intercomarcais.

2. A denominación das organizacións anteriormente mencionadas poderá ser cambiada polo Consello Nacional por proposta das federacións nacionais ou unións territoriais afectadas polo dito cambio.

3. As organizacións de rama concréntanse en federacións nacionais. Poderán organizarse en sindicatos provinciais, comarcais ou intercomarcais e en seccións sindicais e estruturas funcionais. No suposto de que non exista suficiente afiliación para constituílos, elixíranse coordinadores ou coordinadoras en asemblea congregual.

4. A organización territorial concréntase en unións comarcais e unións intercomarcais. Así mesmo, integrarán a estrutura de rama correspondente no seu ámbito. Para o suposto de que non exista suficiente afiliación para constituílas, elixíranse coordinadores ou coordinadoras en asemblea congregual.

5. Os sindicatos comarcais ou intercomarcais constitúen a organización a partir da cal se forman as organizacións que integran o Sindicato Nacional de CCOO: federacións nacionais, unións comarcais e intercomarcais. Nestes sindicatos intégranse as seccións sindicais de empresa ou centro de traballo e, en xeral, o conxunto de afiliados e afiliadas do seu ámbito. As súas competencias e dependencia orgánica serán as definidas nos artigos 14 e 15 destes Estatutos.

6. As seccións sindicais están formadas polo conxunto de afiliados e afiliadas no centro de traballo, empresa ou grupo de empresas, e constitúen a represen-

## Estatutos 10.º Congreso

do sindicato nos seus ámbitos. Na súa constitución e funcionamento observárase o disposto no regulamento de seccións sindicais aprobado polo Consello Confederal.

6. A Federación de Pensionistas e Xubilados de Galicia rexeráse, na súa composición e funcionamento, polo establecido nos Estatutos confederais.

### Artigo 16. Dereitos e deberes das federacións nacionais e as unións comarcais e intercomarcais

1. Teñen a responsabilidade da dirección sindical no seu ámbito respectivo. Naqueles temas que pola súa especial transcendencia revistan un interese sindical xeral ou se constate unha inhibición xeral, os órganos nacionais poderán intervir neles e asumir a responsabilidade da súa dirección sindical, sen prexuízo do establecido no título VII destes Estatutos sobre acción sindical. As federacións e unións poderán relacionarse directamente con todas as organizacións da súa estrutura.

2. As federacións e unións comarcais e intercomarcais teñen autonomía de xestión económica no seu ámbito de actuación. Deberán cumprir os acordos en materia de financiamento e patrimonio que adopten os órganos competentes do S. N. Só poderán adquirir bens e contraer obrigas dentro dos límites dos seus recursos económicos autónomos. Calquera acto ou contrato que exceda destes límites requirirá a aprobación expresa dos órganos nacionais. En todo caso, a creación de fundacións e de sociedades para a prestación de servizos requirirá a aprobación expresa do Consello Confederal.

3. Teñen o deber e o dereito de participar na elaboración da política sindical do S. N. de CCOO a través dos órganos de dirección de que forman parte, así como o deber da súa aplicación e execución na rama ou no ámbito territorial respectivo.

4. As federacións e unións, así como as organizacións e entidades nelas integradas, aceptan os Estatutos da Confederación Sindical de CCOO e do Sindicato Nacional e o seu programa, a política sindical aprobada nos congresos nacionais e nos seus órganos de dirección e a súa política de administración e finanzas, e están vinculadas aos regulamentos, resolucións e decisións que adopten os Consellos Confederal e Nacional.

5. As federacións e unións, así como as organizacións e entidades nelas integradas, aceptan expresamente a actuación da Comisión de Garantías Nacional nos seus ámbitos de actuación respectivos así como as medidas disciplinarias que os órganos estatutarios competentes poidan impoñer, comprometéndose a esgotar as vías internas de recurso antes de exercer as accións xudiciais que poidan corresponder. No que concirne ás federacións de nacionalidade, deberanse ter en conta as competencias que corresponden ás comisións de garantías das súas respectivas federacións estatais.

6. Os/As representantes legais das federacións e unións comarcais e intercomarcais serán, para todos os efectos, os seus secretarios ou secretarías xerais no ámbito da súa competencia e durante a vixencia do seu mandato. Se, entre congreso e congreso, o secretario ou a secretaria xeral de calquera organización do S. N. de CCOO dimitise ou falecese, poderá elixirse un novo secretario ou secretaria xeral por maioría absoluta no consello da organización correspondente, ata o congreso ordinario ou extraordinario convocado para tal efecto, se así o decidise o órgano de dirección mencionado.

Os secretarios e secretarías xerais das federacións nacionais, das unións comarcais ou intercomarcais e dos sindicatos comarcais ou intercomarcais non se poderán reelixir por máis de tres mandatos consecutivos.

### Artigo 17. Responsabilidade do S. N. de CCOO

1. O S. N. de CCOO non responderá dos actos e das obrigas contraídos polas organizacións que se relacionan no artigo 17.1 destes Estatutos se estas non cumprisen os acordos que en materia financeira e patrimonial adoptasen os órganos competentes do S. N. Tampouco responderá se as ditas organizacións se exceden nos seus recursos económicos autónomos, sen o coñecemento e a

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

tación do sindicato nos seus ámbitos. Na súa constitución e funcionamento observárase o disposto no regulamento de seccións sindicais aprobado polo Consello Confederal.

7. As seccións sindicais, e en xeral o conxunto da afiliación, intégranse na estrutura organizativa e funcional da súa federación en función do ámbito territorial.

8. A Federación de Pensionistas e Xubilados de Galicia rexeráse, na súa composición e funcionamento, polo establecido nos Estatutos confederais.

### Artigo 18. Dereitos e deberes das federacións nacionais e as unións comarcais e intercomarcais

1. Teñen a responsabilidade da dirección sindical no seu ámbito respectivo. Naqueles temas que pola súa especial transcendencia revistan un interese sindical xeral ou se constate unha inhibición xeral, os órganos nacionais poderán intervir neles e asumir a responsabilidade da súa dirección sindical, sen prexuízo do establecido no título VII destes Estatutos sobre acción sindical. As federacións e unións poderán relacionarse directamente con todas as organizacións da súa estrutura.

2. As federacións e unións comarcais e intercomarcais teñen autonomía de xestión económica no seu ámbito de actuación. Deberán cumprir os acordos en materia de financiamento e patrimonio que adopten os órganos competentes do S. N. Só poderán adquirir bens e contraer obrigas dentro dos límites dos seus recursos económicos autónomos. Calquera acto ou contrato que exceda destes límites requirirá a aprobación expresa dos órganos nacionais. En todo caso, a creación de fundacións e de sociedades para a prestación de servizos requirirá a aprobación expresa do Consello Confederal.

3. Teñen o deber e o dereito de participar na elaboración da política sindical do S. N. de CCOO a través dos órganos de dirección de que forman parte, así como o deber da súa aplicación e execución na rama ou no ámbito territorial respectivo.

4. As federacións e unións, así como as organizacións e entidades nelas integradas, aceptan os Estatutos da Confederación Sindical de CCOO e do Sindicato Nacional e o seu programa, a política sindical aprobada nos congresos nacionais e nos seus órganos de dirección e a súa política de administración e finanzas, e están vinculadas aos regulamentos, resolucións e decisións que adopten os Consellos Confederal e Nacional.

5. As federacións e unións, así como as organizacións e entidades nelas integradas, aceptan expresamente a actuación da Comisión de Garantías Nacional nos seus ámbitos de actuación respectivos así como as medidas disciplinarias que os órganos estatutarios competentes poidan impoñer, comprometéndose a esgotar as vías internas de recurso antes de exercer as accións xudiciais que poidan corresponder. No que concirne ás federacións de nacionalidade, deberanse ter en conta as competencias que corresponden ás comisións de garantías das súas respectivas federacións estatais.

6. Os/As representantes legais das federacións e unións comarcais e intercomarcais serán, para todos os efectos, os seus secretarios ou secretarías xerais no ámbito da súa competencia e durante a vixencia do seu mandato. Se, entre congreso e congreso, o secretario ou a secretaria xeral de calquera organización do S. N. de CCOO dimitise ou falecese, poderá elixirse un novo secretario ou secretaria xeral por maioría absoluta no consello da organización correspondente, ata o congreso ordinario ou extraordinario convocado para tal efecto, se así o decidise o órgano de dirección mencionado.

Os secretarios e secretarías xerais das federacións nacionais, das unións comarcais ou intercomarcais e dos sindicatos comarcais ou intercomarcais non se poderán reelixir por máis de tres mandatos consecutivos.

### Artigo 19. Responsabilidade do S. N. de CCOO

1. O S. N. de CCOO non responderá dos actos e das obrigas contraídos polas organizacións que se relacionan no artigo 17.1 destes Estatutos se estas non cumprisen os acordos que en materia financeira e patrimonial adoptasen os órganos competentes do S. N. Tampouco responderá se as ditas organizacións se exceden nos seus recursos económicos autónomos, sen o coñecemento e a

## Estatutos 10.º Congreso

aprobación expresa dos órganos confederais competentes.

2. O S. N. de CCOO non responderá da actuación sindical das federacións e unións, adoptada por estas no ámbito das súas respectivas competencias, agás nos supostos previstos nos artigos 17.1 e 31 (acción sindical) destes Estatutos nos que mediase a intervención dos órganos nacionais.

3. O S. N. de CCOO de Galicia non responderá das actuacións dos seus afiliados ou afiliadas cando se efectúen a título persoal e non sexan representativas do sindicato, todo isto con independencia das medidas sancionadoras que o S. N. de CCOO poida adoptar respecto ao seu afiliado ou afiliada.

### Artigo 18. Medidas disciplinarias referidas aos órganos das organizacións integradas no S. N. de CCOO

O incumprimento dos Estatutos, da política financeira, a vulneración da política sindical aprobada polo Congreso e das decisións adoptadas polo Consello, do programa e dos principios inspiradores do S. N. de CCOO poderán dar lugar á adopción de medidas disciplinarias.

O Consello Confederal aprobará un regulamento en que se definan as faltas, distinguindo a súa cualificación, así como as sancións verbo da súa gravidade e os órganos competentes que as han sancionar. Na necesidade de aplicar medidas disciplinarias antes de adoptar algunha sanción, respectarase o dereito de audiencia do órgano interesado.

### Artigo 19. Autodisolución dos órganos

1. Nos casos de autodisolución ou dimisión dos órganos colexiados de dirección de organizacións integradas no S. N. de Comisións Obreiras, a Comisión Executiva do ámbito inmediatamente superior designará unha dirección provisional que substituirá o dito órgano; esta dirección provisional convocará un congreso ou unha asemblea extraordinarios do ámbito que corresponda para que proceda á elección da nova dirección. O prazo máximo que terá a dirección provisional para convocar e realizar o congreso ou asemblea extraordinaria será de doce meses. A data de convocatoria deberá ser ratificada polo Consello do ámbito correspondente ao órgano que designou a dirección provisional.

Durante o período de actuación da dirección provisional quedarán en suspenso as funcións do Consello correspondente ao ámbito do órgano de dirección autodisolto ou dimitido, así como as de todas as persoas que o integrasen derivadas da súa pertenza ao dito órgano de dirección.

2. Considerarase dentro do suposto de dimisión o feito de que o órgano colexiado vexa reducidas a menos da metade as persoas que o compoñen elixidas directamente no Congreso.

3. Previamente á designación da dirección provisional, o órgano competente para facelo deberá tratar de consensuar o nomeamento daquela.

4. Non se considerará como dimisión, para estes efectos, cando unha ou varias persoas que compoñen o órgano colexiado teñan que abandonalo por ser elixidas para o desempeño de cargos noutro órgano de dirección superior en calquera das estruturas de rama ou territorio confederadas.

5. As persoas que integran a dirección provisional poderán ser natas ao Congreso, dentro dos límites dispostos nas normas congresuais aprobadas para a súa celebración.

### Artigo 20. Acordos dos órganos

As decisións de calquera órgano adoptaranse por maioría simple, agás cando se estableza outra maioría nestes Estatutos. Existe maioría simple cando os votos afirmativos de persoas integrantes presentes son máis ca os negativos.

Para establecer as maiorías cualificadas previstas nos Estatutos, contarase as persoas efectivamente elixidas para compoñer o órgano colexiado que vaia tomar tal decisión. Nos congresos contarase os delegados e delegadas acredi-

aprobación expresa dos órganos confederais competentes.

2. O S. N. de CCOO non responderá da actuación sindical das federacións e unións, adoptada por estas no ámbito das súas respectivas competencias, agás nos supostos previstos nos artigos 17.1 e 31 (acción sindical) destes Estatutos nos que mediase a intervención dos órganos nacionais.

3. O S. N. de CCOO de Galicia non responderá das actuacións dos seus afiliados ou afiliadas cando se efectúen a título persoal e non sexan representativas do sindicato, todo isto con independencia das medidas sancionadoras que o S. N. de CCOO poida adoptar respecto ao seu afiliado ou afiliada.

### Artigo 20. Medidas disciplinarias referidas aos órganos das organizacións integradas no S. N. de CCOO

O incumprimento dos Estatutos, dos regulamentos ou das decisións adoptadas polo Congreso, Consello Nacional, Comité de Dirección Nacional, Comisión Executiva Nacional ou Comisión de Garantías do S. N. poderán dar a lugar á adopción de medidas disciplinarias.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, estarase o que acorde, para este fin, o Consello Confederal de CCOO.

### Artigo 21. Autodisolución ou dimisión dos órganos

1. Considerarase dentro do suposto de dimisión o feito de que o órgano colexiado (incluída a Secretaría Xeral) vise reducidas as persoas elixidas directamente no congreso a menos da metade.

2. A autodisolución ou dimisión da Comisión Executiva leva consigo tamén a suspensión definitiva das funcións do consello do seu ámbito.

As funcións do consello suspendido serán asumidas polo Consello Nacional.

3. Nos casos de autodisolución ou dimisión da Comisión Executiva das organizacións territoriais integradas no S. N. de CCOO de Galicia, a Comisión Executiva Nacional asumirá as competencias da dita comisión executiva e as da Secretaría Xeral, e designará unha comisión xestora que actuará por delegación da Comisión Executiva Nacional, coas funcións correspondentes ao órgano que substitúe.

No caso de autodisolución das federacións nacionais, estarase ao que, para este fin, establezan as federacións estatais.

A Comisión Executiva Nacional tamén designará a persoa que, integrando a comisión xestora, a presidirá e exercerá as funcións e competencias legais e estatutarias correspondentes á Secretaría Xeral.

Previamente á designación da comisión xestora, a Comisión Executiva Nacional deberá tratar de consensuar o nomeamento daquela.

4. As persoas dimitidas non poderán formar parte da comisión xestora.

5. A comisión xestora estará composta, como mínimo, por unha persoa integrante da Comisión Executiva Nacional e por un afiliado ou afiliada do ámbito do órgano dimitido ou autodisolto.

6. A Comisión xestora convocará e realizará, no prazo máximo de doce meses, un congreso do dito ámbito para que se proceda á elección dos novos órganos de dirección e representación, salvo nos supostos en que estea pendente unha resolución da Comisión de Garantías; neste caso, o prazo de doce meses comezará a correr desde que esta sexa publicada. A comisión xestora responderá da súa actuación ante o órgano sancionador e o seu consello e, en última instancia, ante o máximo órgano do seu ámbito, o congreso que debe convocar, ao cal poderán asistir como membros natos, dentro dos límites dispostos nas normas congresuais aprobadas para a súa celebración.

### Artigo 22. Reunións e acordos dos órganos

1. As reunións ordinarias dos órganos de dirección distintos do congreso serán convocadas pola Secretaría Xeral e as extraordinaria pola Secretaría Xeral ou, polo menos, por un terzo da súa composición, salvo que nestes Estatutos se estableza outra cousa.

2. Os órganos entenderanse debidamente constituídos cando, en primeira convocatoria, estean presentes a metade máis un dos seus compoñentes e, en



## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

tados. Entenderase que hai maioría absoluta cando os votos afirmativos sexan máis da metade do reconto resultante.

Nos congresos contaranse os delegados e delegadas acreditados para os efectos de quórum.

As decisións serán inmediatamente executivas. Vinculan as persoas que compoñen o órgano que as adopta e obrigan na súa aceptación a estes e a afiliación do ámbito afectado.

## IV. ÓRGANOS DE DIRECCIÓN, COORDINACIÓN E REPRESENTACIÓN DO S. N.

**Artigo 21. Órganos de dirección, coordinación e cargos de representación do S. N. de CCOO**

Os órganos de dirección do S. N. de CCOO son:

- a) Congreso Nacional
- b) Conferencia Nacional
- c) Consello Nacional
- d) Comité de Dirección Nacional
- e) Comisión Executiva Nacional

O cargo de representación do S. N. de CCOO é o secretario ou a secretaria xeral coas funcións e competencias de dirección que se expresan no artigo 27.

**Artigo 22. O Congreso Nacional**

O Congreso Nacional é o máximo órgano deliberante e decisorio do S. N. de CCOO.

a) Composición: o Congreso Nacional, unha vez fixado o número de delegados e delegadas, estará composto polo secretario ou secretaria xeral, a Comisión Executiva Nacional e, a partes iguais, por representantes das federacións, por unha banda, e das unións, pola outra, en proporción ás cotizacións acumuladas nos catro anos naturais anteriores á convocatoria do Congreso. Os delegados e delegadas para o Congreso Nacional serán elixidos segundo a normativa que regule a súa convocatoria e funcionamento.

b) Funcionamento:

1. O congreso ordinario convocarase cada catro anos.
2. O congreso extraordinario poderá ser convocado cando así o aprobe o Consello Nacional por maioría absoluta ou as organizacións territoriais e/ou federativas que sumen, polo menos, dous terzos das cotizacións.

segunda convocatoria, cando estean presentes polo menos un terzo.

3. As decisións de todos os órganos serán adoptadas por maioría simple, salvo cando se estableza outra maioría nos Estatutos.

4. Existe maioría simple cando os votos afirmativos dos integrantes presentes sexan máis ca os negativos.

5. Para establecer as maiorías cualificadas (incluída a maioría absoluta) previstas nestes Estatutos, terase en conta o número total de integrantes do órgano fixado no congreso que vaia tomar a decisión.

6. Os congresos entenderanse debidamente constituídos cando estean acreditados a maioría absoluta dos delegados e delegadas convocados.

Nos congresos contaranse os delegados e delegadas acreditados para os efectos de establecer as maiorías cualificadas.

7. As decisións adoptadas serán inmediatamente executivas. Vinculan e obrigan a quen forma parte do órgano que as adopta, as estruturas dependentes e a afiliación do ámbito afectado, independentemente das reclamacións ou recursos que poidan interpoñer ante os órganos competentes do sindicato ou da xurisdición social.

## IV. ÓRGANOS E CARGO DE REPRESENTACIÓN DO S. N.

**Artigo 23. Órganos e cargo de representación do S. N. de CCOO**

1. Os órganos do S. N. de CCOO son:

- a) O Congreso Nacional
- b) A Conferencia Nacional
- c) O Consello Nacional
- d) O Comité de Dirección Nacional
- e) A Comisión Executiva Nacional
- f) A Comisión de Garantías do S. N.

2. O cargo de representación do S. N. de CCOO é o secretario ou a secretaria xeral coas funcións e competencias de dirección que se expresan no artigo 31.

**Artigo 24. Participación da xuventude**

1. Co obxectivo de facilitar a incorporación da xuventude á participación, a decisión e a dirección sindical en todas as estruturas do sindicato en que for posible, crearase a responsabilidade de Xuventude.

2. Co obxectivo de promover a renovación dos órganos de dirección das diferentes estruturas sindicais, estas incorporarán persoas mozas con responsabilidades na medida de cada realidade.

**Artigo 25. Participación de traballadores e traballadoras inmigrantes**

1. As diferentes estruturas sindicais dotaranse de plans específicos para incorporar os traballadores e traballadoras procedentes dos movementos migratorios á actividade sindical a partir do seu posto de traballo.

2. En función de cada realidade, as diferentes estruturas sindicais incorporarán estes traballadores e traballadoras ás responsabilidades sindicais en órganos de dirección nos diferentes niveis e nas listas aos órganos de representación.

**Artigo 26. O Congreso Nacional**

O Congreso Nacional é o máximo órgano deliberante e decisorio do S. N. de CCOO.

a) Composición: o Congreso Nacional, unha vez fixado o número de delegados e delegadas, estará composto polo secretario ou secretaria xeral, a Comisión Executiva Nacional e, a partes iguais, por representantes das federacións, por unha banda, e das unións, pola outra, en proporción ás cotizacións acumuladas nos catro anos naturais anteriores á convocatoria do Congreso. Os delegados e delegadas para o Congreso Nacional serán elixidos segundo a normativa que regule a súa convocatoria e funcionamento.

b) Funcionamento:

1. O congreso ordinario convocarao o Consello Nacional cada catro anos.
2. O congreso extraordinario poderá ser convocado cando así o aprobe o Consello Nacional por maioría absoluta ou as organizacións territoriais e/ou federativas que sumen, polo menos, dous terzos das cotizacións.

## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

3. Os congresos ordinarios serán convocados con seis meses de antelación, e os relatorios e documentos que sirvan de base para a discusión enviaranse, como mínimo, cun mes de antelación ao inicio das asembleas congresuais do nivel I; o regulamento e o informe xeral, como mínimo, cun mes de antelación ao inicio do congreso; e as emendas, no prazo que se estableza nas normas de convocatoria do Congreso.
  4. Todos os acordos do Congreso adoptaranse por maioría simple, agás os que teñan por obxecto a modificación dos Estatutos do Sindicato nos apartados de definición de principios e definición do sindicato, que requirirán unha maioría de dous terzos.
  5. A normativa de convocatoria, composición e funcionamento do Congreso así como a articulación do proceso congresual establecerá o Consello Nacional.
- c) Funcións do Congreso Nacional:
1. Determinar a liña xeral, a actividade sindical, a política de organización e finanzas e a política internacional do S. N. de CCOO.
  2. Aprobar e modificar o programa do S. N. de CCOO.
  3. Aprobar e modificar os Estatutos do Sindicato.
  4. Aprobar a composición do Consello Nacional.
  5. Elixir o secretario ou a secretaria xeral do sindicato mediante sufraxio libre e secreto.
  6. Elixir a Comisión de Control Administrativo e Finanzas e a Comisión de Garantías do sindicato mediante sufraxio libre e secreto.
  7. Elixir a Comisión Executiva mediante sufraxio libre e secreto.
  8. Decidir por acordo de 4/5 do Congreso sobre a disolución do Sindicato Nacional e/ou a súa fusión con outra organización sindical.
  9. Recoñecer o carácter de corrente sindical.

**Artigo 23. As conferencias nacionais**

Entre congreso e congreso, e cando por proposta da Comisión Executiva Nacional o considere oportuno o Consello Nacional, poderán convocarse conferencias nacionais para debater e establecer a posición do sindicato con relación a cuestións específicas ou xerais de especial interese para a política sindical do S. N. de CCOO, na liña do aprobado nos congresos nacionais. Os acordos adoptados terán carácter de decisións para o conxunto do S. N. de CCOO e non poderán contradicir os acordos aprobados polo Congreso Nacional.

En cada convocatoria realizada polo Consello Nacional estableceranse os criterios de asistencia e funcionamento da conferencia, coa participación do Consello Nacional e, polo menos, tantos delegados e delegadas como integrantes do mesmo Consello Nacional. Estes delegados e delegadas serán elixidos de maneira proporcional polos Consellos das organizacións do artigo 17.

**Artigo 24. O Consello Nacional**

O Consello Nacional é o máximo órgano de dirección entre congreso e congreso.

- a) Composición. O Consello Nacional estará composto por:
1. O Comité de Dirección Nacional, incluído o secretario ou secretaria xeral.
  2. O resto estará composto en igual número por representantes das federacións nacionais por unha parte e das unións comarcais e intercomarcais doutra parte, e en proporción ás cotizacións previstas no artigo 25.a, que se elixirán no seu respectivo consello necesariamente e conforme ás previsións establecidas no artigo 9 destes Estatutos. A dita composición actualizarase cada dous anos por medio do Regulamento do Consello Nacional, cos mesmos criterios anteriores.
 

As mulleres que resulten elixidas para formar parte do CDN, de acordo co artigo 28, non xerarán vacante no Consello Nacional; permanecerá, por tanto, inalterado o número de integrantes deste órgano.

O Consello Nacional, por proposta da Comisión Executiva Nacional, incorporará nas súas reunións, con voz pero sen voto, integrantes do

3. Os congresos ordinarios serán convocados con seis meses de antelación, e os relatorios e documentos que sirvan de base para a discusión enviaranse, como mínimo, cun mes de antelación ao inicio das asembleas congresuais do nivel I; o regulamento e o informe xeral, como mínimo, con quince días de antelación ao inicio do congreso; e as emendas, no prazo que se estableza nas normas de convocatoria do Congreso.
  4. Todos os acordos do Congreso adoptaranse por maioría simple, agás os que teñan por obxecto a modificación dos Estatutos do Sindicato nos apartados de definición de principios e definición do sindicato, que requirirán unha maioría de dous terzos.
  5. A normativa de convocatoria, composición e funcionamento do Congreso así como a articulación do proceso congresual establecerá o Consello Nacional.
- c) Funcións do Congreso Nacional:
1. Determinar a orientación político-sindical, do S. N. de CCOO.
  2. Aprobar ou modificar o programa e o modelo financeiro do S. N. de CCOO.
  3. Aprobar a modificación total ou parcial dos Estatutos.
  4. Aprobar os criterios de composición do Consello Nacional.
  5. Elixir mediante sufraxio libre, directo e secreto, a Comisión Executiva Nacional, a Secretaría Xeral e a Comisión de Garantías do S. N. mediante sufraxio libre e secreto.
  6. Decidir por acordo das catro quintas partes do Congreso sobre a disolución do Sindicato Nacional e/ou a súa fusión con outra organización sindical.
  7. Recoñecer o carácter de corrente sindical.

**Artigo 27. As conferencias nacionais**

Entre congreso e congreso, e cando por proposta da Comisión Executiva Nacional o considere oportuno o Consello Nacional, poderán convocarse conferencias nacionais para debater e establecer a posición do sindicato con relación a cuestións específicas ou xerais de especial interese para a política sindical do S. N. de CCOO, na liña do aprobado nos congresos nacionais. Os acordos adoptados terán carácter de decisións para o conxunto do S. N. de CCOO e non poderán contradicir os acordos aprobados polo Congreso Nacional.

En cada convocatoria realizada polo Consello Nacional estableceranse os criterios de asistencia e funcionamento da conferencia, coa participación do Consello Nacional e, polo menos, tantos delegados e delegadas como integrantes do mesmo Consello Nacional. Estes delegados e delegadas serán elixidos de maneira proporcional polos Consellos das organizacións do artigo 17.

**Artigo 28. O Consello Nacional**

O Consello Nacional é o máximo órgano de dirección entre congreso e congreso.

- a) Composición. O Consello Nacional estará composto por:
1. O Comité de Dirección Nacional, incluído o secretario ou secretaria xeral.
 

As persoas que resulten elixidas para formar parte deste Comité, de acordo co artigo 28, non xerarán vacante no Consello Nacional e, polo tanto, permanecerá inalterado o seu número de integrantes.
  2. O resto estará composto en igual número por representantes das federacións nacionais por unha parte e das unións comarcais e intercomarcais doutra parte, e en proporción ás cotizacións previstas no artigo 25.a, que se elixirán no seu respectivo consello necesariamente e conforme ás previsións establecidas no artigo 9 destes Estatutos. A dita composición actualizarase cada dous anos por medio do Regulamento do Consello Nacional, cos mesmos criterios anteriores.
 

As mulleres que resulten elixidas para formar parte do CDN, de acordo co artigo 28, non xerarán vacante no Consello Nacional; permanecerá, por tanto, inalterado o número de integrantes deste órgano.

O Consello Nacional, por proposta da Comisión Executiva Nacional, incorporará nas súas reunións, con voz pero sen voto, integrantes do

## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

S. N. de CCOO cando se considere oportuna a súa presenza ou asesoramento, pola súa responsabilidade en determinados servizos ou comisións de carácter permanente ou temporal.

## b) Funcionamento

1. O Consello será convocado polo Comité de Dirección Nacional tres veces ao ano, polo menos, con carácter ordinario, e con carácter extraordinario cada vez que o solicite un terzo de integrantes do Consello Nacional. Neste último caso, deberase realizar nun prazo non superior a quince días, incluíndo na orde do día o motivo da convocatoria.

2. As resolucións e decisións do Consello adoptaranse por maioría simple, agás nos casos previstos nestes Estatutos.

## c) Funcións e competencias

1. Discutir e decidir sobre a política xeral do sindicato entre dous congresos sucesivos e controlar a súa aplicación polo Comité de Dirección Nacional e pola Comisión Executiva.
2. Convocar o Congreso Nacional. Aprobar as normas que regulan o proceso congresual previo e o regulamento de funcionamento do Congreso. Os principios e as regras establecidos nas ditas normas e regulamentos deben ser respectados e observados polas respectivas normas e regulamentos de que se doten as organizacións integradas no S. N. de CCOO.
3. Aprobar anualmente o orzamento da Comisión Executiva Nacional de gastos e ingresos así como as contas anuais, por proposta da Executiva Nacional e do Comité de Dirección Nacional.
4. Aprobar anualmente os plans de traballo do S. N. e os balances de actividade.
5. Coñecerá anualmente os informes sobre as súas actividades, elaborados pola Comisión de Control Administrativo e Finanzas e pola Comisión de Garantías.
6. Elixirá a persoa encargada de dirixir o *Galicia Sindical*.
7. O Consello Nacional, por maioría absoluta, poderá revogar ou elixir as persoas que compoñen a Comisión Executiva, entre congreso e congreso, sempre e cando non supere un terzo do total dos seus compoñentes nin supoña a ampliación do seu número inicial en máis dun dez por cento elixidos no X Congreso Nacional.

## 8. Aprobar os seguintes regulamentos:

- O regulamento de funcionamento do Consello Nacional e as regras básicas de funcionamento dos órganos de dirección.
- O regulamento de funcionamento da Comisión de Garantías e da Comisión de Control Administrativo e Finanzas.

S. N. de CCOO cando se considere oportuna a súa presenza ou asesoramento, pola súa responsabilidade en determinados servizos ou comisións de carácter permanente ou temporal.

## b) Funcionamento

1. O Consello Nacional será convocado con carácter ordinario polo Comité Nacional, como mínimo, dúas veces ao ano: unha, para debater o balance de xestión anual da actividade sindical, así como os balances integrados e contas de resultados; e outra, para aprobar, a proposta do Comité Nacional, os obxectivos de política sindical e orzamentaria do sindicato.

O Consello será convocado polo Comité Nacional cun mes de antelación, e acompañarase á convocatoria a orde do día e os materiais para debater, para que as persoas membros do Consello poidan trasladar o debate ás organizacións da estrutura sindical que representan. As reunións do Consello Nacional estarán preparadas polo Comité Nacional.

Un terzo das persoas membros do Consello Nacional poderano convocar con carácter extraordinario cunha antelación mínima de quince días.

2. As resolucións e decisións do Consello adoptaranse por maioría simple, agás nos casos previstos nestes Estatutos.

## c) Funcións e competencias

1. Discutir e decidir sobre a política xeral do sindicato entre dous congresos sucesivos e controlar a súa aplicación polo Comité de Dirección Nacional e pola Comisión Executiva.
2. Convocar con carácter ordinario ou extraordinario o Congreso Nacional. Aprobar as normas que regulan o proceso congresual previo e o regulamento de funcionamento do Congreso. Os principios e as regras establecidos nas ditas normas e regulamentos deben ser respectados e observados polas respectivas normas e regulamentos de que se doten as organizacións integradas no S. N. de CCOO.
3. Aprobar anualmente, por proposta do Comité Nacional, o orzamento integrado, así como a liquidación, os balances e os resultados.
4. Aprobar anualmente os plans de traballo do S. N. e os balances de actividade.
5. Coñecerá anualmente os informes sobre as súas actividades, elaborados pola Comisión de Control Administrativo e Finanzas e pola Comisión de Garantías.
6. Elixirá a persoa encargada de dirixir o *Galicia Sindical*, que se incorporará como convidada permanente ás reunións do Consello.
7. Poderá acordar por maioría absoluta, por proposta da Comisión Executiva Nacional, que sexan cubertas as vacantes que se produzan no seo desta entre congreso e congreso. As substitucións acordadas non poderán superar un terzo do número de membros fixado no congreso. Tamén a proposta da Comisión Executiva Nacional, poderá acordar por maioría absoluta a ampliación do número inicial de membros da CEN fixado no Congreso. Esta ampliación non poderá superar o 10% do número de membros fixado no congreso. En ambos os supostos, a elección efectuarase no seo do Consello Nacional, rexerese polo disposto no artigo 10 destes Estatutos e manterase a proporcionalidade de xénero saída do congreso. Estas persoas incorporadas á Comisión Executiva Nacional absteranse de votar en calquera asunto que exixa estatutariamente maiorías cualificadas.
8. Escollerá o secretario ou secretaria xeral en casos de dimisión, morte ou revogación do elixido no Congreso Nacional, mediante votación cualificada de, como mínimo, a maioría absoluta de membros, ata o Congreso ordinario ou ata un congreso extraordinario convocado con esta finalidade.
9. Aprobar os seguintes regulamentos:
  - O regulamento de funcionamento do Consello Nacional e as regras básicas de funcionamento dos órganos de dirección.
  - O regulamento de funcionamento da Comisión de Garantías e da Comisión de Control Administrativo e Finanzas.



## Estatutos 10.º Congreso

- O regulamento de desenvolvemento do artigo 15.3 sobre a sección sindical.
- Os regulamentos necesarios para ordenar a xestión económica do S. N. de CCOO e das súas organizacións.
- O regulamento dos fondos financeiros.
- Os que o propio Consello Nacional, no desenvolvemento da política sindical, considere convenientes.
- O regulamento que desenvolva o artigo 9, apartado *j* de dereito do afiliado ou afiliada a solicitar a intervención dos órganos competentes da estrutura, así como o procedemento de acceso a información económica e financeira, o estado das súas contas e a orixe dos recursos do sindicato, en concordancia co disposto no artigo 35 destes Estatutos.

## 9. Convocar as conferencias nacionais.

10. Aprobar, de conformidade co artigo 24.a, a porcentaxe de ampliación do Comité de Dirección Nacional e elixir as mulleres que se incorporarán a el.

11. Os acordos e resolucións do Consello Nacional son de obrigado cumprimento para todas as organizacións que compoñen a estrutura do S. N. de CCOO.

12. Modificar as denominacións das organizacións do S. N. recollidas no artigo 15, 1 *a e b*, cando por calquera circunstancia estatutaria cambien o nome recollido no dito artigo, así como modificar e incluír as disposicións necesarias que, por imperativos legais, cumpra adaptar nos regulamentos vixentes.

13. No caso de fusión de federacións recollidas no artigo 15.1 *a*, o Consello Nacional respectará a decisión tomada polo congreso de constitución da nova federación, sempre que responda ao acordado polo Consello Confederal e/ou Consello Nacional cando este aprobou o inicio do proceso de fusión. Modificar as denominacións no artigo antes mencionado así como modificar ou incluír as disposicións necesarias que, por imperativos legais, cumpra adaptar nos regulamentos vixentes.

14. Cantas outras competencias se lle asignen nestes Estatutos.

**Artigo 25. O Comité de Dirección Nacional**

O Comité de Dirección Nacional constitúese como órgano de dirección e coordinación do S. N. de CCOO de Galicia. Está integrado polo secretario ou secretaria xeral, polas persoas que compoñen a Comisión Executiva e os secretarios e secretarías xerais das federacións nacionais e das unións comarcais e intercomarcais.

No caso de que o resultado da composición do Comité non garanta o cumprimento do establecido no referente ao sindicato de homes e mulleres, como medida de acción positiva a súa composición será ampliada nunha porcentaxe de ata o 10%. As mulleres que se incorporen ao CDN mediante este sistema serán escollidas polo Consello Nacional de entre as mulleres que o integran.

O Comité de Dirección Nacional será convocado un mínimo de seis veces ao ano con carácter ordinario, e con carácter extraordinario cada vez que a Executiva o crea necesario ou o solicite un terzo de integrantes do Comité de Dirección Nacional; neste caso terase que facer nun prazo non superior a quince días. Para garantir o seu funcionamento regular, dotarase dun regulamento interno.

As xuntanzas ordinarias do Comité de Dirección Nacional serán convocadas polo secretario ou secretaria xeral, e con carácter extraordinario por un terzo da Comisión Executiva Nacional.

## Funcións e competencias:

1. Asegurar a dirección permanente da actividade do S. N. de CCOO, tomando as decisións pertinentes entre as xuntanzas do Consello Nacional.
2. Participar na definición dos obxectivos de política sindical, en especial no tocante ás estratexias de diálogo e concertación social e a negociación colectiva.
3. Participar no deseño e na xestión de políticas organizativas de carácter xeral.
4. Aprobar, se for o caso, a proposta do Secretariado ou a Comisión Permanente que poida trasladar a Comisión Executiva. O Comité de Dirección Nacional poderá aprobar e remover as responsabilidades da Comisión Executiva.
5. Preparar as xuntanzas do Consello Nacional e velar polo desenvolvemento e aplicación dos seus acordos e resolucións.

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

- O regulamento de desenvolvemento do artigo 15.3 sobre a sección sindical.
- Os regulamentos necesarios para ordenar a xestión económica do S. N. de CCOO e das súas organizacións.
- O regulamento dos fondos financeiros.
- Os que o propio Consello Nacional, no desenvolvemento da política sindical, considere convenientes.
- O regulamento que desenvolva o artigo 9, apartado *h* de dereito do afiliado ou afiliada a solicitar a intervención dos órganos competentes da estrutura.

## 10. Convocar as conferencias nacionais.

11. Os acordos e resolucións do Consello Nacional son de obrigado cumprimento para todas as organizacións que compoñen a estrutura do S. N. de CCOO.

12. Modificar as denominacións das organizacións do S. N. recollidas no artigo 17, 1 *a e b*, cando por calquera circunstancia estatutaria cambien o nome recollido no dito artigo, así como modificar e incluír as disposicións necesarias que, por imperativos legais, cumpra adaptar nos regulamentos vixentes.

13. Cantas outras competencias se lle asignen nestes Estatutos.

**Artigo 29. O Comité de Dirección Nacional**

O Comité de Dirección Nacional constitúese como órgano de dirección e coordinación do S. N. de CCOO de Galicia. Está integrado polo secretario ou secretaria xeral, polas persoas que compoñen a Comisión Executiva e os secretarios e secretarías xerais das federacións nacionais e das unións comarcais e intercomarcais.

No caso de que o resultado da composición do Comité non garanta o cumprimento do establecido no artigo 10 no referente ao sindicato de homes e mulleres, como medida de acción positiva a súa composición será ampliada ata garantir as porcentaxes de 40/60 fixadas no citado artigo para cada un dos sexos. A elección realizaraa o Consello Nacional entre as conselleiras e conselleiros segundo proceda, de acordo co establecido no artigo 10 *f* destes Estatutos.

O Comité de Dirección Nacional funcionará colexiadamente convocado polo secretario ou secretaria xeral, e con carácter extraordinario cada vez que a Executiva o crea necesario ou o solicite un terzo de integrantes do Comité de Dirección Nacional; neste caso terase que facer nun prazo non superior a quince días. Para garantir o seu funcionamento regular, dotarase dun regulamento interno.

## Funcións e competencias:

1. Asegurar a dirección permanente da actividade do S. N. de CCOO, tomando as decisións pertinentes entre as xuntanzas do Consello Nacional.
2. Participar na definición dos obxectivos de política sindical, en especial no tocante ás estratexias de diálogo e concertación social e a negociación colectiva.
3. Participar no deseño e na xestión de políticas organizativas de carácter xeral.
4. Aprobar, se for o caso, a proposta da Comisión Permanente que poida trasladar a Comisión Executiva. O Comité de Dirección Nacional poderá aprobar e remover as responsabilidades da Comisión Executiva.
5. Preparar as xuntanzas do Consello Nacional e velar polo desenvolvemento e aplicación dos seus acordos e resolucións.

## Estatutos 10.º Congreso

6. Facer o seguimento das actividades da Comisión Executiva.
7. Participar na xestión dos recursos económicos do conxunto do S. N., para o cal coñecerá os orzamentos e os balances integrados.
8. Fixar os criterios orientadores da política laboral para o persoal asalariado do S. N. de CCOO no marco do orzamento integrado.
9. Todas as materias que lle poidan ser atribuídas regulamentariamente polo Consello.

### Artigo 26. A Comisión Executiva Nacional

A Comisión Executiva é o órgano de dirección do sindicato que leva á práctica as decisións e directrices adoptadas polo Congreso, o Consello Nacional e o Comité de Dirección Nacional.

Funcionará colexiadamente, convocada polo secretario ou secretaria xeral ou por unha terceira parte dos seus compoñentes.

O Congreso Nacional fixará o seu número e elixirá os seus compoñentes.

A Comisión Executiva creará todas as secretarías, comisións e departamentos que considere convenientes para o mellor desenvolvemento das funcións que ten encomendadas.

Elixirá os/as responsables de área e secretarías de entre os seus membros, e configurarán estes, xunto co secretario ou secretaria xeral, un secretariado ou comisión permanente da Comisión Executiva Nacional para atender a dirección e as decisións cotiás entre as reunións da Executiva Nacional.

Asegurarase un tempo mínimo de catro anos de afiliación para poder ser integrante da Comisión Executiva Nacional.

As persoas que compoñen a Comisión Executiva Nacional poderán participar, delegadas por esta, nas reunións de calquera dos órganos das organizacións agrupadas no S. N. de CCOO, do que serán informadas as estruturas intermedias.

Co fin de garantir o seu funcionamento regular, a Comisión Executiva terá un regulamento interno.

Responderá ante o Congreso ao remate da súa actuación, ante o Consello Nacional e ante o Comité de Dirección Nacional.

Funcións da Comisión Executiva Nacional:

- a) Levar á práctica as decisións adoptadas polo Consello Nacional e polo Congreso.
- b) Asegurar a dirección permanente da actividade do sindicato, levando á práctica as decisións do Consello Nacional e do Comité de Dirección Nacional, asegurando a dirección diaria do Sindicato e deliberando e tomando decisións sobre cuestións urxentes entre reunións do Consello Nacional.
- c) Asegurar a organización e funcionamento de todos os servizos centrais do sindicato.
- d) Nomear e destituír o persoal técnico e administrativo dos servizos do sindicato.
- e) Coordinar as actividades do Consello Nacional e do Comité de Dirección Nacional, das secretarías e dos servizos técnicos do S. N. de CCOO.
- f) Manter contactos periódicos con todas as federacións e unións.
- g) Levar a responsabilidade das publicacións oficiais centrais do sindicato
- h) Nomear e destituír integrantes dos órganos de dirección das sociedades e servizos dependentes do S. N. de CCOO.

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

6. Facer o seguimento das actividades da Comisión Executiva.
7. Participar na xestión dos recursos económicos do conxunto do S. N., para o cal coñecerá os orzamentos e os balances integrados.
8. Fixar os criterios orientadores da política laboral para o persoal asalariado do S. N. de CCOO no marco do orzamento integrado.
9. Todas as materias que o Consello lle poida ordenar ou atribuír regulamentariamente, así como aquelas outras que, por razóns de necesidade, propoña o Comité Nacional ou un terzo do seus integrantes, e a Comisión Executiva, todo isto sen menoscabar as competencias que estatutariamente correspondan ao Consello.
10. Os acordos, as resolucións e decisións do Comité Nacional adoptaranse por maioría simple.

### Artigo 30. A Comisión Executiva Nacional

A Comisión Executiva Nacional, da que fai parte de forma irrevocable a secretaria ou secretario xeral, é o órgano de dirección do sindicato que leva á práctica as decisións e directrices adoptadas polo Congreso, o Consello Nacional e o Comité de Dirección Nacional.

Funcionará colexiadamente, convocada polo secretario ou secretaria xeral ou por unha terceira parte dos seus compoñentes.

O Congreso Nacional fixará o seu número e elixirá os seus compoñentes, de conformidade coas normas congresuais e co regulamento do propio Congreso Nacional.

A Comisión Executiva creará todas as secretarías, comisións e departamentos que considere convenientes para o mellor desenvolvemento das funcións que ten encomendadas.

Elixirá os/as responsables de área e secretarías de entre os seus membros, e configurarán estes, xunto co secretario ou secretaria xeral, un secretariado ou comisión permanente da Comisión Executiva Nacional para atender a dirección e as decisións cotiás entre as reunións da Executiva Nacional.

Asegurarase un tempo mínimo de catro anos de afiliación para poder ser integrante da Comisión Executiva Nacional.

Limitarase a tres mandatos o desempeño de responsabilidades nunha mesma secretaría da Comisión Executiva.

As persoas que compoñen a Comisión Executiva Nacional poderán participar, delegadas por esta, nas reunións de calquera dos órganos das organizacións agrupadas no S. N. de CCOO, do que serán informadas as estruturas intermedias.

Co fin de garantir o seu funcionamento regular, a Comisión Executiva terá un regulamento interno.

Responderá ante o Congreso ao remate da súa actuación, ante o Consello Nacional e ante o Comité de Dirección Nacional.

Funcións da Comisión Executiva Nacional:

- a) Levar á práctica as decisións adoptadas polo Congreso, o Consello Nacional e o Comité Nacional.
- b) Asegurar a dirección permanente da actividade do sindicato, levando á práctica as decisións do Consello Nacional e do Comité de Dirección Nacional, asegurando a dirección diaria do Sindicato e deliberando e tomando decisións sobre cuestións urxentes entre reunións do Consello Nacional.
- c) Asegurar a organización e funcionamento de todos os servizos centrais do sindicato.
- d) Nomear e destituír o persoal técnico e administrativo dos servizos do sindicato.
- e) Coordinar as actividades do Consello Nacional e do Comité de Dirección Nacional, das secretarías e dos servizos técnicos do S. N. de CCOO.
- f) Manter contactos periódicos con todas as federacións e unións.
- g) Levar a responsabilidade das publicacións oficiais centrais do sindicato.
- h) Nomear representantes para os órganos de representación institucional.
- i) Nomear ata un máximo dun terzo dos e das integrantes dun órgano de dirección de rama ou territorial entre afiliados e afiliadas doutra rama distinta ao ámbito territorial diferente ao do órgano en cuestión, nos casos constatados de debilidade organizativa, co fin de reforzar a capacidade de dirección dese órgano. Os nomeamentos que se realicen para os efectos

## Estatutos 10.º Congreso

- i) Potenciar a creación de secretarías da muller nas organizacións territoriais e federais, e impulsar as que xa existan. As secretarías da muller integraranse nos órganos de dirección respectivos con plenos dereitos.
- j) Potenciar as secretarías de xuventude.
- k) Cantas outras competencias se lle asignen nestes Estatutos no seu desenvolvemento regulamentario.

Corresponderalle á Comisión Executiva da organización sindical correspondente ou indistintamente á Secretaría Xeral, a facultade de adoptar as decisións consistentes no exercicio de accións xudiciais ou administrativas de todo tipo para a impugnación de disposicións legais e actos, de xeito que, adoptada a decisión, trasladarase esta aos e ás representantes procesuais, procuradores e procuradoras e avogados e avogadas, para que exerciten esta acción de impugnación.

**Artigo 27. O secretario ou secretaria xeral do Sindicato Nacional**

- a) É quen representa legal e publicamente o S. N. de CCOO de Galicia. Actúa baixo o acordo colexiado do Consello Nacional e o Comité de Dirección Nacional e da Executiva Nacional, seguindo o principio de dirección e representación colectivas, e ten como misión dar cohesión e impulsar as funcións dos ditos órganos. Terá as facultades que a lei lle outorga, como representante legal e público do S. N. de CCOO.
- b) Terá as facultades legais que expresamente se recollen no anexo destes Estatutos. No regulamento de funcionamento da Comisión Executiva poderase regular a forma de exercer estas facultades.
- c) Poderá delegar e revogar as funcións e facultades que lle recoñecen estes Estatutos en compoñentes e órganos competentes do sindicato.
- d) No caso de estar ausente, a Executiva Nacional, colexiadamente, asumirá as funcións recoñecidas para o secretario ou secretaria xeral durante o período que dure a ausencia.
- e) Se entre congreso e congreso o secretario ou a secretaria xeral do S. N. de CCOO dimitise ou finase, procederase a unha nova elección por maioría absoluta no Consello Nacional. O seu mandato chegará ata o seguinte congreso ordinario ou ata o congreso extraordinario convocado para a elección dun secretario xeral ou dunha secretaria xeral, se así o decide o órgano de dirección devandito.
- f) Presidirá as reunións do Consello Nacional, do Comité de Dirección Nacional e da Comisión Executiva Nacional.
- g) O secretario ou a secretaria xeral non poderá ser reelixido por máis de tres mandatos consecutivos.
- h) Presentará un informe ao Congreso Nacional no nome do Consello Nacional e informes periódicos ao Consello Nacional en nome do Comité de Dirección Nacional, agás que se adopte outro acordo para sesións concretas.

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

- indicados deberán ser ratificados polo Consello da organización afectada.
- j) Nomear e destituír integrantes dos órganos de dirección das sociedades e servizos dependentes do S. N. de CCOO.
- k) Potenciar a creación de secretarías da muller nas organizacións territoriais e federais, e impulsar as que xa existan. As secretarías da muller integraranse nos órganos de dirección respectivos con plenos dereitos.
- l) Potenciar as secretarías de xuventude.
- m) Cantas outras competencias se lle asignen nestes Estatutos no seu desenvolvemento regulamentario.

Corresponderalle á Comisión Executiva da organización sindical correspondente ou indistintamente á Secretaría Xeral, a facultade de adoptar as decisións consistentes no exercicio de accións xudiciais ou administrativas de todo tipo para a impugnación de disposicións legais e actos administrativos, de xeito que, adoptada a decisión, trasladarase esta aos e ás representantes procesuais, procuradores e procuradoras e avogados e avogadas, para que exerciten esta acción de impugnación.

**Artigo 31. A Comisión Permanente da Comisión Executiva**

A Comisión Permanente da Comisión Executiva Nacional é o órgano que leva á práctica as decisións da Comisión Executiva e que responde da súa xestión ante esta e ante o Comité Nacional. O número de compoñentes da súa elección é unha decisión que corresponde á Secretaría Xeral. Reunirase periodicamente, como mínimo, unha vez cada quince días, convocado polo secretario ou secretaria xeral ou por unha terceira parte dos seus compoñentes. Os seus acordos adoptaranse por maioría simple.

As súas funcións serán as seguintes:

- a) Levar á práctica as decisións da Comisión Executiva.
- b) Deliberar e tomar decisións sobre cuestións urxentes entre reunións da Comisión Executiva.
- c) Coordinar as actividades da Comisión Executiva, das áreas, das secretarías, dos departamentos e da estrutura profesional do S. N.

**Artigo 32. O secretario ou secretaria xeral do Sindicato Nacional**

- a) É quen representa legal e publicamente o S. N. de CCOO de Galicia. Actúa baixo o acordo colexiado do Consello Nacional, do Comité de Dirección Nacional e da Executiva Nacional da que forma parte de maneira irrevocable, seguindo o principio de dirección e representación colectivas, e ten como misión dar cohesión e impulsar as funcións dos ditos órganos.
- b) Terá as facultades que a lei lle outorga como representante legal e público de CCOO e as que expresamente se recollen no anexo destes Estatutos. No regulamento de funcionamento da Comisión Executiva Nacional poderase regular a forma de exercer estas facultades.
- c) Poderá delegar e revogar as funcións e facultades que lle recoñecen estes Estatutos en compoñentes e órganos competentes do sindicato.
- d) No caso de estar ausente, a Comisión Permanente, colexiadamente, asumirá as funcións previstas para o secretario ou secretaria xeral durante o período que dure a ausencia.
- e) Se entre congreso e congreso o secretario ou a secretaria xeral de calquera organismo do S. N. de CCOO quedase vacante por calquera causa, ou fose revogado por dous terzos dos compoñentes do máximo órgano de dirección entre congresos, o novo secretario ou secretaria poderán ser elixidos polo máximo órgano de dirección entre congresos –Consello ou Comisión Executiva, en caso de non haber Consello–, do organismo respectivo, con votación cualificada de, como mínimo, a maioría absoluta das persoas que son membros, ata o congreso ordinario ou extraordinario convocado por este motivo, se así o decide o órgano de dirección mencionado.
- f) Presidirá as reunións do Consello Nacional, do Comité de Dirección Nacional, da Comisión Executiva Nacional e da Comisión Permanente.
- g) O secretario ou a secretaria xeral non poderá ser reelixido por máis de tres mandatos consecutivos.
- h) Presentará un informe ao Congreso Nacional no nome do Consello Nacional, e informes periódicos ao Consello Nacional en nome do Comité Nacional, agás que se adopte outro acordo para sesións concretas.



## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

**Artigo 28. Incompatibilidades dos membros dos órganos de dirección nacionais**

O cargo de integrante da Comisión Executiva do S. N., das comisións executivas das federacións e das comisións executivas das unións serán incompatibles, debido ás tarefas que estes cargos implican, co desempeño das seguintes funcións:

- alcalde, alcaldesa, concelleiro ou concelleira;
- integrante das Cortes Xerais (Congreso dos Deputados e Senado);
- integrante dos parlamentos das comunidades autónomas e do Parlamento Europeo;
- integrante do Goberno do Estado ou dos gobernos das comunidades autónomas;
- integrante de equipos de goberno dos concellos;
- integrante das xuntas xerais e/ou institucións provinciais;
- calquera cargo de designación directa por parte do Goberno do Estado ou dalgunha das Administracións ou empresas públicas;
- secretaría xeral ou outra denominación que implique a representación uni persoal legal e pública de toda organización cidadá no ámbito social, político ou laboral;
- responsable directo dunha secretaría ou área de traballo permanente nun partido político.
- Será incompatible presentarse como candidato ou candidata a algún dos cargos públicos antes sinalados e desempeñar a responsabilidade dunha secretaría xeral do S. N., federación nacional, unión comarcal ou intercomarcal, así como desempeñar un cargo na Comisión Executiva do S. N.
- Dirixir e/ou formar parte do consello de administración ou órganos de dirección ou xestión de empresas, fundacións, etc. cuxos fins sexan colaborar ou levar a cabo actividades empresariais relacionadas coas actividades e servizos do sindicato ou dependentes deste, salvo en caso de ser o representante nomeado polo Sindicato Nacional de CCOO.
- Incurrir en calquera das incompatibilidades descritas anteriormente implicará o cesamento automático no cargo e funcións que estea desempeñando a persoa implicada, co único requisito da comunicación previa por parte do órgano onde estiver encadrado.

Ser responsable dunha secretaría nacional do S. N. de CCOO e exercer unha secretaría nunha comisión executiva de unión comarcal e/ou intercomarcal ou federación son incompatibles entre si.

Ser parte da Comisión de Garantías ou da Comisión de Control de Administración e Finanzas é incompatible co desempeño de calquera outra responsabilidade noutro rango ou nivel do Sindicato.

Estas incompatibilidades estenderanse aos secretarios ou secretarías xerais das seccións sindicais das diferentes Administracións públicas do ámbito local, provincial, autonómico ou xeral do Estado con relación a cargos ou candidaturas das indicadas no parágrafo anterior que sexan da mesma Administración en que ocupa as responsabilidades sindicais.

**V. ÓRGANOS DE GARANTÍAS E CONTROL****Artigo 29. A Comisión de Garantías do S. N. de CCOO**

1. A Comisión de Garantías é o órgano supremo de control das medidas disciplinarias internas, tanto de carácter individual sobre os afiliados e afiliadas como de carácter colectivo sobre as organizacións, segundo prevén os artigos 12 e 18 destes Estatutos. Intervén, así mesmo, en cantas reclamacións lles presenten os afiliados e afiliadas ás organizacións integradas no S. N. de CCOO de Galicia sobre a violación dos principios de democracia interna recoñecidos nos Estatutos. Isto xerará, se é o caso, as oportunas

**Artigo 33. Incompatibilidades dos membros dos órganos de dirección nacionais**

A condición de integrante da Executiva Nacional, da Comisión de Garantías Nacional será incompatible, debido ás tarefas que estes cargos implican, co desempeño das seguintes funcións:

- alcalde, alcaldesa, concelleiro ou concelleira;
- integrante das Cortes Xerais (Congreso dos Deputados e Senado);
- integrante dos parlamentos das comunidades autónomas e do Parlamento Europeo;
- integrante do Goberno do Estado ou dos gobernos das comunidades autónomas;
- integrante de equipos de goberno dos concellos;
- integrante das xuntas xerais e/ou institucións provinciais;
- calquera cargo de designación directa por parte do Goberno do Estado ou dalgunha das Administracións ou empresas públicas;
- secretaría xeral ou outra denominación que implique a representación uni persoal legal e pública de toda organización cidadá no ámbito social, político ou laboral;
- responsable directo dunha secretaría ou área de traballo permanente nun partido político.
- Será incompatible presentarse como candidato ou candidata a algún dos cargos públicos antes sinalados e desempeñar a responsabilidade dunha secretaría xeral do S. N., federación nacional, unión comarcal ou intercomarcal, así como desempeñar un cargo na Comisión Executiva do S. N.
- Dirixir e/ou formar parte do consello de administración ou órganos de dirección ou xestión de empresas, fundacións, etc. cuxos fins sexan colaborar ou levar a cabo actividades empresariais relacionadas coas actividades e servizos do sindicato ou dependentes deste, salvo en caso de ser o representante nomeado polo Sindicato Nacional de CCOO.
- Incurrir en calquera das incompatibilidades descritas anteriormente implicará o cesamento automático no cargo e funcións que estea desempeñando a persoa implicada, co único requisito da comunicación previa por parte do órgano onde estiver encadrado.

Ser responsable dunha secretaría nacional do S. N. de CCOO e exercer unha secretaría nunha comisión executiva de unión comarcal e/ou intercomarcal ou federación son incompatibles entre si.

Ser parte da Comisión de Garantías é incompatible co desempeño de calquera outra responsabilidade noutro rango ou nivel do Sindicato.

Estas incompatibilidades estenderanse aos secretarios ou secretarías xerais das seccións sindicais das diferentes Administracións públicas do ámbito local, provincial, autonómico ou xeral do Estado con relación a cargos ou candidaturas das indicadas no parágrafo anterior que sexan da mesma Administración en que ocupa as responsabilidades sindicais.

A condición de sindicalista, é dicir, o desenvolvemento das tarefas propias dos órganos de dirección e de xestión en todos os niveis, leva implícita a incompatibilidade de ser elector e elixible nas eleccións internas para escoller as persoas que representan o conxunto de asalariados e asalariadas por conta do sindicato, co fin de ser o máis estritos e respectuosos cos diferentes ámbitos funcionais do sindicato.

A verificación das situacións de incompatibilidades descritas e a proposta de resolución aos órganos de dirección competentes da situación de incompatibilidades corresponderalle á Secretaría de Organización do S. N.

**V. ÓRGANOS DE GARANTÍAS E CONTROL****Artigo 34. A Comisión de Garantías do S. N. de CCOO**

1. A Comisión de Garantías é o órgano supremo de control das medidas disciplinarias internas, tanto de carácter individual sobre os afiliados e afiliadas, como de carácter colectivo sobre as organizacións.
2. Intervén, así mesmo, en cantas reclamacións lle presenten as persoas afiliadas ás organizacións integradas no S. N. de CCOO sobre violación dos principios de democracia interna recoñecidos nos Estatutos.
3. Para o caso específico dos procesos congresuais, establecerase un pro-

## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

esixencias de responsabilidade ante os órganos de dirección nacionais.

2. A competencia da Comisión de Garantías do S. N. abrangue calquera conflito ou situación susceptible de reclamación diante dela e que se suscite no ámbito territorial de Galicia, salvo que tal situación exceda do dito ámbito ou afecte ou poida afectar a outros ámbitos territoriais máis amplos que o propio de aplicación dos Estatutos do S. N. de CCOO de Galicia.
3. A Comisión de Garantías será elixida polo Congreso Nacional e estará composta por cinco persoas titulares e dúas suplentes, que non poderán ser, asemade, integrantes dos órganos nin do sindicato nin das organizacións integradas por el. A súa composición gardará a proporción do 60/40% para cada un dos sexos. As persoas electas no Congreso manterán os seus cargos (salvo finamento ou dimisión) ata o seguinte congreso, no que presentarán un balance da súa actuación durante ese período. O balance publicárase nos órganos de expresión nacionais. Anualmente, elaborará un informe que presentará ao Consello Nacional e que se publicará nos órganos de expresión nacionais.
4. No suposto de falecemento, dimisión ou incapacidade física ou psíquica, oficialmente declarada, de persoas titulares da Comisión de Garantías, pasará automaticamente a ocupar a vacante temporal ou definitiva alguén suplente. Se a vacante for definitiva, pasará a ser titular. No caso de que a Comisión de Garantías chegase a ter menos de cinco integrantes titulares, as vacantes que, por calquera circunstancia, se poidan producir entre congreso e congreso serán cubertas con carácter provisorio ata un novo congreso mediante unha elección do Consello Nacional.
5. As decisións e resolucións da Comisión de Garantías teñen carácter executivo e deberán ditarse no prazo máximo dun mes desde que contén coa documentación completa. Estas poden ser recorribles por órganos sindicais e afiliados e afiliadas diante da Comisión de Garantías Confederal. Para o caso específico dos procesos congresuais, establecerase un procedemento extraordinario de urxencia co obxectivo de reducir ao máximo posible os prazos de resolución. Este procedemento de urxencia será obxecto do seu desenvolvemento regulamentario aprobado polo Consello Confederal.
6. A Comisión de Garantías Nacional dotarase dun regulamento, que aprobará o Consello Nacional, para o seu funcionamento e relacións coas outras comisións de garantías constituídas.
7. A Comisión de Garantías é un órgano sindical facultado para elaborar propostas e suxestións de carácter estatutario, funcional e teórico aos órganos de dirección nacionais.
8. A Comisión de Garantías non é un órgano sindical consultivo.
9. Requirirase un tempo mínimo de catro anos de afiliación para poder ser parte da Comisión de Garantías.

### Artigo 30. A Comisión de Control Administrativo e Finanzas do S. N. de CCOO

A Comisión de Control Administrativo e Finanzas, elixida polo Congreso Nacional, estará composta por cinco persoas, que teñen como función controlar o funcionamento administrativo e financeiro dos órganos do Sindicato Nacional; non formarán parte dos órganos da Confederación nin das organizacións confederadas. A súa composición gardará a proporción do 60/40% para cada un dos sexos.

Terá dereito a auditar calquera organización en colaboración coa Comisión de Control correspondente, así como a solicitar calquera tipo de información contable ou administrativa que considere necesaria para desenvolver o seu labor en calquera ámbito nacional.

Coordinará a súa actuación coa Comisión de Garantías se, como consecuencia dalgún procedemento aberto na organización, for precisa a actuación de ambas as dúas, preservando cada comisión o seu ámbito competencial.

Revisará os estados de contas e a súa adecuación ás normas contables no seu momento aprobadas, e controlará o funcionamento administrativo nacional.

Elaborará anualmente un informe que se presentará ao Consello Nacional e que, posteriormente, se publicará. Someterá ao Congreso Nacional correspondente o balance da súa xestión.

O regulamento da Comisión de Control Administrativo e Finanzas será aprobado polo Consello Nacional.

cedemento extraordinario de urxencia co obxectivo de reducir o máximo posible os prazos de resolución. Este procedemento de urxencia deberá ser aprobado polo Consello Confederal.

4. As resolucións da Comisión de Garantías teñen carácter definitivo e executivo e deberán ditarse no prazo máximo de dous meses.
5. A Comisión de Garantías será elixida sempre en número impar polo Congreso Nacional, e estará composta por, polo menos, cinco titulares e dous suplentes, que non poderán, pola súa vez, formar parte dos órganos do S. N. de CCOO nin das organizacións nel integradas.
6. Requirirase un tempo mínimo de catro anos de afiliación para poder formar parte da Comisión de Garantías.
7. As persoas elixidas en congreso manterán os seus cargos ata o día seguinte ao congreso.
8. No suposto de se producir unha vacante na Comisión de Garantías do S. N., cubrirase automaticamente coas persoas suplentes.
9. No caso de que a comisión de Garantías do S. N. chegase a ter menos e cinco titulares, as vacantes deberán ser cubertas ata un novo congreso mediante elección polo Consello Nacional, de acordo co establecido no artigo 10 destes Estatutos.
10. A Comisión presentará un balance da súa actuación durante ese período. O balance publicárase nos órganos de expresión do S. N.
11. A Comisión elaborará un informe anual sobre as súas actividades que presentará ao Consello Nacional e que se publicará nos órganos de expresión do S. N.
12. A Comisión de Garantías do S. N. dotarase dun regulamento para o seu funcionamento e relacións con outras Comisións de Garantías constituídas, regulamento que aprobará o Consello Nacional.
13. A Comisión de Garantías é un órgano sindical facultado para elaborar propostas e suxestións de carácter estatutario, funcional e teórico aos órganos de dirección do S. N.
14. A Comisión de Garantías non é un órgano sindical consultivo.

## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

## VI. ACCIÓN SINDICAL

**Artigo 31. Principios xerais da acción sindical do S. N. de CCOO**

A acción sindical do S. N. de CCOO acórdana os órganos de dirección nacionais. A iniciativa da acción sindical correspóndelle a cada organización no seu ámbito, que a desenvolverá de acordo coas orientacións fixadas polo Sindicato Nacional.

Deberán ser consultadas e debatidas previamente polo Consello Nacional e, a falta deste, polo Comité de Dirección Nacional do S. N. de CCOO.

- a) Aquelas propostas de acción sindical que, pola súa transcendencia e repercusión, poidan afectar o desenvolvemento do S. N. de CCOO, a súa implantación entre os traballadores e as traballadoras, ou poidan supoñer unha variación da súa política sindical.
- b) Aquelas que afecten gravemente aos servizos públicos esenciais de repercusión galega.

O S. N. de CCOO de Galicia, como membro integrante da C. S. de CCOO, pertence de seu á CES, e participa, polo tanto, no Comité Sindical Interfronteirizo con aqueloutros sindicatos que, tanto en Galicia coma en Portugal, pertencen á mesma organización internacional. As federacións do S. N. de CCOO de Galicia integraranse, ao mesmo tempo, en todas as comisións e organismos sectoriais derivados do Comité Sindical Interfronteirizo que se puidesen crear.

## VII. ÓRGANO DE PRENSA, FUNDACIÓNS E SERVIZOS TÉCNICOS

**Artigo 32. Órgano de prensa do S. N. de CCOO**

O medio de expresión e difusión do S. N. de CCOO é o *Galicia Sindical*, baixo a responsabilidade do Consello Nacional. Todos os órganos das organizacións integradas no S. N. de CCOO recibirán esta publicación. Así mesmo, o *Galicia Sindical* será lugar de debate e reflexión. Promoverase desde as súas páxinas a expresión das problemáticas sindicais e laborais e das opinións distintas que coexistan no seo do Sindicato Nacional.

**Artigo 33. As fundacións**

O S. N. de CCOO creou e poderá crear fundacións coas finalidades e obxectivos declarados na súa acta constitutiva. Estableceranse estreitos vínculos entre as fundacións e o Sindicato Nacional para poder cumprir mellor as finalidades previstas.

**Artigo 34. Servizos técnicos de asesoramento, asistencia e outros**

O S. N. de CCOO, na forma que considere oportuna, disporá dos servizos técnicos de asesoramento e asistencia, e doutros que considere necesarios de índole editorial, distribución cultural, ocio, etcétera, tanto para os traballadores e traballadoras afiliados coma para os que non o sexan. Para isto establecerá os criterios diferenciados que se consideren oportunos para un caso ou outro.

## VIII. FINANZAS E ADMINISTRACIÓN

**ARTIGO 35. Principios da actuación económica**

A actividade económica do S. N. de CCOO, das súas organizacións e daquelas en que estas se estruturan e articulan desenvolverase de acordo cos seguintes principios:

Autonomía de xestión: O S. N. de CCOO e as federacións nacionais ás que se refire o artigo 15 disporán de autonomía de xestión económica e de patrimonio no seu ámbito de actuación, dentro dos límites dos seus recursos propios e dentro dos procedementos e criterios establecidos nestes Estatutos e os acordos que, no seu desenvolvemento, establezan os órganos competentes.

Esta autonomía implica:

— A capacidade para aprobar os seus orzamentos, que incluírán os das organizacións en que se estructure e articule.

— A xestión e disposición dos bens e dereitos de que sexa titular e o cumprimento das obrigas contidas nos presentes Estatutos e nas súas normas de desenvolvemento.

— Xestión orzamentaria: O orzamento das distintas organizacións que integran o S. N. de CCOO constitúe o instrumento básico para o desenvolvemento da súa xestión económica.

## VI. ACCIÓN SINDICAL

**Artigo 35. Principios xerais da acción sindical do S. N. de CCOO**

A acción sindical do S. N. de CCOO acórdana os órganos de dirección nacionais. A iniciativa da acción sindical correspóndelle a cada organización no seu ámbito, que a desenvolverá de acordo coas orientacións fixadas polo Sindicato Nacional.

Deberán ser consultadas e debatidas previamente polo Consello Nacional e, a falta deste, polo Comité de Dirección Nacional do S. N. de CCOO.

- a) Aquelas propostas de acción sindical que, pola súa transcendencia e repercusión, poidan afectar o desenvolvemento do S. N. de CCOO, a súa implantación entre os traballadores e as traballadoras, ou poidan supoñer unha variación da súa política sindical.
- b) Aquelas que afecten gravemente aos servizos públicos esenciais de repercusión galega.

O S. N. de CCOO de Galicia, como membro integrante da C. S. de CCOO, pertence de seu á CES, e participa, polo tanto, no Comité Sindical Interfronteirizo con aqueloutros sindicatos que, tanto en Galicia coma en Portugal, pertencen á mesma organización internacional. As federacións do S. N. de CCOO de Galicia integraranse, ao mesmo tempo, en todas as comisións e organismos sectoriais derivados do Comité Sindical Interfronteirizo que se puidesen crear.

## VII. ÓRGANO DE PRENSA, FUNDACIÓNS E SERVIZOS TÉCNICOS

**Artigo 36. Órgano de prensa do S. N. de CCOO**

O medio de expresión e difusión do S. N. de CCOO é o *Galicia Sindical*, baixo a responsabilidade do Consello Nacional. Todos os órganos das organizacións integradas no S. N. de CCOO recibirán esta publicación. Así mesmo, o *Galicia Sindical* será lugar de debate e reflexión. Promoverase desde as súas páxinas a expresión das problemáticas sindicais e laborais e das opinións distintas que coexistan no seo do Sindicato Nacional.

**Artigo 37. As fundacións do Sindicato Nacional**

O S. N. de CCOO creou e poderá crear fundacións coas finalidades e obxectivos declarados na súa acta constitutiva. Estableceranse estreitos vínculos entre as fundacións e o Sindicato Nacional para poder cumprir mellor as finalidades previstas.

**Artigo 38. Servizos técnicos de asesoramento, asistencia e outros**

O S. N. de CCOO, na forma que considere oportuna, disporá dos servizos técnicos de asesoramento e asistencia, e doutros que considere necesarios de índole editorial, distribución cultural, ocio, etcétera, tanto para os traballadores e traballadoras afiliados coma para os que non o sexan. Para isto establecerá os criterios diferenciados que se consideren oportunos para un caso ou outro.

## VIII. FINANZAS E ADMINISTRACIÓN

**ARTIGO 39. Principios da actuación económica**

A actividade económica do S. N. de CCOO, das súas organizacións e daquelas en que estas se estruturan e articulan desenvolverase de acordo cos seguintes principios:

Autonomía de xestión: O S. N. de CCOO e as federacións nacionais ás que se refire o artigo 15 disporán de autonomía de xestión económica e de patrimonio no seu ámbito de actuación, dentro dos límites dos seus recursos propios e dentro dos procedementos e criterios establecidos nestes Estatutos e os acordos que, no seu desenvolvemento, establezan os órganos competentes.

Esta autonomía implica:

— A capacidade para aprobar os seus orzamentos. Presentaranse orzamentos e contas anuais consolidadas de todas as estruturas que integran o S. N.

— A xestión e disposición dos bens e dereitos de que sexa titular e o cumprimento das obrigas contidas nos presentes Estatutos e nas súas normas de desenvolvemento.

— Xestión orzamentaria: O orzamento das distintas organizacións que integran o S. N. de CCOO constitúe o instrumento básico para o desenvolvemento da súa xestión económica.



## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

Anualmente, o Comité de Dirección Nacional do S. N. de CCOO e o órgano de dirección correspondente de cada unha das organizacións do S. N. presentarán ao seu Consello un orzamento que integre as previsións de ingresos e gastos para o desenvolvemento da súa actividade e das estruturas que as integren, así como as súas contas anuais coa aplicación dos resultados do exercicio. O Comité de Dirección Nacional presentará, conxuntamente co orzamento da Comisión Executiva Nacional, as súas contas anuais, a consolidación destes instrumentos cos das distintas organizacións do S. N.

Xestión non lucrativa: Os eventuais beneficios da actividade económica desenvolvida reverterán obrigatoriamente na mellora das actividades, servizos sindicais e situación patrimonial da organización, sen que, en ningún caso, poidan destinarse aqueles á repartición de beneficios en ningunha das súas formas.

As retribucións percibidas, de ser o caso, por integrantes dos órganos de dirección e cargos de representación terán a consideración de salario pola prestación de servizos profesionais por conta allea, ou a de compensación de gastos, suxeita ao réxime de incompatibilidades establecido nos presentes Estatutos.

Información e transparencia: O S. N. de CCOO e as súas organizacións están obrigadas ao cumprimento das obrigas contidas no presente capítulo e a:

Informar periodicamente e dar a máxima difusión aos seus orzamentos e contas anuais, polo menos nos seus elementos básicos, a través dos seus órganos de difusión.

Dispor de:

1. Un rexistro de contabilidade onde figuren os seus estados de ingresos-gastos e o seu balance xeral.
2. Un rexistro de afiliados e afiliadas.
3. Un rexistro de delegados, delegadas e persoal sindical.
4. Un rexistro de apoderamentos.

O Consello Nacional aprobará un regulamento que regule o acceso dos afiliados e as afiliadas á información económica e financeira, o estado das súas contas e a orixe dos recursos do sindicato, así como a utilización dos ficheiros das persoas afiliadas e delegadas nos termos establecidos no artigo 9 h destes Estatutos.

Toda empresa, entidade ou organismo que realice traballos para calquera estrutura do S. N. de CCOO deberá cumprir a normativa laboral e os convenios colectivos correspondentes, en especial no referente aos dereitos sindicais.

### Artigo 36. Patrimonio e financiamento do S. N. de CCOO e das súas organizacións

Os recursos e bens propios do S. N. de CCOO e das súas organizacións están integrados por:

1. A parte proporcional das cotas da afiliación que se lles aplique. O seu importe, periodicidade e formas de aboamento determinaráas o Consello Confederal.
2. As doazóns e legados a favor destas polo capital que acumulen ao longo da súa xestión.
3. As subvencións que poidan serlles concedidas, así como os ingresos procedentes de acordos sindicais, incluídos os non monetarios derivados das leis e convenios en vigor. Os ingresos ou compensacións de gastos por representación sindical en institucións públicas ou organizacións privadas, aínda cando aquela se exerza mediante representación nominal delegada.
4. Os bens e valores de que sexan titulares e as súas rendas.
5. Calquera outro recurso obtido consonte as disposicións legais e preceptos estatutarios.
6. Todos os bens mobles e inmobles adquiridos, doados ou legados ao S. N. de CCOO ou a cada unha das organizacións federadas.

Para a xestión dos servizos e actividades establecidos nestes Estatutos, poderá solicitar e obter subvencións finalistas das Administracións públicas. A aceptación de ingresos e a súa formalización corresponden exclusivamente ao S. N. de CCOO e a cada unha das súas organizacións.

Anualmente, a Comisión Executiva do S. N. de CCOO e mais das súas organizacións presentarán ao Consello correspondente un orzamento que integre as previsións dos ingresos e os gastos para o desenvolvemento da súa actividade e das demais organizacións en que estas se estruturan amais das súas contas anuais. A Comisión Executiva Nacional presentará

— Xestión non lucrativa. Os eventuais resultados económicos positivos da actividade desenvolvida polas organizacións referidas no artigo 17.1 reinvestiranse de forma obrigatoria na mellora das actividades, servizos sindicais e situación patrimonial de cada unha das organizacións que integran o S. N., sen que en ningún caso poidan destinarse á repartición de beneficios en ningunha das súas formas.

As retribucións percibidas, se for o caso, por integrantes dos órganos de dirección de cargos de representación, serano en concepto de vínculo asociativo sindical de carácter voluntario non laboral e adscrito temporalmente ao réxime de incompatibilidades establecido nestes Estatutos.

— Información e transparencia. O S. N. de CCOO de Galicia e as súas organizacións integradas están obrigadas ao cumprimento das obrigas contidas neste capítulo.

— Facer pública, mediante a páxina web ou calquera outro sistema, a información económica e financeira, o estado das súas contas e a orixe dos recursos do conxunto de organizacións do S. N.

— Dispoñer de:

- o Un rexistro de contabilidade onde figuren os seus estado de ingresos-gastos e o seu balance xeral.
- o Un rexistro de afiliados e afiliadas.
- o Un rexistro de delegados e delegadas e persoal sindical.
- o Un rexistro de apoderamentos.

— Toda empresa, entidade ou organismo que realice traballos para calquera estrutura do S. N. de CCOO deberá cumprir a normativa laboral e fiscal, así como os convenios colectivos correspondentes, especialmente o referente aos dereitos sindicais.

### Artigo 40. Patrimonio e financiamento do S. N. de CCOO e das súas organizacións

Os recursos e bens propios do S. N. de CCOO e de cada unha das súas organizacións están integrados por:

1. A parte proporcional das cotas das persoas afiliadas que lles resulte de aplicación. O seu importe, periodicidade e formas de aboamento determinaráas o Consello Confederal.
2. Os ingresos «extra cotas» taxados no Regulamento que recolle este tipo de recursos. Entre eles, os ingresos ou compensacións de gastos por representación sindical en institucións públicas ou organizacións privadas, aínda cando aquela se exerza mediante representación nominal delegada.
3. As doazóns e legados a favor da organización polo capital que acumule ao longo da súa xestión.
4. As subvencións que poidan serlle concedidas así como os ingresos procedentes de acordos sindicais, incluídos os non pecuniarios derivados das leis e convenios en vigor. Os bens e valores de que sexan titulares e as súas rendas.
5. Calquera outros recursos obtidos de conformidade coas disposicións legais e preceptos estatutarios.
6. Todos os bens mobles e inmobles adquiridos, doados ou legados ao S. N. ou a cada unha das organizacións que a integran. Para a xestión dos servizos e actividades establecidos nestes estatutos, poderá solicitar e obter subvencións finalistas das Administracións públicas.
7. O patrimonio documental.

A admisión de recursos e a súa formalización corresponden exclusivamente ao S. N. e a cada unha das súas organizacións. Só mediante delegación expresa poderá autorizarse esta capacidade ás organizacións en que estas últimas se estruturan.

## Estatutos 10.º Congreso

diante do Consello Nacional, conxuntamente co seu orzamento e as súas contas anuais, a consolidación destes instrumentos cos das distintas organizacións.

O S. N. de CCOO e as súas organizacións, referidas no artigo 15, poderán establecer nos correspondentes orzamentos fondos patrimoniais dirixidos a asegurar o desenvolvemento e consolidación organizativa ou á mellora e potenciación dos servizos básicos. O funcionamento destes fondos estará suxeito ao regulamento que acorde o órgano competente.

7. O patrimonio histórico documental: A propiedade dos fondos documentais de todo tipo (escritos, sonoros, gráficos, fotográficos, adhesivos e tamén os editados nos diversos soportes informáticos) que xera a organización nos seus diferentes niveis (seccións sindicais, unións, federacións, gabinetes técnicos, Executiva do Sindicato Nacional e fundacións, e calquera organización creada polo S. N.) pertence ao Sindicato Nacional e deben ser remitidos automaticamente aos cinco anos da súa emisión á Fundación 10 de Marzo, por ser a institución creada polo Sindicato Nacional para a conservación, custodia, utilización e difusión do seu patrimonio histórico-documental.

### Artigo 37. Ordenamento da xestión económica

O Consello Nacional, para ordenar a súa xestión económica e a das súas organizacións, aprobará:

1. Un plan de contas e un manual de procedementos de xestión, de aplicación obrigatoria no conxunto das organizacións que integran o S. N. de CCOO.
2. Os criterios anuais de xestión e orzamento, segundo a diferente natureza dos ingresos e gastos.
3. O orzamento e as contas anuais e as consolidadas coas súas organizacións.
4. O regulamento e o informe de xestión dos fondos patrimoniais existentes.
5. O regulamento do persoal ao servizo do S. N. de CCOO e das súas organizacións.
6. As liñas xerais da política de recursos humanos.
7. Os proxectos de iniciativa económica do S. N. de CCOO e das súas organizacións.

8. Cantas normas básicas resulten necesarias para ordenar a actividade sen afectar a autonomía de xestión das organizacións.

### Artigo 38. Obrigas das organizacións integradas no S. N. de CCOO

Aquelas organizacións que non teñan actualizados os seus pagamentos, segundo os prazos establecidos polo Consello Nacional, non poderán exercer o dereito de voto naquel mentres non regularicen a situación.

Todas as organizacións elaborarán anualmente os balances e orzamentos de gastos e ingresos, que deberán ser remitidos aos órganos de rama e territorios inmediatamente superiores. A través dos mecanismos establecidos no Comité de Dirección Nacional, poderanse realizar as auditorías oportunas no conxunto das organizacións do S. N. de CCOO.

O incumprimento inxustificable destas obrigas dará lugar á adopción de medidas disciplinarias.

O S. N. de CCOO procurará as medidas necesarias para garantir a redistribución dos recursos económicos entre os diversos órganos que a integran, cos criterios de solidariedade e corrección dos desequilibrios financeiros que, derivados das condicións obxectivas, poidan poñer en perigo a presenza en CCOO de federacións de rama ou unións comarcais ou intercomarcais que non poidan autofinanciarse.

### Artigo 39. Persoal ao servizo do S. N. de CCOO

As funcións daquelas persoas que manteñan unha relación laboral, non suxeita a un mandato congresual, co S. N. de CCOO defíniranse e clasifícaranse a través do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do S. N. de CCOO de Galicia.

Así mesmo, quen se dedique preponderantemente a tarefas sindicais non su-

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

### Artigo 41. Balance e orzamento do S. N. de CCOO de Galicia

Anualmente, a Comisión Executiva do S. N. de CCOO e mais das súas organizacións presentarán ao Consello correspondente un orzamento que integre as previsións dos ingresos e os gastos para o desenvolvemento da súa actividade e das demais organizacións en que estas se estruturan amais das súas contas anuais. A Comisión Executiva Nacional presentará diante do Consello Nacional, conxuntamente co seu orzamento e as súas contas anuais, a consolidación destes instrumentos cos das distintas organizacións.

O S. N. de CCOO e as organizacións que a integran, referidas no artigo 17.1, poderán establecer nos correspondentes orzamentos anuais fondos patrimoniais dirixidos a asegurar o desenvolvemento e consolidación organizativa ou a mellora e potenciación dos servizos básicos. O funcionamento do ditos fondos estará suxeito ao regulamento que acorde o organismo correspondente, e será publicado para xeral coñecemento dos seus afiliados e afiliadas.

### Artigo 42. Ordenamento da xestión económica

O Consello Nacional, para ordenar a súa xestión económica e a das súas organizacións, aprobará:

1. Un plan de contas e un manual de procedementos de xestión, de aplicación obrigatoria no conxunto das organizacións que integran o S. N. de CCOO.
2. Os criterios anuais de xestión e orzamento, segundo a diferente natureza dos ingresos e gastos.
3. O orzamento e as contas anuais do S. N. de CCOO de Galicia.
4. O regulamento marco dos fondos patrimoniais de todas as organizacións e os de xestión dos fondos patrimoniais existentes.
5. O regulamento do persoal ao servizo do S. N. de CCOO e das súas organizacións.
6. As liñas xerais da política de recursos humanos.
7. Os proxectos de iniciativa económica do S. N. e das súas organizacións.
8. A norma de gastos e ingresos de servizos comúns, de aplicación a todas as estruturas de rama e territorio.
9. Cantas normas básicas resulten necesarias para ordenar a actividade sen afectar a autonomía de xestión das organizacións.

### Artigo 43. Obrigas das organizacións integradas no S. N. de CCOO

Aquelas organizacións que non teñan actualizados os seus pagamentos, segundo os prazos establecidos polo Consello Nacional, non poderán exercer o dereito de voto naquel mentres non regularicen a situación.

Todas as organizacións elaborarán anualmente os balances e orzamentos de gastos e ingresos, que deberán ser remitidos aos órganos de rama e territorios inmediatamente superiores. A través dos mecanismos establecidos no Comité de Dirección Nacional, poderanse realizar as auditorías que se estimen oportunas no conxunto das organizacións do S. N. de CCOO.

O incumprimento inxustificable destas obrigas dará lugar á adopción das medidas disciplinarias contidas nestes estatutos e no seu desenvolvemento regulamentario.

O S. N. de CCOO procurará as medidas necesarias para garantir a redistribución dos recursos económicos entre as diversas organizacións que a integran, cos criterios de solidariedade e corrección dos desequilibrios financeiros que, derivados das condicións obxectivas, poidan poñer en perigo a presenza de federacións de rama ou unións comarcais ou intercomarcais de CCOO en determinados sectores ou territorios por non ter capacidade económica de autofinanciarse.

### Artigo 44. Persoal con vínculo laboral do S. N. de CCOO de Galicia

Aquelas persoas suxeitas a relación laboral por conta allea e para a realización exclusiva en tarefas non sindicais que prestan os seus servizos no S. N. de CCOO de Galicia, defíniranse e clasifícaranse de acordo ao convenio colectivo que lles sexa de aplicación.

## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

xeitas a un control de horario fixo e, polo tanto, con flexibilidade no tempo de dedicación e na dispoñibilidade, e que desempeñe, entre outras actividades, as que a continuación se enumeran non terá unha relación laboral coa organización sindical que as retribúa, compense e as dea de alta no réxime xeral da seguridade social, senón que manterá unha relación de mandato ou de asociación sindical, e non laboral, de conformidade co establecido na Lei 37/2006 que declara excluídos a responsables sindicais na acción protectora do réxime xeral da seguridade social.

Segundo o establecido no estatuto dos sindicalistas de CCOO, estas persoas non incluídas na relación laboral co Sindicato, senón que manteñen unha relación de mandato congresual, son as que se dedican preponderantemente a tarefas tipicamente sindicais de atención a afiliados e afiliadas, visitas a empresas, realización de eleccións sindicais, participación en negociacións colectivas, participación institucional, participación en ERE, elaboración de plataformas reivindicativas, entre outras, aínda cando non sexan parte de executivas ou órganos de dirección regulares de CCOO.

## IX. DISOLUCIÓN DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

**Artigo 40. Disolución do S. N. de CCOO**

Por acordo de 4/5 dos votos das persoas afiliadas ao S. N., este poderá disolverse. As formas de disolución establécense mediante un congreso extraordinario convocado exclusivamente para tal fin.

**Artigo 41. Disposición do desenvolvemento do proceso congresual**

Para os efectos de aplicación do artigo, non se considerará dimisión cando unha ou varias persoas do órgano colexiado teñan que abandonalo por ser elixidas para desempeñar cargos noutro órgano de dirección superior en calquera das estruturas de rama e territorio do Sindicato Nacional ou Confederación, se esta se produce dentro dos prazos establecidos nas normas congresuais para o desenvolvemento dos congresos.

Para estes efectos, as novas incorporacións ao órgano para cubrir estas dimisións terán o mesmo tratamento que os elixidos directamente no congreso correspondente.

**ANEXO AOS ESTATUTOS DO S. N. DE CCOO APROBADOS****NO 10.º CONGRESO NACIONAL**

En relación co artigo 27, apartado *b* dos Estatutos, o secretario ou secretaria xeral terá as seguintes facultades:

Tomar parte en concursos e poxas, facer propostas e aceptar adxudicacións; aceptar, con ou sen beneficio do inventario; repudiar e manifestar herdanzas e liquidacións de sociedades; entregar e recibir legados; aceptar, liquidar e extinguir fideicomisos; pagar, cobrar, fixar, garantir e depositar lexítimas e cancelar ou renunciar ás súas garantías legais; facer ou captar doazóns. Dividir bens comúns; exercer o comercio; outorgar contratos de todo tipo, incluídos de traballo, de transporte e de arrendamentos; retirar e remitir xéneros, envíos e xiros; retirar e levar correspondencia de calquera clase.

Constituír, disolver, extinguir, modificar e xestionar fundacións e sociedades de todo tipo, incluídas laborais, civís e mercantís, contén ou non con participación pública; nomear, aceptar e desempeñar cargos nelas e intervir nos seus consellos de administración e xuntas xerais.

Operar con bancos, caixas de aforro e demais organismos e entidades bancarias de todo tipo, sexan públicas ou privadas, nacionais, europeas ou internacionais, incluso co Banco de España, o Banco Central Europeo e o Fondo Monetario Internacional, e as súas sucursais, e facer todo canto a lexislación e as prácticas bancarias lle permitan. Abrir, seguir e cancelar contas e contas de aforro, contas correntes e de crédito, e constituír e solicitar avais bancarios, fon-

A selección de persoas efectuarase con criterios de igualdade, obxectividade, publicidade e transparencia.

As organizacións promoverán unha política activa de integración no seu persoal laboral de persoas con discapacidade.

**Artigo 44. Persoal con vínculo asociativo sindical de carácter non laboral do S. N. de CCOO de Galicia**

As persoas afiliadas que se dediquen a tarefas sindicais, por seren cargos electos ou por seren nomeadas adxuntas e de confianza aos cargos electos ou ás executivas (persoal sindicalista), non suxeitas a un control horario fixo e, polo tanto, con flexibilidade no tempo de dedicación e na dispoñibilidade, e desempeñen as tarefas propias da actividade sindical, non terán relación laboral coa organización sindical que as retribúa ou compense, sendo a súa relación de carácter voluntario.

Se teñen retribución, pola súa dedicación a tempo completo ou parcial, serán dadas de alta nos Códigos de Conta de Cotización abertos para sindicalistas no réxime xeral da seguridade social, de conformidade co establecido na Lei 37/2006, procedéndose a un nomeamento sindical para o período que se determine nos Estatutos. As súas retribucións serán conforme ao que se determine no órgano correspondente (Congreso, Consello ou Comisión Executiva). Cando as persoas sindicalistas cesen nos seus cargos ou postos de responsabilidade (polas causa establecidas estatutariamente), non terán dereito a indemnización.

## IX. DISOLUCIÓN DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

**Artigo 46. Disolución do S. N. de CCOO**

Por acordo de catro quintas partes dos votos dun congreso extraordinario convocado exclusivamente para estes efectos, poderase proceder á disolución do S. N. de CCOO de Galicia. A forma de disolución do patrimonio do S. N. establecerase no acordo que motive a disolución.

O patrimonio, bens mobles ou inmobles e recursos en xeral quedarán integrados no patrimonio da C. S. de CCOO.

**ANEXO AOS ESTATUTOS DO S. N. DE CCOO APROBADOS****NO 10.º CONGRESO NACIONAL**

En relación co artigo 31, apartado *b* dos Estatutos, o secretario ou secretaria xeral terá as seguintes facultades:

Tomar parte en concursos e poxas, facer propostas e aceptar adxudicacións; aceptar, con ou sen beneficio do inventario; repudiar e manifestar herdanzas e liquidacións de sociedades; entregar e recibir legados; aceptar, liquidar e extinguir fideicomisos; pagar, cobrar, fixar, garantir e depositar lexítimas e cancelar ou renunciar ás súas garantías legais; facer ou captar doazóns. Dividir bens comúns; exercer o comercio; outorgar contratos de todo tipo, incluídos de traballo, de transporte e de arrendamentos; retirar e remitir xéneros, envíos e xiros; retirar e levar correspondencia de calquera clase.

Constituír, disolver, extinguir, modificar e xestionar fundacións e sociedades de todo tipo, incluídas laborais, civís e mercantís, contén ou non con participación pública; nomear, aceptar e desempeñar cargos nelas e intervir nos seus consellos de administración e xuntas xerais.

Operar con bancos, caixas de aforro e demais organismos e entidades bancarias de todo tipo, sexan públicas ou privadas, nacionais, europeas ou internacionais, incluso co Banco de España, o Banco Central Europeo e o Fondo Monetario Internacional, e as súas sucursais, e facer todo canto a lexislación e as prácticas bancarias lle permitan. Abrir, seguir e cancelar contas e contas de aforro, contas correntes e de crédito, e constituír e solicitar avais bancarios, fon-



## Estatutos 10.º Congreso

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

dos de investimento e de caixas de seguridade. Librar, aceptar, avalar, endosar, cobrar, intervir e negociar letras de cambio e outros efectos. Comprar, vender, trocar ou peñar valores e cobrar os seus xuros, dividendos e amortizacións, concretar pólizas de crédito, xa sexan persoais ou con peñoramento de valores, con entidades bancarias e sucursais, asinando os oportunos documentos. Modificar, transferir, cancelar, retirar e constituír depósitos de efectivos ou valores, provisionais ou definitivos.

Afianzar operacións mercantís, singularmente os créditos que calquera entidade financeira, banco ou caixa de aforro concedan ao S. N. de CCOO, ou ás sociedades, empresas e fundacións con capital en que participe o S. N. de CCOO e as organizacións relacionadas nestes Estatutos, así como solicitar e obter calquera información relacionada coas contas, movementos bancarios e relacións coas entidades financeiras, das sociedades, empresas, fundacións con participación do S. N. de CCOO e do propio Sindicato Nacional mais das súas organizacións.

Crear, xestionar, extinguir, liquidar e efectuar todo tipo de operacións que permita a lexislación en relación con plans e fondos de pensións, estean ou non constituídos con participación de CCOO ou as súas organizacións, empresas e fundacións.

Instar e outorgar actas notariais de todas as clases; promover e seguir expediente de dominio e liberación de cargas; solicitar asentos en rexistros públicos, incluídos mercantís, de publicidade e da propiedade; facer, aceptar e contestar notificacións e requirimentos notariais e outorgar poderes. Comparecer diante do Consello Económico e Social, Valedor do Pobo, Defensor do Menor e centros e organismos do Estado, comunidades autónomas, provinciais, municipais ou locais, supranacionais e internacionais, xuíces, tribunais, fiscalías, sindicatos, organizacións empresariais, delegacións, comités, xuntas, xurados e comisións, e neles instar, seguir e terminar como demandante, demandado, executante, terceiro, executado ou calquera outro concepto, toda clase de expedientes, xuízos ou procedementos civís, penais, administrativos, contencioso administrativos, laborais e eclesiásticos, de todos os graos, xurisdicións e instancias, trasladando pedimentos e exercendo accións legais e excepcións en calquera procedemento, trámite e recurso; prestar canto se requira para a ratificación e absolver posicións.

Administrar nos máis amplos termos bens mobles e inmobles, facer declaracións de edificación e planificación/deslindes, marcaxes, agrupacións e segregacións. Recoñecer débedas e aceptar créditos, facer e recibir préstamos, pagar e cobrar cantidades, facer efectivos libramentos; dar ou aceptar bens en ou para pagamento; outorgar transaccións, compromisos, renunciacións; avalar e afianzar. Comprar, vender, retraer, permutar pura ou condicionalmente, con prezo confesado, aprazado ou pagado ao contado, toda clase de bens inmobles ou mobles, dereitos reais e persoais.

Constituír, aceptar, dividir, allear, gravar, redimir e extinguir usufrutos, servidumes, censos, arrendamentos inscribibles e ademais dereitos reais, exercitando todas as facultades derivadas destes, entre elas cobrar pensións e laudemios, asinar por dominio, autorizar traspasos e cobrar a participación legal destes. Constituír, aceptar, modificar, adquirir, allear, pospoñer e cancelar, total ou parcialmente, antes ou despois do seu vencemento, cumprírase ou non a obriga asegurada, hipotecas, peñores, anticreses, prohibicións, condicións e toda clase de limitacións ou garantías. Contratar activa ou pasivamente rendas, pensións ou prestacións periódicas, temporais ou vitalicias e o seu aseguramento real.

Solicitar, instar, reclamar e percibir axudas, subvencións e calquera outras cantidades que por calquera concepto ou título correspondan, ven sexa directamente ou a través de entidades bancarias e de crédito; asinando para tales fins os recibos, cheques, tickets e demais documentos que se lle poidan esixir para ese efecto.

Comparecer diante dos organismos da Administración de Traballo, de calquera ámbito territorial que for, servizos de mediación, arbitraje e conciliación e de solución de conflitos, Dirección Xeral de Traballo, delegacións e subdelegacións do Goberno, xulgados, tribunais superiores de xustiza, Audiencia Nacional, Tribunal Supremo, Tribunal Constitucional, Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e neles instar, seguir e terminar como demandante, como demandado, executante, terceiro, executado ou en calquera outro concepto, todo tipo de expedientes, xuízos, trámites e procedementos, recursos e execucións; facer canto for mester para ratificarse e absolver posicións. Instar, seguir, tramitar e terminar, en calquera ámbito que for, conve-

dos de investimento e de caixas de seguridade. Librar, aceptar, avalar, endosar, cobrar, intervir e negociar letras de cambio e outros efectos. Comprar, vender, trocar ou peñar valores e cobrar os seus xuros, dividendos e amortizacións, concretar pólizas de crédito, xa sexan persoais ou con peñoramento de valores, con entidades bancarias e sucursais, asinando os oportunos documentos. Modificar, transferir, cancelar, retirar e constituír depósitos de efectivos ou valores, provisionais ou definitivos.

Afianzar operacións mercantís, singularmente os créditos que calquera entidade financeira, banco ou caixa de aforro concedan ao S. N. de CCOO, ou ás sociedades, empresas e fundacións con capital en que participe o S. N. de CCOO e as organizacións relacionadas nestes Estatutos, así como solicitar e obter calquera información relacionada coas contas, movementos bancarios e relacións coas entidades financeiras, das sociedades, empresas, fundacións con participación do S. N. de CCOO e do propio Sindicato Nacional mais das súas organizacións.

Crear, xestionar, extinguir, liquidar e efectuar todo tipo de operacións que permita a lexislación en relación con plans e fondos de pensións, estean ou non constituídos con participación de CCOO ou as súas organizacións, empresas e fundacións.

Instar e outorgar actas notariais de todas as clases; promover e seguir expediente de dominio e liberación de cargas; solicitar asentos en rexistros públicos, incluídos mercantís, de publicidade e da propiedade; facer, aceptar e contestar notificacións e requirimentos notariais e outorgar poderes. Comparecer diante do Consello Económico e Social, Valedor do Pobo, Defensor do Menor e centros e organismos do Estado, comunidades autónomas, provinciais, municipais ou locais, supranacionais e internacionais, xuíces, tribunais, fiscalías, sindicatos, organizacións empresariais, delegacións, comités, xuntas, xurados e comisións, e neles instar, seguir e terminar como demandante, demandado, executante, terceiro, executado ou calquera outro concepto, toda clase de expedientes, xuízos ou procedementos civís, penais, administrativos, contencioso administrativos, laborais e eclesiásticos, de todos os graos, xurisdicións e instancias, trasladando pedimentos e exercendo accións legais e excepcións en calquera procedemento, trámite e recurso; prestar canto se requira para a ratificación e absolver posicións.

Administrar nos máis amplos termos bens mobles e inmobles, facer declaracións de edificación e planificación/deslindes, marcaxes, agrupacións e segregacións. Recoñecer débedas e aceptar créditos, facer e recibir préstamos, pagar e cobrar cantidades, facer efectivos libramentos; dar ou aceptar bens en ou para pagamento; outorgar transaccións, compromisos, renunciacións; avalar e afianzar. Comprar, vender, retraer, permutar pura ou condicionalmente, con prezo confesado, aprazado ou pagado ao contado, toda clase de bens inmobles ou mobles, dereitos reais e persoais.

Constituír, aceptar, dividir, allear, gravar, redimir e extinguir usufrutos, servidumes, censos, arrendamentos inscribibles e ademais dereitos reais, exercitando todas as facultades derivadas destes, entre elas cobrar pensións e laudemios, asinar por dominio, autorizar traspasos e cobrar a participación legal destes. Constituír, aceptar, modificar, adquirir, allear, pospoñer e cancelar, total ou parcialmente, antes ou despois do seu vencemento, cumprírase ou non a obriga asegurada, hipotecas, peñores, anticreses, prohibicións, condicións e toda clase de limitacións ou garantías. Contratar activa ou pasivamente rendas, pensións ou prestacións periódicas, temporais ou vitalicias e o seu aseguramento real.

Solicitar, instar, reclamar e percibir axudas, subvencións e calquera outras cantidades que por calquera concepto ou título correspondan, ven sexa directamente ou a través de entidades bancarias e de crédito; asinando para tales fins os recibos, cheques, tickets e demais documentos que se lle poidan esixir para ese efecto.

Comparecer diante dos organismos da Administración de Traballo, de calquera ámbito territorial que for, servizos de mediación, arbitraje e conciliación e de solución de conflitos, Dirección Xeral de Traballo, delegacións e subdelegacións do Goberno, xulgados, tribunais superiores de xustiza, Audiencia Nacional, Tribunal Supremo, Tribunal Constitucional, Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e neles instar, seguir e terminar como demandante, como demandado, executante, terceiro, executado ou en calquera outro concepto, todo tipo de expedientes, xuízos, trámites e procedementos, recursos e execucións; facer canto for mester para ratificarse e absolver posicións. Instar, seguir, tramitar e terminar, en calquera ámbito que for, conve-

## Estatutos 10.º Congreso

nios colectivos, conflitos colectivos, folgas e calquera outra medida de conflito colectivo, denuncias, elevar peticións, exercer accións e excepcións e recursos.

Comparecer, participar e efectuar calquera trámite pertinente en calquera procedemento ou expediente relacionado coa materia social, económica ou sociopolítica, co exercicio dos dereitos de manifestación e reunión, folga e conflito colectivo, regulacións de emprego, despedimentos e extincións individuais, plurais e colectivas, reconversións sectoriais ou territoriais, eleccións sindicais, incluídas de delegados e delegadas de persoal, comités de empresa e xuntas de persoal, diante das empresas, as súas organizacións, a Administración pública e os institutos ou organismos dependentes dos ministerios, incluídos o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, o Ministerio de Economía e Competitividade, o Ministerio Facenda e Administracións Públicas e Ministerio de Educación, Cultura e Deporte así como nos da Unión Europea, Organización Internacional do Traballo, comunidades autónomas ou de calquera outro ámbito territorial inferior.

Facer públicos e certificar ante calquera organismo, Administración pública ou entidade privada os acordos aprobados polos órganos de dirección do Sindicato.

Así mesmo, está expresamente facultado para, sexa a favor de terceiras persoas ou sexa a favor de organizacións do S. N. de CCOO, instar e facer apoderamentos, e efectuar substitucións e delegacións, totais ou parciais, das facultades anteriores e de calquera outra que estea atribuída ao secretario ou secretaria xeral nestes Estatutos.

Corresponderalle á Secretaría Xeral ou indistintamente á Comisión Executiva da organización sindical correspondente, a facultade de adoptar as decisións consistentes no exercicio de accións xudiciais ou administrativas de todo tipo para a impugnación de disposicións legais e actos, de xeito que, adoptada a decisión, trasladarase esta aos e ás representantes procesuais, procuradores e procuradoras e avogados e avogadas, para que exerciten esta acción de impugnación.

## Proxecto Estatutos 11.º Congreso

nios colectivos, conflitos colectivos, folgas e calquera outra medida de conflito colectivo, denuncias, elevar peticións, exercer accións e excepcións e recursos.

Comparecer, participar e efectuar calquera trámite pertinente en calquera procedemento ou expediente relacionado coa materia social, económica ou sociopolítica, co exercicio dos dereitos de manifestación e reunión, folga e conflito colectivo, regulacións de emprego, despedimentos e extincións individuais, plurais e colectivas, reconversións sectoriais ou territoriais, eleccións sindicais, incluídas de delegados e delegadas de persoal, comités de empresa e xuntas de persoal, diante das empresas, as súas organizacións, a Administración pública e os institutos ou organismos dependentes dos ministerios, incluídos o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, o Ministerio de Economía e Competitividade, o Ministerio Facenda e Administracións Públicas e Ministerio de Educación, Cultura e Deporte así como nos da Unión Europea, Organización Internacional do Traballo, comunidades autónomas ou de calquera outro ámbito territorial inferior.

Facer públicos e certificar ante calquera organismo, Administración pública ou entidade privada os acordos aprobados polos órganos de dirección do Sindicato.

Así mesmo, está expresamente facultado para, sexa a favor de terceiras persoas ou sexa a favor de organizacións do S. N. de CCOO, instar e facer apoderamentos, e efectuar substitucións e delegacións, totais ou parciais, das facultades anteriores e de calquera outra que estea atribuída ao secretario ou secretaria xeral nestes Estatutos.

Corresponderalle á Secretaría Xeral ou indistintamente á Comisión Executiva da organización sindical correspondente, a facultade de adoptar as decisións consistentes no exercicio de accións xudiciais ou administrativas de todo tipo para a impugnación de disposicións legais e actos **administrativos**, de xeito que, adoptada a decisión, trasladarase esta aos e ás representantes procesuais, procuradores e procuradoras e avogados e avogadas, para que exerciten esta acción de impugnación.



# Seguimento do proceso congresual



Páxina web: [www.ccoo.gal](http://www.ccoo.gal)



Redes sociais:

[facebook.com/ccoodegalicia](https://facebook.com/ccoodegalicia)

[twitter.com/ccoogalicia](https://twitter.com/ccoogalicia)

[telegram.me/ccoogalicia](https://telegram.me/ccoogalicia)



